

Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo

galicia

ÍNDICE

1. Resumo executivo do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022 - 2027	3
Resumo executivo do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027	4
2. Análise dos Camiños de Santiago	10
2.1. Balance do período 2015-2021	11
2.2. Análise lexislativa	16
2.3. Análise sociodemográfica e económica	24
2.4. Delimitación das rutas	33
2.5. Atención e aloxamento ao peregrino/a	35
2.6. Actuacións nos camiños	54
2.7. Análise medio e contorna dos Camiños	62
2.8. Análise da experiencia do peregrino	71
2.9. Análise patrimonio público dos Camiños	74
2.10. Patrimonio cultural material e inmaterial ligado aos Camiños	78
2.11. Identificación de axentes implicados	93
2.12. Características e perfil do/a peregrino/a	112
2.13. Produtos similares ao Camiño de Santiago	131
2.14. Análise do futuro do sector turístico	139
2.15. Análise e aliñamento co Plan España Puede e o Plan de Modernización e Competitividade do Sector Turístico	146
2.16. Análise do aliñamento dos Camiños coa Axenda 2030	150
3. Proceso participativo	152
3.1. Grupos de discusión	153
3.2. Mesas de traballo	159
3.3. Enquisa en liña	166
3.4. Entrevistas en profundidade	171
4. Diagnose dos Camiños de Santiago	176
4.1. Informe da análise	177
5. Formulación estratéxica 2022 - 2027	197
5.1. Retos, Obxectivos e Estratexias	198
5.2 Esquema de actuacións estratéxicas para o período 2022 – 2027	201



1. Resumo executivo do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022 - 2027



XUNTA
DE GALICIA




Xacobeo

galicia

Resumo executivo do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027

O *Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027* créase co obxectivo de analizar a situación actual dos Camiños de Santiago e definir as liñas estratéxicas e accións a aplicar no desenvolvemento dos Camiños durante o período 2022-2027. Este novo Plan da continuidade ao anterior Plan que cobre o período que abarca 2015-2021, no que **se investiron 67 millóns de euros, o que supón unha inversión un 19% superior sobre o presuposto estimado no 2015, que se estableceu en 56 millóns**. Estas accións de análise e desenvolvemento do Plan Director estruturáronse seguindo 3 fases fundamentais:



Os esforzos e actuacións realizadas nos Camiños deben estar aliñados coa planificación e desenvolvemento autonómico e estatal, xerando así un produto coherente, cohesivo e consolidado. Tendo en conta esta aliñación, detállanse as liñas de actuación a través das cales relacionase o *Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027* cos seguintes plans:

- O **Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)**: a través do mantemento e rehabilitación do patrimonio histórico en uso turístico.
- O **Plan Anual extraordinario de Sustentabilidade Turística en destinos Xacobeo**
- Os **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible** (Axenda Urbana 2030): Obxectivo 2 (Fame e seguridade alimentaria), Obxectivo 3 (Saúde e Benestar), Obxectivo 4 (Educación de calidade), Obxectivo 8 (Traballo decente e crecemento económico), Obxectivo 9 (Industria, Innovación e Infraestrutura), Obxectivo 10 (Redución da desigualdade), Obxectivo 11 (Cidades e comunidades sostibles), Obxectivo 12 (Produción e consumo responsables), Obxectivo 13 (Acción polo Clima), Obxectivo 15 (Bosques, desertificación e diversidade biolóxica) e Obxectivo 16 (Paz, xustiza e institucións sólidas), Obxectivo 17 (Alianzas para lograr os obxectivos).

FASE I. Análise da situación actual

Realizouse unha detallada imaxe da situación actual dos distintos rutas do Camiño de Santiago, a través da análise de todos os ámbitos, xerais, internos e externos, relacionados co desenvolvemento cultural e turístico. En concreto analizáronse os seguintes aspectos:

- O período estratéxico anterior
- A lexislación de referencia
- A realidade socioeconómica
- A delimitación das rutas
- Os servizos de aloxamento e atención ao peregrino
- O medio e entorno dos Camiños
- O patrimonio público que os rodea
- Os axentes implicados no seu desenvolvemento
- As características e o perfil dos peregrinos
- A competencia do Camiño como produto turístico
- As tendencias turísticas
- Análise de futuro
- O aliñamento con outros plans e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

Tendo en conta a posición central que ocupan os axentes dos Camiños de Santiago, á hora de realizar a análise da situación actual e de definir as accións futuras a levar a cabo, realízase un amplo **Proceso Participativo** que recolle as reflexións e opinións destes. En total, desenvolvéronse:

- 10 **grupos de discusión**
- 3 **mesas multisectoriais**
- 50 **entrevistas en profundidade**
- 1 **enquisa en liña** a peregrinos

A través das técnicas de investigación de Grupos de Discusión e Mesas de traballo, presentáronse aos axentes 5 temáticas principais para o Plan Director:

- O **valor patrimonial dos Camiños**: dixitalización e sustentabilidade
- Os Camiños: **promoción de itinerarios e variantes e a súa conexión internacional**
- **A experiencia do/a usuario/a**: novas fórmulas innovadoras
- Melloras nos servizos dos Camiños de Santiago: **igualdade, inclusión e diversidade**
- **Aposta polos produtos locais e implicación da veciñanza**

Da aplicación de métodos de análise cuantitativas e cualitativas aos resultados e as opinións recollidas durante o proceso participativo, establecéronse as seguintes prioridades de actuación:

Produto Turístico

- **Incremento da seguridade e melloras en conservación e sinalización**
- **Profesionalización de servizos e capacitación de persoal**
- **Camiño diverso e inclusivo: Accesibilidade, Familiar e Pet Friendly**
- **Mantemento da Esencia do Camiño**
- **Promoción da gastronomía local**

Recurso patrimonial

- **Concienciación da poboación local e educación en valores do Camiño**
- **Regulación de Camiños e variantes**
- **Posta en valor do patrimonio**
- **Unificación do Camiño e da información ao peregrino/a**
- **Sensibilización sobre os recursos e a natureza**

FASE II: Diagnóstico

Na fase de diagnóstico recompiláronse as conclusións obtidas a partir da análise da situación actual e as achegas realizadas polos axentes dos Camiños durante o proceso participativo, co obxectivo de establecer a estratexia xeral a seguir durante o período 2022-2027. No proceso de diagnóstico aplicáronse tres técnicas de análise: análise DAFO, análise CAME e contornos VUCA, os cales deron como resultado o desenvolvemento da nova Estratexia do Plan Director 22-27.

A estratexia céntrase na corrección das debilidades identificadas e a explotación das oportunidades dos Camiños de Santiago:

Debilidades

Mellorar a **conservación e desenvolvemento dos distintos Camiños de Santiago**, redirixindo fluxos de peregrinos

Reforzo da cultura xacobeá e os valores esenciais do Camiño, implicando á poboación local

Mellora das ferramentas dixitais de información ao peregrino

Oportunidades

Definición de **novas fórmulas de peregrinación** integradoras e inclusivas

Inclusión de **novos valores de igualdade, sustentabilidade e conservación** do medio ambiente e patrimonio natural

Creación de **novas experiencias** ao redor do Camiño e ofertas/servizos diversos **centrados na excelencia e a calidade**

FASE III: Planificación estratéxica

A estrutura do Plan desenvólvese en **7 liñas estratéxicas**, que dan resposta a 7 retos globais. Para cada unha, establecéronse obxectivos que se desenvolven en **17 liñas de actuación** (LA), que agrupan 95 accións específicas:

L.E.1.

Gobernanza, cooperación interadministrativa e cooperación público-privada

L.A.1. Mellora da gobernanza

L.A.2. Coordinación interadministrativa

L.A.3. Colaboración público-privada

L.E.2.

Un camiño sostible


L.A.4. Sustentabilidade medioambiental integral

L.A.5. Sustentabilidade socioeconómica dos Camiños de Santiago

	L.A.6. Xestión sostible os Camiños de Santiago
	L.A.7. Desenvolvemento e innovación tecnolóxica
L.E.3. Un Camiño de Santiago innovador	L.A.8. Innovación na oferta L.A.9. Innovación nos servizos
L.E.4. Un Camiño de Santiago Emprendedor	L.A. 10. Impulso ao emprendemento
L.E.5. Un Camiño de Santiago aberto ás persoas	L.A.11. Camino de Santiago Accesible L.A.12. Aumento da sensibilización da sociedade galega sobre o Camiño de Santiago L.A.13. Dinamización dos Camiños a Santiago
L.E.6. Investigación y divulgación de los Camiños de Santiago e o feito Xacobeo	L.A.14. O Camiño de Santiago no sistema educativo galego L.A.15. Difusión dos valores e das singularidades de cada un dos Camiños de peregrinación a Santiago



L.A.16. Fomento da investigación
e divulgación dos Camiños de
Santiago e a Cultura Xacobeá



L.A.17. Impulso das relacións
internacionais

Para o desenvolvemento e execución deste Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2022-2027, estableceuse unha dotación orzamentaria de **141.455.315 €**



2. Análise dos Camiños de Santiago



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo

galicia

2.1. Balance do período 2015-2021

Finalizado o período de execución do Plan 2015-2021, e co propósito de coñecer o nivel de implementación acadado das diferentes liñas estratéxicas, realizouse unha análise sobre o grao de execución das diferentes accións que se incluíron nel. Esta análise será a base de partida para a creación das propostas de **accións a implementar** neste novo Plan Director.

Análise do nivel de implementación da estratexia do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2015-2021

A estratexia do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2015-2021 baséase nas seguintes liñas estratéxicas:

- L.1 Coordinación e organización administrativa
- L.2 Preservación e potenciación dos valores patrimoniais dos Camiños de Santiago
- L.3 Conservación e mantemento dos Camiños de Santiago
- L.4 Camiños de Santiago medioambientalmente sostibles
- L.5 Fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da Ruta Xacobeá
- L.6 Potenciación de todas as rutas de peregrinación a Santiago de Compostela
- L.7 Especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino
- L.8 Investigación, Comunicación e divulgación dos Camiños e da Cultura Xacobeá

A **implementación da estratexia do Plan Director dos Camiños de Santiago en Galicia 2015-2021 acadou un alto nivel de execución**. O nivel de implementación varía lixeiramente entre as distintas liñas estratéxicas, destacando o nivel de inversión e implementación: a sustentabilidade, a accesibilidade, a conservación e a mellora da infraestrutura de aloxamento nos distintos trazados dos Camiños de Santiago.

Cabe destacar as desviacións no nivel de implementación e investimento das accións do Plan Director 2015-2021, provocadas polo intenso impacto da crise sanitaria sobre o sector turístico nacional, a cal obrigou a implementar novas medidas complementarias non previstas dirixidas a constituír o “Camiño Seguro”. Na súa totalidade **investíronse aproximadamente 67 millóns de euros, o que implica un investimento superior nun 19% sobre o orzamento estimado en 2015, que se establece en 56.119.805 millóns**.

A continuación, realízase unha análise por cada liña estratéxica do seu nivel de implementación e aspectos destacados das mesmas:

✓ L.1. Coordinación e organización administrativa

Dentro das accións a destacar na primeira liña estratéxica sitúanse, entre outras: a creación da Comisión interdepartamental do Camiño de Santiago en 2016. Así mesmo dentro desta liña continúaase traballando nas publicacións relacionadas co Camiño como a revista “Ad Limina” que conta con publicacións anuais entre 2010 e 2022 e na colaboración coas Asociacións de Amigos do Camiño.

En relación a esta última acción, celebrouse en decembro de 2021 o Foro Xacobeo, onde se pon en valor a dedicación das entidades e as asociacións de amigos do camiño na protección dos trazados e patrimonio das distintas rutas, así como na acollida de peregrinos.

✓ L.2. Preservación e potenciación dos valores patrimoniais dos Camiños de Santiago

As accións máis destacadas dentro da preservación nos valores patrimoniais do Camiño son a publicación da “Guía para a Protección dos Camiños de Santiago” e a “Guía de Boas Prácticas para as actuacións nos Camiños”. Ambas accións complementáanse coas actuacións de rehabilitación do patrimonio público e privado realizadas sobre as zonas ARI dos municipios dentro dos Camiños, as cales se subvencionan ao longo do período 2015-2020 en sucesivas convocatorias.

✓ L.3. Conservación e mantemento dos Camiños de Santiago

A través das actuacións dentro da liña estratéxica 3 investíronse 33,2 millóns de euros en obras de conservación e mellora do trazado nas rutas, na mellora da sinalización e na creación de áreas de descanso e pasos peatonais seguros adaptados a criterios de accesibilidade. Ademais, ao longo de 2021 realizáronse traballos de mellora e conservación en Camiños e estradas de 139 concellos pertencentes a oito dos Camiños.

✓ L.4. Camiño de Santiago medioambientalmente sostible

Posicionada como unha das liñas clave do Plan director dos Camiños 2015-2021, as actuacións dentro desta liña atópanse implementadas nun 91%, cun investimento aproximado de 250.000 euros. As accións implementadas centráronse na adaptación das infraestruturas de acollida aos camiñantes e os puntos de atención ao peregrino. Esta mellora das infraestruturas vén acompañada da posta en marcha dun plan de xestión de residuos, a mellora da eficiencia enerxética e do consumo de auga na rede de albergues, así como a posta en marcha de plans de sensibilización dos peregrinos para a loita contra os residuos nos Camiños.

✓ L.5. Fortalecemento da cidade de Santiago de Compostela como meta da Ruta Xacobeas

Esta liña estratéxica centra a súa actuación sobre a mellora e rehabilitación da infraestrutura de acollida e servizos ao peregrino, situándose como unha das liñas máis desenvolvidas dentro da estratexia. Dentro destas actuacións investíronse 33,6 millóns de euros na construción de 9 establecementos de aloxamento e a realización de melloras noutros 18 establecementos. Ademais, este investimento complétase con 3,2 millóns adicionais destinados á creación doutros tres albergues, proxectados en Ferrol, Piñor e Sobrado dos Monxes, así como para a rehabilitación doutros catro centros de atención ao peregrino.

✓ L.6: Potenciación de todas as rutas de peregrinación a Santiago de Compostela

Entre as accións de promoción e potenciación das rutas do Camiño de Santiago implementadas atópanse a realización de exposicións itinerantes sobre as diferentes rutas do Camiño. Ademais, preséntase información completa sobre todas as rutas xacobeas na páxina de Caminosdesantiago.gal.

De cara á dinamización cultural das diferentes rutas, realízase unha planificación e promoción anual de actividades culturais y de sensibilización patrimonial relacionadas cos Camiños (espectáculos musicais e artísticos, de artes escénicas e outros).

✓ L.7: Especialización e calidade no servizo de atención ao peregrino

As actuacións para a mellora da calidade nos servizos de atención ao peregrino, a través do investimento na formación dos profesionais e o aumento do número de centros de interpretación dos Camiños de Santiago.

Un exemplo desta mellora da calidade reflíctese na creación das Rutas Q, creadas nos Camiños Portugueses e a Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla como proxecto piloto en 2019. Esta distinción permite aplicar os criterios e identificación da Q de calidade a distintas infraestruturas singulares e aos albergues das rutas xacobeas.

En relación á seguridade nos Camiños, impleméntanse accións específicas como a creación da aplicación AlertCops, que dispón de servizos de alertas e avisos de emerxencia para peregrinos nos Camiños.

✓ L.8: Investigación, comunicación e divulgación dos Camiños e da cultura xacobeas

Ponse en marcha en 2016, en colaboración coa AMTEGA a plataforma dixital Smart Camiño, dispoñible a través do portal Caminodesantiago.gal. Posteriormente dita plataforma trasládase ao ámbito móbil creando a aplicación “Camino”.

As actuacións no ámbito dixital refórzanse coa implementación da ferramenta *Camino 360º*, que permite aos usuarios realizar o Camiño de Santiago de forma virtual.

Análise das iniciativas de Portos de Galicia para a posta en valor dos itinerarios marítimos

Portos de Galicia xunto con Turismo de Galicia están a desenvolver anualmente unha estratexia de difusión nacional e internacional do sistema portuario galego como destino náutico. Dentro desta proposta, sitúase como un dos principais reclamos turísticos a peregrinación a Galicia por mar, coa campaña promocional **O Camiño do mar**.

A finalidade de estas tarefas de promoción é mostrar que hai outra forma de peregrinaxe compatible coas rutas por terra, dinamizar a navegación a vela e potenciar as instalacións náuticas e o turismo nas zonas costeiras.

Así, dentro da campaña de promoción O Camiño do mar, Portos de Galicia colabora en diferente medida coas distintas iniciativas privadas, encabezadas polas principais entidades náuticas que promocionan a peregrinación por mar en distintos itinerarios. Trátase, concretamente, de tres travesías que se veñen organizando na última década lideradas polo propio sector e en cuxa difusión principal contribúe a Xunta de Galicia. Estes tres itinerarios son:

- **Sail the way** (Ruta Norte): Peregrinación a vela dende a Rochelle (Francia) ata a ría de Arousa e remonte do río Ulla, seguindo por mar o trazado en terra do Camiño Francés. Esta iniciativa está promovida pola asociación náutica Northmarinas coa colaboración de Marinas de Galicia.
- **Travesía Náutica Xacobeá** (Ruta Sur): Peregrinación por mar replicando o trazado do Camiño Portugués dende Andalucía ata a costa galega e continuación polo Camiño Portugués. Esta acción desenvólvese en virtude do acordo do Cabildo de Santiago coa Asociación de Náuticos de Galicia (Asnauga), a patronal do sector náutico en Galicia.
- **Ruta Cabaleiro das cunchas**: Organizada pola Fundación Traslatio, rememora o mito da Traslatio do Apóstolo Santiago (ruta sur) cun percorrido variable nas súas distintas edicións dende o Mediterráneo ou a costa portuguesa ata Galicia.

Ademais, para promocionar os portos galegos como enlace entre as peregrinacións por mar e os distintos itinerarios oficiais do Camiño de Santiago en Galicia, Portos de Galicia **sinalizou as instalacións náuticas galegas co distintivo da onda xacobeá**, unha escultura que simboliza o carácter

xubileo dos portos da comunidade. Ao lado da onda, en todos os portos está situada a sinalización oficial do Camiño de Santiago.

Finalmente, con carácter anual, Turismo de Galicia e Portos de Galicia participan cun stand conxunto nas feiras e salóns náuticos de maior relevancia internacional para o sector galego, tales como: Boot Dusseldorf (Alemaña), Hiswa te Water (Amsterdam), Grand Pavois da Rochelle (Francia) e Southampton Boat Show (Gran Bretaña). En todas elas se leva a cabo a promoción do Camiño do Mar a través de informadores e material de merchandising e audiovisual.

2.2. Análise lexislativa

Obxecto da análise

Nos Camiños de Santiago interveñen diversos axentes que compoñen unha complexa rede de xestión. A dimensión multidisciplinar adquirida polas rutas de peregrinaxe foi involucrando progresivamente a máis administracións, e consecuentemente, afectou ao marco normativo que as alcanza.

Metodoloxía e fontes

Existe bibliografía que trata os aspectos xurídicos das rutas xacobeas e a incidencia lexislativa na xestión e a protección. Foron consultados directamente os seguintes textos lexislativos:

- I. [Lei 5/2016 do Patrimonio cultural de Galicia](#)
- II. [Decretos de Delimitación](#)
- III. [Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia](#)
- IV. [Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia](#)
- V. [Lei 7/2011 de Turismo de Galicia](#)
- VI. [Directrices de Ordenación de Territorio de Galicia \(Decreto 19/2011, de 10 de febreiro\)](#)
- VII. [Lei 10/2014 de Accesibilidade](#)
- VIII. [Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local \(LBRL\), modificada pola Lei 27/2013](#)

Outra lexislación de interese

- [Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia](#)
- [Lei 3/2007 de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia](#)
- [Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de Protección Ambiental de Galicia](#)
- [Lei 4/2017 de protección e benestar dos animais de compañía en Galicia](#)
- [Directrices da paisaxe de Galicia](#)
- [Lei 7/1997 de protección contra a contaminación acústica](#)

Co obxectivo de identificar os axentes que regulan a xestión dos Camiños, analizáronse as normativas que ditaminan as políticas e os programas con incidencia no mesmo. Unha vez revisados os documentos normativos que establecen o marco lexislativo, os retos, as competencias e as liñas de acción, identifícanse os principais organismos administrativos que directa ou indirectamente involúcranse na súa xestión e desenvolvemento.

Diagnóstico

I. Lei 5/2016 do Patrimonio cultural de Galicia

Ata agosto de 2016, o principal texto que reunía as pautas para a protección dos Camiños de Santiago era a Lei 3/1996 de Protección dos Camiños de Santiago, que tiña por obxecto delimitar, regular a conservación, o uso e a protección dos Camiños de Santiago no territorio galego. O 16 de agosto de 2016 esta lei foi derrogada para ser substituída pola Lei 5/2016, do Patrimonio Cultural de Galicia, a cal establece un réxime específico para a identificación e a protección dos Camiños de Santiago. A nova lei derroga e refunde o disposto na: Lei 8/1995, de Patrimonio Cultural de Galicia, a Lei 3/1996, de Protección dos Camiños de Santiago e a Lei 12/1991, de traballos de dotación artística nas obras públicas e nos Camiños de Santiago de Galicia.

A Lei 5/2016 refírese á protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia de forma que sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sostible e fundamento da identidade cultural do pobo galego. O título VI integra nesta lei a regulación específica do réxime de protección dos Camiños de Santiago. Corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva sobre o seu patrimonio cultural. As distintas administracións públicas cooperarán para que as competencias respectivas se exerzan conforme ao establecido nesta Lei.

II. Decretos de Delimitación

Os Decretos de Delimitación establecen o territorio histórico das rutas recoñecidas documentalmente como Camiño de Santiago. A aprobación dos decretos supón a incorporación ao Catálogo del Patrimonio Cultural de Galicia na categoría de territorio histórico. A información contida nestes documentos é fundamental para establecer o ámbito e elementos de protección dos Camiños.

- Decreto 227/2011, do 2 de decembro, polo que se aproba a delimitación da ruta principal dos Camiños de Santiago, Camiño Francés, dende a entrada no municipio de Pedrafita do Cebreiro ata o límite do termo municipal de O Pino, coa excepción do tramo entre o lugar do Amenal e o límite do aeroporto de Lavacolla, no concello de O Pino.
- Decreto 144/2012, do 29 de xuño, polo que se aproba a delimitación dos Camiños de Santiago, Camiño Francés, entre o lugar do Amenal e o límite do aeroporto de Lavacolla, no concello de O Pino.
- Decreto 247/2012, do 22 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago, Camiño Francés, no concello de Santiago de Compostela.
- Decreto 158/2014, do 27 de novembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, Ruta da Costa.

- Decreto 267/2012, do 5 de decembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago do Norte, ruta do interior, tamén coñecido como Camiño Primitivo ou de Oviedo.
- Decreto 110/2014, do 4 de setembro, polo que se aproba a delimitación do Camiño de Santiago Inglés.
- Decreto 154/2013, do 5 de setembro, polo que se aproba a delimitación dos tramos do Camiño de Santiago do Norte, Camiño Portugués, Ruta da Prata e Camiño de Fisterra ao seu paso polo termo municipal de Santiago de Compostela.
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan Básico autonómico de Galicia. (Delimitación do Camiño Portugués, Camiño Portugués pola Costa, Camiño Fisterra-Muxía, Vía da Prata e Camiño de Inverno).

III. Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia

A Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia (en diante LALG) establece a estrutura de relación entre as Administracións da comunidade autónoma de Galicia. A LALG regula competencias entre os diferentes niveis administrativos polo que repercute directamente na xestión de moitos dos elementos que constitúen o Camiño de Santiago: a conservación do propio Camiño físico, das infraestruturas e elementos patrimoniais que o complementan, etc.

Desde as entidades locais menores ao goberno autonómico disemínanse funcións e deberes compartidos con importante repercusión na xestión do territorio, e dos Camiños de Santiago. Establecendo unha orde de maior a menor nivel ámbito territorial: Xunta de Galicia, Deputacións, Mancomunidades, Municipios e entidades locais menores.

IV. Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia

A Lei 7/2008 de Protección da Paisaxe de Galicia procura a protección, xestión e ordenación da paisaxe de Galicia, así como o seu recoñecemento xurídico (LPPG art. 1). A protección dos Camiños é, en boa medida, a protección das paisaxes que a compoñen. Neste sentido, a incidencia da LPPG na xestión do territorio establece un forte nexa para a coherente administración dos Camiños de Santiago.

V. Lei 7/2011 de Turismo de Galicia

Esta lei reúne a normativa para planificar, ordenar, promocionar e fomentar o turismo en Galicia, centralizando na Axencia de Turismo de Galicia a organización e xestión das competencias en materia de turismo. A dimensión social e económica adquirida polo Camiño de Santiago significou o desenvolvemento de moitas actividades ao seu abrigo. A Lei de Turismo de Galicia supón a guía básica e necesaria para a planificación coherente e responsable do Camiño como núcleo e motor de acción de dinamización turística en Galicia.

VI. Directrices de Ordenación do Territorio de Galicia (Decreto 19/2011, do 10 de febreiro)

A principal liña estratéxica das Directrices de Ordenación del Territorio de Galicia é o desenvolvemento sostible do territorio mediante o desenvolvemento dun sistema equilibrado de asentamentos (campo/cidade), co obxectivo de garantir á poboación o acceso igualitario ás infraestruturas e ao coñecemento, sen menoscabo da protección da natureza e do patrimonio cultural. O Camiño de Santiago constitúe por tanto un eixo vertebrador da política territorial, como elemento patrimonial e como motor para o desenvolvemento da sociedade galega.

VII. Lei 10/2014 de Accesibilidade

Esta lei ten como obxectivo garantir ás persoas con discapacidade a igualdade de oportunidades coa accesibilidade universal e o deseño para todos respecto ás contornas, procesos, bens, produtos e servizos, así como en relación cos obxectos ou instrumentos, ferramentas e dispositivos, de modo que os mesmos se fagan comprensibles, utilizables, e practicables por todas as persoas, en igualdade de condicións de seguridade e comodidade e da maneira máis autónoma e natural posible. Neste sentido, esta lei xera un gran impacto sobre o desenvolvemento dos Camiños, promovendo a súa adaptación cara unha configuración máis accesible.

VIII. Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), modificada pola Lei 27/2013, do 30 de decembro

Asegura aos municipios, provincias e illas o seu dereito a intervenir en cantos asuntos afecten directamente ao círculo dos seus intereses, e lles atribúe as competencias que procede en atención ás características da actividade e a súa capacidade de xestión, de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, e coa estrita suxeición á normativa de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

Marco competencial

Unha vez sintetizadas as principais leis con influxo nas políticas de xestión dos Camiños, pódese profundar con maior claridade nos organismos administrativos con competencias no seu desenvolvemento.

Metodoloxía e fontes

Obsérvase a necesidade de estudar os actores implicados, dentro da Administración pública, para establecer un cadro de competencias que clarifique a xestión coherente e compartida dos Camiños. As fontes fundamentais, para establecer a análise das competencias da Administración pública na xestión dos Camiños, serán os decretos que establecen o funcionamento das Consellerías.

- Diagnóstico

Os principais organismos da Administración pública de Galicia con funcións directas sobre a xestión e administración dos Camiños de Santiago, obxecto deste diagnóstico, son:

- Axencia de Turismo de Galicia

É, dende a súa constitución en 2012 (DOG. Decreto 196/2012 de 27 de setembro) o organismo da Administración pública que asume o **mantemento e conservación dos Camiños e a súa sinalización**, a **rede de albergues públicos** e a **divulgación da cultura xacobeá**. Estas funcións canalízanse a través da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo que, mantendo a súa personalidade xurídica, traslada o seu órgano xestor dende a Consellería de Cultura a Turismo de Galicia.

Dentro dela atópase a Comisión Interdepartamental dos Camiños de Santiago que ten como función coordinar, fomentar e impulsar as actuacións dos departamentos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia con repercusión sobre os Camiños de Santiago.

- Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

O ámbito competencial da Consellería determina como parte das súas funcións o **recoñecemento dos Camiños de Santiago en Galicia**, a **promoción e difusión da cultura, do patrimonio cultural, e dos aspectos vinculados coa protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia e dos Camiños de Santiago** (DOG. Decreto 119/2022, art. 1).

Dentro da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, atópase o Consello Asesor dos Camiños de Santiago, que emitirá ditame en materia do Patrimonio cultural. Dentro da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio cultural, atópase o Servizo de Protección e Fomento que tramita os procedementos de autorización das intervencións que afectan aos Camiños de Santiago e elabora, actualiza e difunde os criterios de intervención nos territorios históricos dos Camiños. Na Subdirección de Conservación e Restauración de Bens Culturais atópase o Servizo de Inventario entre cuxas funcións está a de tramitar os expedientes para delimitar os Camiños de Santiago.

- Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda

Corresponden á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (DOG. Decreto 26/2019 do 7 de marzo), a xestión de diferentes órganos integrados na Consellería que recollen funcións específicas que inciden no desenvolvemento presente e futuro dos Camiños: Instituto de Estudos do Territorio, Axencia de protección de legalidade urbanística.

- Consellería de Infraestruturas e Mobilidade

Segundo o disposto no Art. 1 del decreto 26/2019, do 7 de marzo, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de infraestruturas, mobilidade e auga. Dentro das súas entidades adscritas, atópase a Axencia galega de infraestruturas (DOG Decreto 16/2010, do 17 de decembro).

De forma complementaria, a escala nacional e internacional, inclúese:

- Consello Xacobeo (Ministerio de Cultura) como órgano consultivo de ben patrimonial que constitúe a rede de Camiños de Santiago

O Real decreto 1431/2009, do 11 de setembro reorganiza a estrutura do Consello Xacobeo como órgano de colaboración entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, canalizando todas as actuacións que se desenvolven no seu ámbito. As súas funcións consultivas e de asesoramento abarcan todos os aspectos relativos á conservación, ordenación e xestión dos Camiños.

Emerxe como actor coordinador entre as distintas institucións e as administracións de todas as Comunidades Autónomas polas que transcorren os Camiños, reforzando a imaxe e difusión da cultura xacobeá no ámbito nacional e internacional. O Consello Xacobeo organízase en Pleno, Comisión Executiva e no Comité de cooperación na xestión do ben Patrimonio Mundial.

- Comité Internacional de Expertos dos Camiños de Santiago

No seo da Consellería de Cultura nace, no ano 1992, o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, ante o impulso organizativo do Ano Santo Xacobeo 1993, e coa función de asesorar á Xunta de Galicia no campo científico e cultural, na xestión dos itinerarios, as publicacións, os estudos, congresos e exposicións relacionados coa peregrinaxe. Actualmente, depende da presidencia da Xunta de Galicia e intégrano recoñecidos investigadores internacionais estreitamente vinculados á cultura xacobeá e compostelá. Entre as accións máis destacables dos últimos anos, a parte da labor de asesoramento á Administración, destacan:

- A edición de publicacións científicas na Colección Científica da Xunta de Galicia
- A dirección e organización de 12 Congresos Internacionais do Comité Internacional de Expertos.
- A creación de proxectos e liñas de investigación vinculadas ás novas tecnoloxías e a internet.
- A edición da revista de investigación xacobeá *Ad Limina*, publicación de carácter multidisciplinar e multilingüe, editada dende 2010 pola S. A. Xacobeo
- A produción e difusión do coñecemento a través da promoción cultural en diversos países, a publicación científica, a dirección de revistas, teses e investigacións do feito xacobeo.

- Municipios

O artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL), modificada pola Lei 27/2013, do 30 de decembro, establece unha serie de competencias municipais que teñen especial relevancia para a xestión do feito turístico xacobeo, como son as relativas a:

- Protección do patrimonio histórico,
- Xestión de residuos,
- Infraestrutura viaria e outros equipamentos,
- Información e promoción da actividade turística,
- Promoción da cultura e equipamentos culturais
- Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

CADRO 01. CADRO DE COMPETENCIAS DE ÁMBITOS DE ACTUACIÓN DOS DIVERSOS ACTORES DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

	ÁMBITOS DE ACTUACIÓN E/OU COMPETENCIAS														
	Protección do Camiño				Atención ao peregrino				Desenv. local		Cultura Xacobeá		Recoñecemento/Avaliación		
	Delimitación	Patrimonio	Paisaxe	Mantemento trazado	Sinalización	Información	Mobilidade/Accesib.	Aloxamento/Restaur.	Saúde	Seguridade	Comercio/Artesanía	Emprego/Voluntariado		Formación	Investigación
ADMÓN PÚBLICA DE GALICIA															
Xunta de Galicia.															
Turismo de Galicia / S. A. de Xestión do Plan Xacobeo															
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades															
Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda															
Consellería de Sanidade															
Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade															
Consellería do Medio Rural															
Consellería do Mar															
Consellería de Economía, Industria e Innovación															
Deputacións															
Outras entidades supramunicipais															
Municipios															
ADMÓN PÚBLICA EXTERNA															
Consello Xacobeo. Mº de Cultura e Deporte															
Ministerio de Fomento															
Turespaña. Mº de Industria, Comercio e Turismo															
Outras Comunidades Autónomas.															
Delegación do Goberno / Policía Autonómica de Galicia															
Turismo Norte de Portugal.															
ÓRGANOS CONSULTIVOS INTERNACIONAIS															
UNESCO / ICOMOS															
Consello de Europa. Instituto Europeo de Itinerarios Culturais.															
Organización Mundial de Turismo															
European Travel Commission															
Igrexa Católica															
TECIDO ASOCIATIVO															
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago															
Outras asociacións empresariais															
SECTOR PRIVADO															
Empresas de hostalería															
Empresas turísticas															
Competencias.															
Ámbito de actuación.															

Fonte: Elaboración propia.

2.3. Análise sociodemográfica e económica

Obxecto e metodoloxía

Co fin de coñecer a realidade socioeconómica dos concellos polos que transcorren os Camiños de Santiago e estudar a evolución dalgunhas variables relevantes, levouse a cabo unha consulta de datos secundarios de fontes de información estatística oficiais. En concreto, utilizáronse como fontes os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE) e do Instituto Galego de Estatística (IGE).

Para cada municipio polo que transcorre algún Camiño dentro de Galicia calculáronse indicadores de carácter demográfico e económico. Unha vez calculados os diferentes índices para cada municipio, tratáronse conxuntamente os datos. Así, obtívose información en canto ao total dos territorios polos que transcorren os Camiños de Santiago. Os Camiños analizados, coa súa consecuente codificación son:


- Camiño Francés (CFR)
- Camiño de Fisterra e Muxía (CFM)
- Vía da Prata (CVP)
- Camiño Inglés (CIN)
- Camiño Primitivo (CPR)
- Camiño do Norte (CNO)
- Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla (RMA)
- Camiño de Inverno (CIV)
- Camiño Portugués (CPO)
- Camiño Portugués da Costa (CPC)

Diagnóstico

Demografía

No territorio polo que transcorre o Camiño de Santiago non existe unha plena homoxeneidade demográfica, senón que dependendo o Camiño e o territorio polo que transita, atoparanse diferenzas nas dinámicas demográficas. A poboación galega descendeu entre o ano 2015 ao ano 2021 36.702 habitantes. No mesmo período, a poboación española medrou en 945.008 habitantes.


GRÁFICO 01. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN EN GALICIA (N)



Fonte: IGE (2021). Elaboración propia

O Camiño que recolle a área de maior número de poboación é o Camiño Portugués pola Costa (CPC). Este atravesa a cidade máis poboada de Galicia, Vigo, e a capital de provincia, Pontevedra. A continuación, o Camiño Inglés (CIN), que tamén atravesa áreas densamente poboadas entre as que se atopa a cidade de A Coruña e a área urbana de Ferrol.


GRÁFICO 02. POBOACIÓN TOTAL SEGUNDO CAMIÑO (N)



Fonte: IGE (2022). Elaboración propia

En Galicia no ano 2020 a densidade de poboación media é de 91,4 hab/km². A densidade de poboación en España é lixeiramente máis alta, con 94,8 hab/km². Conta cunha maior densidade que a media galega o Camiño Portugués pola Costa, o Camiño Portugués, a Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla e o Camiño Inglés.

GRÁFICO 03. DENSIDADE DE POBOACIÓN SEGUNDOS CAMIÑOS (N)




Fonte: IGE (2022). Elaboración propia

Dende 2015 experimentouse un incremento do índice de envellecemento en toda a comunidade galega, con independencia do seu grao de urbanización: dun 188,21% a un 207,32% en 2020 (INE, 2022). Este dato é superior ao índice de envellecemento nacional, que en 2020 supuxo un 129,1%.

En canto ao territorio dos Camiños, os índices máis altos atópanse nos Camiños Francés, o Camiño do Norte e o Camiño de Inverno, que coinciden a súa vez con zonas de baixa densidade de poboación.


GRÁFICO 04. ÍNDICE DE ENVELLECIMIENTO SEGUNDO CAMIÑO (N)



Fonte: IGE (2022). Elaboración propia

A taxa de dependencia sitúase entre 53,8 (Camiño Inglés) e 120,8 (Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla).

GRÁFICO 05. TAXA DE DEPENDENCIA SEGUNDO CAMIÑO (%)




Fonte: IGE (2022). Elaboración propia

As taxas de natalidade son baixas en todo o territorio, cunha media autonómica de 5,82. Na análise en relación aos Camiños, destaca o Camiño do Norte.

A taxa de mortalidade presenta valores máis altos no Camiño do Norte e no Camiño Francés. Os resultados máis baixos atópanse na Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, no Camiño Portugués e no Camiño Vía da Prata.

A taxa bruta de natalidade española é máis alta que a galega, e a taxa bruta de mortalidade máis baixa.


GRÁFICO 06. TAXA DE NATALIDADE E MORTALIDADE SEGUNDOS CAMIÑOS (%)



Fonte: IGE (2022). Elaboración propia

Actualmente o saldo migratorio en Galicia está a experimentar unha leve caída dende uns valores moi positivos. Dende 1990 atópanse grandes variacións, destacando a subida da positividade do saldo migratorio nos primeiros anos do milenio, que alcanzou a súa cifra máxima no ano 2007. A partir de 2008, a chegada de inmigrantes á comunidade cae drasticamente, así como incrementa a saída de cidadáns. Dende o ano 2015 o saldo migratorio volveu experimentar outra subida, pero parece que chegou ao seu tope no ano 2019.


GRÁFICO 07. EVOLUCIÓN DE SALDO MIGRATORIO EN GALICIA DENCE 1990 (N)



Fonte: IGE (2021). Elaboración propia

O saldo migratorio en xeral é positivo, a excepción do territorio do Camiño de Inverno. En España, o saldo migratorio experimentou movementos similares aos galegos, con negatividade entre os anos 2012 e 2015. En 2020 resultou positivo en 216.244 persoas.

GRÁFICO 08. SALDO MIGRATORIO SEGUNDO CAMIÑO (N)



Fonte: IGE (2021). Elaboración propia

En canto ao nivel de formación da poboación, os datos galegos indican que o 33,15% dos maiores de 16 anos completaron a primeira etapa de educación secundaria ou similar. O 29,71% completaron estudos de educación superior e un 17,24% non superou cursos superiores á educación primaria, non completou estes ou, nunha porcentaxe moi inferior (0,95%) experimenta analfabetismo.


Outra realidade asociada ao Camiño é a consideración do impacto demográfico que este ten sobre os territorios, segundo o Estudo do impacto socioeconómico do Camiño de Santiago, do ano 2017, realizado por parte do Observatorio do Camiño de Santiago. A pesares de que os datos reais reflexan unha dinámica poboacional negativa na maior parte da Galicia interior e das grandes áreas do litoral, os residentes, dende unha percepción subxectiva, teñen claro que o Camiño contribúe significativamente a manter a poboación do municipio. Tal vez neste discordancia non se tivese en conta que, aínda que se observe unha dinámica poboacional negativa, a influencia do Camiño pode contribuír a ralentizar e incluso frear esta tendencia.

Economía

En relación ao desenvolvemento económico do territorio sobre o que transcorren os diferentes Camiños, identificáronse diferentes valores de interese. O PIB per cápita de Galicia no ano 2020 foi de 21.903 €, superior ao dato de España (25.500€) e inferior ao dato nacional de 2019 (26.420€).

A evolución da taxa de crecemento anual do PIB real per cápita reflicte o golpe económico que supuxo o ano 2020, dende o comezo da pandemia do COVID-19 que paralizou durante meses a actividade económica de moitos sectores.

GRÁFICO 09. EVOLUCIÓN DA TAXA DE CRECEMENTO ANUAL DO PIB REAL PER CÁPITA DE GALICIA (%)




Fonte: INE (2021). Elaboración propia

En canto ao PIB per cápita de cada Camiño, atopamos un rango dende 17.677,20€ nos Camiños Portugués pola Costa a 23.544,72€ no Camiño de Inverno.

Estudos previos consideraron que o Camiño Francés impacta intensamente no desenvolvemento local, en canto a emprego e demografía. Os propios residentes consideran que o impacto económico é positivo.

GRÁFICO 10. PIB PER CÁPITA SEGUNDO CAMIÑO (N)




Fonte: IGE (2021). Elaboración propia

O ano máis favorable para o turismo foi 2019. En xeral, experimentouse unha subida nas afiliacións ás actividades relacionadas co turismo ata marzo de 2020, cando comezou a pandemia do COVID-19.

O ano 2020 conseguiu unha pequena recuperación nos meses de verán, pero aínda moi lonxe dos números de anos anteriores. O ano 2021, aínda a expensas da situación desfavorable da pandemia, logrou unha recuperación do emprego turístico nos meses de verán só por debaixo do ano 2019.


GRÁFICO 11. AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL EN ACTIVIDADES TURÍSTICAS EN ESPAÑA (N)



Fonte: Dataestur (2021). Elaboración propia

Ademais, conseguiu manter as afiliacións en números moi positivos en relación aos anos prepandemia. Dentro de Galicia, os datos dispoñibles só se descompoñen ata catro sectores. No territorio do Camiño Portugués e do Camiño Portugués pola Costa a importancia do sector servizos no emprego total supera o 67%.

GRÁFICO 12. PORCENTAXE DE AFILIADOS/AS Á SEGURIDADE SOCIAL NO SECTOR SERVIZOS (%)



Fonte: IGE (2021). Elaboración propia

A situación do mercado laboral mostra unha maior dinamización económica nos Camiños Inglés, o Camiño Portugués pola Costa e o Camiño Portugués, onde son máis numerosas as afiliacións á seguridade social, en total, e no sector servizos. Nesta liña, tamén son os territorios que máis paro rexistran.

Os municipios dos Camiños Francés especializaron a súa actividade empresarial na industria da hostalería e da restauración. A participación do emprego na hostalería resulta en cinco veces a media galega nos municipios de Triacastela, Portomarín e Pedrafita do Cebreiro.

Para rematar, cabe destacar a potencial capacidade desestacionalizadora do Camiño, pois no Camiño a tempada alta pódese alongar ata 5 meses mentres que nas zonas turísticas adoita ser de dous/meses. Seguindo o último Estudo do Impacto Socioeconómico do Camiño, o impacto dos mesmos nos territorios polos que pasan, a escala local, vese reflexada tanto a nivel económico como cultural, social, demográfico e medioambiental.

Pódese dicir que , o principal impacto directo a escala local é o gasto asociado aos peregrinos durante o seu percorrido. Os peregrinos supoñen directamente o 2,3% do gasto turístico en Galicia sendo que ademais cada un deles supón o mesmo impacto económico que 2,3 turistas nacionais. Ademais, cada euro de gasto do peregrino xera ata un 18% máis de emprego, concentrándose maioritariamente na hostalaría e na restauración.

2.4. Delimitación das rutas

Fontes

Verificáronse os *tracks* que actualmente se ofertan a través da web www.Caminodesantiago.gal, e a xeración de arquivos en formato de intercambio gpx axustados á realidade do Camiño.

CADRO 02. FONTES EMPREGADAS NA DELIMITACIÓN DAS RUTAS

Fonte	Formato	Desagregación	Orixe
Track dos Camiños	kml	Ruta	https://www.Caminodesantiago.gal/es/planifica/las-rutas
Track dos Camiños	shp	Municipio	http://mapas.xunta.gal/visores/descargas/
Capas Trazado (cada Camiño) no Plan Básico Autonómico	kml	Etapas	https://www.Caminosantiago.org/cpperegrino/Caminos/Caminos.asp
Observación	shp	Municipio	http://mapas.xunta.gal/visores/descargas-pba/
Track dos Camiños	-	Puntual	Traballo de campo

Fonte: Elaboración propia

Metodoloxía

Realizouse, en primeiro lugar, a verificación dos itinerarios declarados BIC e delimitados (cadro 03):

- Verificouse, sobre a cartografía da BTG, que os trazados en formato shp procedentes do Plan Básico Autonómico axustábanse ao ámbito BIC delimitado. Alí onde esta condición non se cumprixe, alterouse o trazado para que discorra polo espazo público delimitado como Camiño
- Exportáronse os *tracks* resultantes dende o formato shp ao formato de intercambio gpx
- Para os Camiños non declarados BIC e, polo tanto, non delimitados (cadro 04)
- Superpuxéronse trazados kml procedentes de <https://www.Caminodesantiago.gal> sobre a capa do trazado principal dos Camiños procedente do PBA, identificando discrepancias entre ambos
- Verificouse, por medio de traballo de campo, para cada unha das discrepancias detectadas, cal era o trazado correcto en cada punto, seguindo criterios de continuidade e sinalización

Tanto para os itinerarios principais e as súas variantes xerouse un *track* que abarca a totalidade do itinerario dende a súa orixe dentro da Comunidade Autónoma ata Santiago de Compostela ou Fisterra.

A denominación dos arquivos xerados responde ao seguinte criterio:

- Código de 3 letras maiúsculas para cada un dos itinerarios principais dos Camiños
- No caso de variantes dos Camiños principal, a este código engádese V e un número (V1, V2...)
- As alternativas puntuais aos itinerarios principais e as súas variantes, denomínanse co código de 3 letras do itinerario e unha letra minúscula (a, b...)

CADRO 03: CAMIÑOS DECLARADOS BIC

Denominación	Código	Observacións	
Camiño Francés	CFR	A Santiago por San Xil (principal)	
	CFRV1	A Santiago por Samos	
Camiño Primitivo	CPR	-	
Camiño do Norte	CNO	A Santiago por Ribadeo (principal)	Baamonde - Sobrado por Miraz (tradicional)
	CNOV1	A Santiago por Vegadeo (histórico)	
	CNOV2	A Santiago por Ribadeo (principal)	Baamonde - Sobrado por As Cruces
Camiño Inglés	CINV1	A Santiago dende A Coruña	
	CINV2	A Santiago dende Ferrol	

Fonte: Decretos de delimitación dos Camiños. Elaboración propia

CADRO 04: CAMIÑOS NON DECLARADOS BIC

Denominación	Código	Observacións	
Camiño Vía da Prata Camiño do Norte	CVP	Itinerario a Santiago, dende Lubián, por Laza (principal)	Ourense - Cea por Canedo + Cea-O Castro (Dozón) por Piñor
	CVPV1	Itinerario a Santiago dende Lubián, por Verín	
	CVPV2	Itinerario Portugués Interior (a Santiago por Laza)	
	CVPa	Alternativa Ourense-Cea por Tamallancos	
	CVPb	Alternativa Cea-O Castro (Dozón) por Oseira	
Camiño a Fisterra e Muxía	CMF	Itinerario de Santiago a Fisterra	
	CMFV1	Itinerario de Santiago a Muxía e Fisterra	
Camiño de Inverno	CIV	A Santiago dende A Coruña	
Camiño Portugués	CPO	Itinerario a Santiago por Tui	
Camiño Portugués pola Costa	CPC	Itinerario a Santiago pola Guarda	

Fonte: www.Caminodesantiago.gal. Elaboración propia

2.5. Atención e aloxamento ao peregrino/a

Un dos factores principais que afectan á experiencia dos peregrinos e outros viaxeiros nos Camiños son as infraestruturas turísticas dos produtos e servizos a súa disposición. Enténdense como infraestruturas turísticas todas aquelas empresas e servizos que satisfán as necesidades dos viaxeiros. Tendo en conta esta definición, a continuación, descríbese a imaxe actual das infraestruturas que prestan atención e aloxamento ao peregrino a lo longo dos distintos Camiños.

Análise do estado actual dos aloxamentos turísticos

A través desta análise preséntase unha radiografía do estado actual dos aloxamentos que se atopan a lo longo dos distintos Camiños.

Metodoloxía

A análise baséase nos datos recompilados a través do REAT (*Rexistro de Empresas Actividades Turísticas*), definindo as empresas de aloxamento segundo a súa tipoloxía, localización e número de prazas baseadas no Artigo 50 da Lei 7/2011, do 27 de outubro, do Turismo de Galicia.


A estes datos engádesse información recompilada das fontes oficiais de calidade, en concreto datos da *Q de Calidade* e do selo SICTED de calidade. Ademais, para realizar unha análise do nivel de calidade dos aloxamentos en base a opinión dos usuarios, escóllese unha mostra representativa dos aloxamentos que, debido a súa localización, contan cunha afluencia maioritaria de peregrinos. Esta mostra escóllese seguindo estes criterios:

- Localización do establecemento: Dentro das delimitacións dos municipios que comprenden os Camiños
- Tipoloxía do establecemento: Inclúense todos os establecementos que se atopen dentro da tipoloxía de albergues, hoteis, hostais e pensións, casas rurais e apartamentos turísticos

Radiografía do reparto actual dos aloxamentos segundo a súa tipoloxía

Na actualidade, a comunidade de Galicia conta cun total de 18.024 establecementos de aloxamentos rexistrados, alcanzando 224.081 prazas totais.


GRÁFICO 13. DISTRIBUCIÓN XERAL DOS ALOXAMENTOS SEGUNDO A SÚA TIPOLOXÍA (N)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT

Como se representa no gráfico anterior, a tipoloxía de establecemento máis estendida na comunidade galega son as pensións, alcanzando un total de 1.315 aloxamentos.

GRÁFICO 14. DISTRIBUCIÓN XERAL DOS ALOXAMENTOS SEGUNDO A SÚA TIPOLOXÍA (Unidades)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT

Segundo esta análise podemos afirmar que os establecementos máis representativos son as pensións (1315), seguido dos hoteis (927) e os establecementos de turismo rural (541).

Tomando como referencia estas tres categorías, avalíase a continuación a súa distribución segundo o número de estrelas:

- Hoteis: A súa categoría mídese entre 1 e 5 estrelas
- Pensións: A súa categoría mídese entre 1 e 3 estrelas
- Casas de turismo rural: A súa categoría mídese entre 1 e 4 estrelas verdes


GRÁFICO 15. DISTRIBUCIÓN XERAL DOS HOTEIS SEGUNDO A SÚA CATEGORÍA (Unidades)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT

Dentro da categoría dos hoteis, os establecementos máis representativos son aqueles de menor categoría, especialmente os de 3 e 2 estrelas, alcanzando apenas un 1% aqueles de categoría superior. Esta repartición reproducése no resto de tipoloxías, como se pode apreciar nas pensións:


GRÁFICA 16. DISTRIBUCIÓN XERAL DAS PENSIÓNS SEGUNDO A SÚA CATEGORÍA (%)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT

Debido á especial importancia da modalidade de albergues turísticos dentro do Plan Director, analízase un apartado específico a esta categoría:

GRÁFICO 17. DISTRIBUCIÓN XERAL DOS ALBERGUES TURÍSTICOS SEGUNDO A SÚA CATEGORÍA (Unidades)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT


Existe unha repartición desigual no relativo a tipoloxía de albergues turísticos. Realízase unha distinción entre os albergues privados (1ª e 2ª categoría) e os albergues públicos (Albergues públicos xacobeos e Albergues de peregrinos do Camiño de Santiago).

Os albergues privados teñen un volume moi superior aos albergues públicos debido a gran oferta de albergues de 2ª categoría. A clasificación dos albergues turísticos en dúas categorías, albergue turístico de primeira categoría e albergue turístico de segunda categoría, substitúe a clasificación por estrelas dunha, dúas e tres estrelas do Decreto 267/1999, do 30 de setembro, que se correspondía co das pensións. Os criterios das categorías atópanse a partir do Artigo 23 “Criterios de clasificación para los albergues turísticos de primeira y segunda categoría” do DECRETO 48/2016, do 21 de abril. O número de prazas dos albergues turísticos é de 15.706 conforme os datos facilitados polo REAT, o que significa que os albergues representan o 7% das prazas totais en Galicia. A repartición das prazas segue a mesma distribución do número de albergues segundo a súa tipoloxía.

Radiografía do reparto actual dos aloxamentos segundos Camiños

A continuación, realizarase unha análise máis exhaustivo da situación actual da oferta de aloxamentos por cada un dos Camiños de Santiago.

GRÁFICO 18. DISTRIBUCIÓN XERAL DE ALOXAMENTOS NOS DISTINTOS CAMIÑOS SEGUNDO TIPOLOXÍA (Unidades)



Fonte:


Elaboración propia a partir dos datos do REAT

Analizando a distribución dos aloxamentos por tipoloxía nos distintos Camiños apréciase unha repartición desigual entre os mesmos. Un dos elementos máis destacados é a alta representatividade das vivendas de uso turístico en

todos os Camiños a excepción dos Camiños Francés, onde a súa relevancia é moito menor. Isto débese a que os distintos Camiños cruzan concellos historicamente turísticos, como é o caso de Ribeira Sacra ou as Rías Baixas.

A partir destes resultados podemos sinalar que a oferta de aloxamentos do Camiño Francés está máis orientada ao produto específico do Camiño, mentres que o resto dos Camiños conforman a súa oferta de aloxamentos a partir da xa preexistente nestes concellos turísticos.

GRÁFICO 19. DISTRIBUCIÓN XERAL DOS ALOXAMENTOS NOS DISTINTOS CAMIÑOS SEGUNDO TIPOLOXÍA (Unidades)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT

Analizando a oferta turística por Camiño, eliminando as vivendas de uso turístico, observamos que a distribución dos aloxamentos nos distintos Camiños é similar, excepto nos Camiños Francés. Nos Camiños predominan as pensións,

excepto na Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, onde destacan os hoteis, dado que as etapas cruzan na súa maioría concellos turísticos. En segundo lugar, atópanse os hoteis seguidos dos albergues.

GRÁFICO 20. DISTRIBUCIÓN DOS ALBERGUES NOS DISTINTOS CAMIÑOS SEGUNDO A SÚA CATEGORÍA (Unidades)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT


Analizando a distribución da tipoloxía de albergues podemos observar un gran investimento privado no Camiño Francés, nos albergues de 2ª categoría e na Vía da Prata, nos albergues de 1ª categoría. A distribución no resto de Camiños é bastante homoxénea excepto nos Camiños Inglés e Portugués, onde o investimento neste tipo de aloxamentos é moi reducido.

En canto ao investimento público, destacan os albergues xacobeos dos Camiños Francés, a Vía da Prata e o Camiño do Norte. En canto á xeolocalización dos albergues, trazouse un mapa coa situación dos establecementos segmentados segundo a súa tipoloxía e a súa natureza, pública ou privada.

A cor verde representa os albergues de natureza pública e o rosa representa os albergues de natureza privada. A tipoloxía clasifícase da seguinte maneira, segundo os símbolos indicados:

- 1ª categoría ●
- 2ª categoría ■
- Albergue de peregrinos dos Camiños de Santiago ▲
- Albergue público Xacobeo ◆

GRÁFICO 21. DISTRIBUCIÓN DE ALBERGUES EN GALICIA




Fonte: Elaboración propia a través da plataforma GPS Visualizer

Se comparamos a ilustración anterior coas rutas dos Camiños, obsérvase unha clara correlación, xa que a gran maioría dos albergues ten a finalidade de satisfacer a demanda dos peregrinos. O maior volume de albergues segue a ruta do Camiño Francés e contéplase unha menor afluencia destes aloxamentos na Vía da Prata, onde os albergues se sitúan moi dispersos uns dos outros.

Os albergues públicos teñen unha distribución moi homoxénea sobre os Camiños en comparación aos albergues privados, os cales teñen unha maior presenza nas zonas de maior fluxo de peregrinos.

Capacidade de acollida nos Camiños de Santiago

GRÁFICO 22. PRAZAS SEGMENTADAS POR CAMIÑOS (Unidades)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REAT

Para realizar esta análise hai que ter en conta a oferta de aloxamento dos distintos Camiños. Observando o gráfico anterior pódese observar a forte relación que comparten os gráficos, sobre todo nos extremos. A Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla ten unha oferta de instalacións de aloxamento moi elevada, o que marca o seu liderado no número de prazas. Doutra banda, o Camiño Francés e o Camiño Fisterra e Muxía teñen menos de 15.000 prazas, principalmente debido ao reducido número de vivendas de uso turístico que engloban.

No seguinte gráfico analízase a porcentaxe de prazas segundo a tipoloxía do aloxamento:


CADRO 05. PORCENTAXE DE PRAZAS POR CAMIÑOS E TIPOLOXÍA (%)

	ALBERGUES TURÍSTICOS	APARTAMENTOS	CAMPING	HOTEL	PENSIÓNS	TURISMO RURAL	VIVENDAS TURÍSTICAS	TOTAL
Camiño Primitivo	18,2	3,4	7,9	30,7	16,5	2,0	0,2	19.406
Camiño do Norte	17,7	2,5	9,5	28,2	17,3	2,5	0,2	19.285
Camiño Portugués da Costa	11,5	1,5	10,5	36,3	15,7	0,7	0,1	11.930
Camiño Portugués	14,5	1,3	7,2	34,8	14,5	1,0	0,1	18.237
Camiño Inverno	11,8	1,4	8,6	35,7	17,2	2,2	0,2	14.717
Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla	3,4	5,4	18,1	29,0	8,0	1,0	0,3	46.500
Camiño Inglés	7,2	1,8	10,5	37,4	15,0	0,6	0,2	21.182
Vía da Prata	11,5	1,4	8,8	36,5	16,3	1,4	0,2	16.159
Camiño Fisterra e Muxía	18,7	6,8	7,7	14,6	8,3	1,9	1,0	3.638
Camiño Francés	45,9	1,7	5,9	8,7	21,1	5,0	0,3	10.660

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do REATGRÁFICO 36

Na maioría dos Camiños, o volume de prazas concéntrase nos hotéis e nas vivendas de uso turístico, a excepción dos Camiños Francés no cal, como se observa anteriormente, a súa oferta céntrase nos albergues turísticos.

GRÁFICO 23. PORCENTAXE DE PRAZAS POR CAMIÑO DAS VIVENDAS DE USO TURÍSTICO



Fonte: Elaboración propia a partires de datos do REAT

Análise da valoración dos aloxamentos nos Camiños

Neste apartado, preténdese describir a valoración dos aloxamentos nos Camiños nas plataformas web Booking, Google My Business e Tripadvisor, dado que estas son as máis utilizadas na actualidade para valorar aloxamentos turísticos polos clientes.


Para a realización deste estudo, analizouse unha mostra de máis de 3000 establecementos publicados nas principais plataformas da internet (Booking e Google My Business). Para a extracción desta mostra, utilizouse unha ferramenta de *web scraping* nas datas de maior volume de oferta hostaleira. Durante este proceso, elimináronse aqueles aloxamentos que carecen de valoración, debido á súa baixa demanda ou á súa recente publicación.

É preciso resaltar que, para crear a mostra, non se recolleron as valoracións englobadas no buscador Tripadvisor dado que a natureza da súa interface de valoracións imposibilita a súa comparación co resto de plataformas.

No relativo a análise, realízase unha distribución polas categorías de aloxamento establecidas en cada plataforma. En Booking establécense as seguintes categorías: hotéis, albergues, pensións e hostais, cámpings, apartamentos, casas e chalés, chalés de montaña, vilas, casas rurais e habitacións en casas. No estudo de Booking púidose realizar un seguimento da localización e a súa situación nos Camiños de Santiago de cada aloxamento.

No caso de Google My Business, os aloxamentos clasifícanse en hoteis e alugueiros vacacionais. Os alugueiros vacacionais clasifícanse á súa vez en apartamentos, casas rurais e vivendas turísticas.

GRÁFICO 24. NÚMERO DE ALOXAMENTOS EN BOOKING SEGUNDO A SÚA CATEGORÍA (Unidades)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos recollidos na plataforma web www.booking.com

A oferta principal da plataforma Booking céntrase nos apartamentos turísticos, con case máis do dobre de oferta que o resto das tipoloxías, seguido polos hoteis, casas e chalés e pensións.

GRÁFICO 25. VALORACIÓNS DOS ALOXAMENTOS SEGUNDO TIPOLOXÍA (BOOKING) (N)

Fonte:



Elaboración propia a partir de datos na plataforma Booking.com

Analizando as valoracións, observamos que a tipoloxía do aloxamento mellor valorada na plataforma son as vilas. Cabe destacar que existe unha oferta limitada desta tipoloxía de aloxamento, con todo, contan cunha valoración media (9,4) moi elevada. Séguenlle as categorías de "habitacións en casas" e "casas e chalés". Neste caso, o dato máis significativo atópase na categoría de casas e chalés, que contan cun elevado número de establecementos dentro da mostra e unha valoración media superior ao 9, indicando o alto grao de satisfacción dos clientes neste tipo


de aloxamentos. No relativo ao resto de categorías, os apartamentos teñen unha moi boa valoración tendo en conta o volume de publicacións nesta plataforma na tipoloxía “apartamento”.

Resáltanse os aloxamentos na categoría "albergue", os cales obteñen unha valoración media de 8,5 situándose na media das valoracións, por baixo das vivendas turísticas e por riba dos hoteis e pensións. Este tipo de hospedaxe ten unha gran importancia en relación aos Camiños de Santiago, polo que se establece como de vital importancia conseguir, obter e manter unhas valoracións óptimas para manter e mellorar a súa imaxe fronte ao peregrino.

Realizando unha comparativa das categorías predominantes na plataforma Booking, pódese observar que as valoracións dos "hoteis" son inferiores ás valoracións medias das outras tres tipoloxías ("apartamentos", "casas e chalés" e "albergue").

A partir da análise das recensións dos usuarios, establécese como clave do éxito o trato individualizado que ofrecen os apartamentos e as casas e chalés, que se lles permiten diferenciarse de establecementos que poden acoller a unha gran demanda de visitantes como hoteis e pensións, categorías que obtiveron as valoracións medias máis baixas desta comparativa.

GRÁFICO 26. VALORACIÓNS DOS ALOXAMENTOS POR CAMIÑO (N)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos na plataforma Booking.com

En termos xerais, pódese afirmar que os establecementos no Camiño contan con boas valoracións. Realizando unha comparativa entre os distintos Camiños, a Vía da Prata sitúase como o Camiño cunha menor valoración media dos seus aloxamentos. Isto débese principalmente á gran variedade de establecementos e municipios que engloba, entre os que se inclúen localidades con escasa oferta hostaleira e baixas valoracións, como é o caso do municipio de Vilar de Barrio, na provincia de Ourense. Dentro desta media tamén se atopan o Camiño de Inverno e o Camiño Primitivo. Estes dous Camiños, aínda que ambos os Camiños engloban un menor número de municipios, estes teñen valoracións medias baixas, por baixo de 8, como é o caso da Rúa, Rodeiro, Quiroga e Pedrafita do Cebreiro.

No extremo superior destacan a alta valoración dos aloxamentos incluídos no Camiño do Norte e a Ruta do Mar de Arousa.

As valoracións medias dos Camiños veñen afectadas, en gran medida debido ás valoracións medias dos establecementos.

GRÁFICO 27. VALORACIÓN MEDIA DOS ESTABLECEMENTOS SEGUNDO MUNICIPIO (BOOKING)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da plataforma Booking.com

Realízase unha análise das valoracións medias dos establecementos agrupadas polos municipios que integran os diferentes Camiños, co obxectivo de identificar aqueles municipios sobre os que realizar actuacións prioritarias. En termos xerais, os municipios contan con boas valoracións medias, situándose por riba do 8. No extremo superior destácanse os municipios de Paradelas, no Camiño Francés, Trasmirás, na Vía de Prata e Trabada, no Camiño do Norte e no extremo inferior destacan os municipios de Vilar de Barrio, na Vía da Prata, Rodeiro e A Rúa, no Camiño de Inverno.

Análise Google My Business

Nesta mostra utilizáronse máis de 3000 anuncios de distintos aloxamentos en Galicia da plataforma de recensións de Google, pero a maioría destes anuncios non contaban coa valoración na súa páxina principal ou estaban repetidos múltiples veces. As recensións recollidas divídense segundo as categorías de aloxamento ao que representan: alugueiros vacacionais (para unha maior especificación divídense en vivendas turísticas, casas rurais e apartamentos) e hoteis. Existindo un maior número de recensións dispoñibles nesta última categoría. No resto de categoría as valoracións dispoñibles repártense de forma homoxénea.


GRÁFICO 28. NÚMERO DE ALOXAMENTOS POR TIPOLOXÍA (GOOGLE) (N)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da plataforma Google Travel

En canto ás valoracións, similarmente aos resultados obtidos na análise da plataforma Booking.com, os establecementos que ofrecen unha atención máis personalizada dirixida a unha demanda máis concreta contan con valoracións medias superiores aos establecementos con maior capacidade, como os hoteis. Dentro da categoría de alugueiros vacacionais, as casas rurais obteñen as mellores valoracións, seguidas das vivendas turísticas e os apartamentos.

GRÁFICO 29. VALORACIÓNS MEDIA SEGUNDO TIPOLOXÍA (GOOGLE)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos da plataforma Google Travel

O estudo da localización dos aloxamentos nas recensións de Google vese imposibilitado pola configuración da plataforma, xa que a localización visualízase en forma de mapa e non permite o almacenamento de información por Web *scrapping* para a súa análise como base de datos. O Web *scrapping* ou raspado web, é unha técnica utilizada mediante programas de software para extraer información de sitios web.

Análise da calidade dos aloxamentos e servizos ao peregrino nos Camiños

Estudando a distribución da calidade dos establecementos nos distintos Camiños, estruturamos o seguinte gráfico e cadro, onde se detallan os certificados de calidade recoñecidos como a Q de calidade.

GRÁFICO 30. VARIACIÓN DO NÚMERO DE CERTIFICACIÓNS DE Q DE CALIDADE POR CAMIÑO 2019-2022




Fonte: Elaboración propia a partir de los datos recabados en la web Q de Calidad y SICTED

A Q de calidade é a marca que garante a calidade dos produtos e servizos ofertados polos diferentes establecementos do sector turístico. É recoñecida no ámbito nacional e internacional e certifica que o establecemento que a ostenta superou unha probas rigorosas e obxectivas no seu compromiso coa calidade. Está destinada ao sector turístico, promocionada polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e é expedida polo Instituto para a Calidade Turística Española-ICTE. Analizando a distribución destes certificados, vemos que, en termos absolutos, o maior número de establecementos que ostentan estas certificacións atópanse no Camiño Portugués e Portugués da Costa, así como o Camiño Inglés. Cabe destacar que os primeiros cruzan municipios tradicionalmente turísticos, polo que non se pode afirmar nin atribuír dita calidade como unha derivada exclusivamente do Camiño.


Analizando a distribución dos certificados da Q de calidade por sectores que prestan servizo ao peregrino pódese observar:

GRÁFICO 31. VARIACIÓN DO NÚMERO DE CERTIFICACIÓNS Q DE CALIDADE EN ALBERGUES 2019-2022 (N)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recabados na web Q de Calidad y SICTED

GRÁFICO 32. VARIACIÓN DO NÚMERO DE CERTIFICACIÓNS Q DE CALIDADE POR CAMIÑO EN HOTEIS 2019-2022 (N)



Fuente: Elaboración propia a partir de los datos recabados en la web Q de Calidad y SICTED


GRÁFICO 33. VARIACIÓN DO NÚMERO DE CERTIFICACIÓNS DE Q DE CALIDADE POR CAMIÑO EN TURISMO RURAL
2019-2022 (N)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recabados na web Q de Calidad y SICTED

Cabe destacar a aplicación destas certificacións de calidade a outros establecementos que provén servizos ao peregrino como é o caso da restauración (cafeterías, café-bar e restaurantes), as axencias de viaxe e outros (portos deportivos, etc.).

GRÁFICO 34. VARIACIÓN DO NÚMERO DE CERTIFICACIÓNS DE Q DE CALIDADE POR CAMIÑO E TIPOLOXÍA DE ESTABLECEMENTO EN RESTAURACIÓN 2019-2022 (N)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recabados na web Q de Calidad y SICTED

As variacións na restauración concéntranse principalmente no ámbito dos restaurantes, representando una lixeira melloría con respecto a 2019 no número de establecementos que contan con esta certificación.

Análise dos establecementos de atención ao peregrino

Para realizar a seguinte análise, utilizouse unha mostra de 191 establecementos de atención ao peregrino, dedicados principalmente a proporcionar información turística de Galicia e dos Camiños de Santiago. A mostra clasifícase en seis grupos seguindo a presente distribución:

GRÁFICO 35. NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS DE INFORMACIÓN EN GALICIA (Unidades)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos en www.turismo.gal

O maior volume de establecementos de información inclúese nas categorías das oficinas de turismo, oficinas municipais e os puntos de información. Estes puntos de atención ao visitante reciben tanto aos visitantes con inquietudes ligadas ao Camiño como a turistas con interese por outros recursos da comunidade galega.

A Coruña conta co número máis elevado de entidades de información, seguido de Pontevedra, Ourense e Lugo. Entre os concellos con maior presenza destes establecementos destacan as principais cidades de Galicia como A Coruña, Santiago, Vigo, Pontevedra ou Ferrol e algunhas localizacións como Cangas, Muros, Nigrán, Ponteceso ou Ribeira.

GRÁFICO 36. NÚMERO DE ESTABLECEMENTOS DE INFORMACIÓN NOS CAMIÑOS (Unidades)




Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos en www.turismo.gal

Analizando os establecementos de información respecto aos diferentes Camiños, podemos concluír que a maior cantidade de puntos sitúase ao redor dos Camiños Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, debido a que o seu percorrido inclúe municipios urbanos e de carácter marcadamente turístico. Esta distribución coincide coa tendencia no número de aloxamentos, analizada anteriormente, e céntrase principalmente na relevancia dos municipios polos que transcorre e o seu turismo preexistente e independente do turismo relacionado co Camiño.

Para definir a calidade dos establecementos de información ao peregrino realízase un estudo da súa calidade, baseado no número de establecementos de información ao peregrino que contan cunha certificación na Q de calidade.

GRÁFICO 37. NÚMERO DE OFICINAS DE TURISMO CERTIFICADAS COA Q DE CALIDADE POR CAMIÑO 2019-2022 (N)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recabados na web Q de Calidade e SICTED

A certificación en Q de calidade concéntrase exclusivamente nas Oficinas de Turismo, contando cunha dispersión desigual, concentrándose principalmente nos Camiños que atravesan a provincia de Pontevedra, zona que conta co maior número de oficinas certificadas en toda a Comunidade.

2.6. Actuacións nos camiños

Obras de conservación, acondicionamento e sinalización

Nos últimos anos (2015-2022) investíronse un total de 35.277.312 euros nos itinerarios do Camiño de Santiago en Galicia.

CADRO 06: DISTRIBUCIÓN ANUAL INVESTIMENTOS NOS CAMIÑOS 2015-2022

2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022	TOTAL
2.458.519	4.501.161	1.932.418	2.498.353	5.033.578	7.055.701	7.095.528	4.702.050	35.277.312

Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

Estes investimentos distribuíronse neste período de 8 anos entre:

- obras de conservación (45%)
- obras de acondicionamento e sinalización (55%)

A súa distribución, por tipoloxía de obra e por itinerario é como se mostra no seguinte cadro.

CADRO 07: DISTRIBUCIÓN DE INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA E ITINERARIO

	ACONDICIONAMENTO E SINALIZACIÓN	CONSERVACIÓN	TOTAL
CAMIÑO FRANCÉS	2.150.724	2.637.341	4.788.065
CAMIÑO DE INVERNO	2.283.894	2.068.895	4.352.788
CAMIÑO MOZÁRABE – VIA DA PRATA	4.309.333	2.707.607	7.016.940
CAMIÑO PORTUGUÉS	2.648.098	1.896.466	4.544.564
CAMIÑO FISTERRA MUXÍA	1.316.972	1.449.967	2.766.938
CAMIÑO INGLÉS	1.446.777	1.330.235	2.777.012
CAMIÑO NORTE	3.138.334	2.326.172	5.464.506
CAMIÑO PRIMITIVO	2.137.646	1.428.853	3.566.499
TOTAL	19.431.777	15.845.536	35.277.313


Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

O investimento previsto para o ano 2023 é duns 4.210.047 euros. Tendo en conta esta cifra, o investimento anual no período 2015-2023 ascenderá a 4.855.267 euros/ano ao final do próximo exercicio.

A inversión, en euros/km de itinerario nestes 8 anos oscila entre os 30.000 euros/km do Camiño de Inverno e do Camiño Francés e cerca de 19.000 do Camiño a Fisterra e Muxía.

A evolución anual das actuación de conservación e acondicionamento e sinalización móstrase no anterior gráfico, no que se percibe, en proporción, un maior esforzo de inversión na conservación do Camiño segundo se aproxima o ano Santo.


GRÁFICO 38: EVOLUCIÓN DOS INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA NO PERÍODO 2015-2022



Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia


A evolución do investimento anual de conservación e acondicionamento e sinalización neste período móstrase nos gráficos seguintes, itinerario a itinerario.

GRÁFICO 39: EVOLUCIÓN DOS INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA NO CAMIÑO FRANCÉS NO PERÍODO 2015-2022




Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

GRÁFICO 40: EVOLUCIÓN DOS INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA NO CAMIÑO DE INVERNO NO PERÍODO 2015-2022




Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

GRÁFICO 41: EVOLUCIÓN DOS INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA NO CAMIÑO MOZÁRABE - VÍA DA PRATA NO PERÍODO 2015-2022




Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

GRÁFICO 42: EVOLUCIÓN DOS INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA NO CAMIÑO PORTUGUÉS NO PERÍODO 2015-2022




Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

GRÁFICO 43: EVOLUCIÓN DOS INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA NO CAMIÑO A FISTERRA E MUXÍA NO PERÍODO 2015-2022




Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

GRÁFICO 44: EVOLUCIÓN DOS INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA NO CAMIÑO INGLÉS NO PERÍODO 2015-2022




Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

GRÁFICO 45: EVOLUCIÓN DOS INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA NO CAMIÑO DO NORTE NO PERÍODO 2015-2022



Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

GRÁFICO 46: EVOLUCIÓN DOS INVESTIMENTOS POR TIPOLOXÍA NO CAMIÑO PRIMITIVO NO PERÍODO 2015-2022



Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

Mellora da seguridade viaria e a accesibilidade nos camiños

A Xunta de Galicia ven de materializar nos últimos anos un importante número de actuacións para a **mellora da seguridade, accesibilidade e integración paisaxística dos Camiños de Santiago**. Este compromiso complétase a través de diferentes liñas de actuación, que suman un investimento conxunto de **17.550.000 euros**.

- 70 actuacións en 2021, por un importe de 1,42 M€, destinados á mellora da seguridade viaria en cruces ou treitos paralelos dos Camiños de Santiago na Rede Autonómica de Estradas.
- Actuacións de mellora da seguridade viaria ou da accesibilidade na Rede Autonómica de Estradas, no últimos anos: 3,52 M€ con actuacións tan significativas como as do Camiño Francés na LU-633 en Pedrafita, Triacastela ou Portomarín, a do Camiño Portugués na PO-225 en Alba (Pontevedra), entre outras.
- Melloras das entradas dos Camiños de Santiago en Santiago de Compostela, nos camiños Francés (Monte do Gozo – San Lázaro e Fonte dos Concheiros – Cruce de Concheiros, Inglés (Polígono do Tambre) e Portugués (Conxo), cun investimento total de 12,61 M€.

A seguridade nos desprazamentos dos peregrinos

A **Unidade de Policía Adscrita (UPA)** é a encargada de realizar actuacións en materia de seguridade nos desprazamentos dos peregrinos, nos actos institucionais, culturais, sociais, deportivos ou de calquera outro tipo relacionados co evento ou nas visitas de autoridades e, en moitas delas, en coordinación coas demais forzas e corpos de seguridade.

Dentro destes operativos de seguridade cabe destacar a actividade preventiva dos distintos grupos operativos da UPA, centrándose na patrulla habitual en vehículos todoterreo, especialmente equipados para tal fin ou en furgoneta especialmente adaptada para a recollida de denuncias e atención aos peregrinos nos propios itinerarios dos Camiños. Así, durante os dous últimos anos leváronse a cabo un total de 2.910 inspeccións e 10.463 actuacións nos diferentes itinerarios.

Ademais, dende a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, no ano 2021 elaborouse un **Plan de Protección Civil de Atención aos Peregrinos (PAP)**, o cal ten o seu ámbito de actuación nos distintos roteiros xacobeos que transcorren polo territorio de Galicia e, polos seus especiais características, na cidade de Santiago de Compostela. Ten como obxectivos principais:

- Proporcionar aos peregrinos que cheguen a Galicia polos diferentes itinerarios xacobeos a atención continua in situ que poidan demandar naquelas situacións de emerxencia nas que necesiten axuda.

- Prever os operativos de protección civil necesarios para facer fronte aos actos nos cales exista unha previsión de grandes concentracións de persoas, de maneira que se de cobertura aos asistentes e participantes nos diferentes actos e eventos que se realicen.

Por parte da Xunta de Galicia, dispónse dun **Centro Integrado de Atención ás Emerxencias (CIAE 112)** que permite que, de maneira gratuíta, os peregrinos poidan demandar calquera servizo de urxencia, as 24 horas do día, nos diferentes idiomas de uso máis común na Unión Europea.

2.7. Análise medio e contorna dos Camiños

Adecuación dos Camiños de Santiago ás Directrices da Paisaxe en Galicia

Os itinerarios dos Camiños de Santiago en Galicia atravesan 11 das 12 grandes áreas paisaxísticas (todas excepto Galicia Setentrional) definidas no Catálogo das Paisaxes de Galicia. Entre as diferentes rutas destacan, pola variedade de comarcas paisaxísticas que atravesan, o Camiño Francés (9), o Camiño de Inverno (8) e o Camiño da Vía da Prata (8).

As Directrices da Paisaxe de Galicia establecen unha serie de Obxectivos de Calidade Paisaxística (OCP) entre eles, un OCP propio para o Camiño de Santiago. Este céntrase en *lograr unha matriz paisaxística na contorna dos Camiños de Santiago ben conservada mediante a protección de todos aqueles elementos que constitúen a paisaxe cultural que conforma o Camiño de Santiago e a minimización das afeccións ás liñas estruturais da paisaxe vinculada ao Camiño: elementos lineais (peches tradicionais, sebes, arboredo, etc.), sistema viario adxacente, cursos de auga, modelo parcelario e sistema de cultivos, valores ambientais, fisiografía e relevo, infraestruturas, núcleos de poboación e patrimonio material e inmaterial.*

Ademais, fixan 10 OCG xerais, de aplicación no conxunto do territorio da Comunidade Autónoma, entre as cales destacan, en relación ao Camiño de Santiago:

- O OG2. Unhas paisaxes heteroxéneas, nos que o mosaico paisaxístico sexa entendido como un valor en si mesmo, mantendo unha matriz paisaxística que achegue variedade textural e perceptiva, evitando a banalización e o abandono.
- O OG10. Unhas paisaxes vinculadas a valores patrimoniais que poñan de manifesto a relevancia histórica e identitaria dos elementos patrimoniais materiais e inmateriais.

Os Camiños de Santiago e as Áreas de Especial Interese Paisaxístico

As Directrices definen 3 OCG xerais, aplicables ás Áreas de Especial Interese paisaxístico (AEIP), conducentes á preservación e mellora dos valores ecolóxicos, culturais e patrimoniais, e estéticos ou panorámicos, definidos en función dos valores específicos de cada área.

Estes OCG son de aplicación aos itinerarios dos Camiños de Santiago no ámbito das 29 AEIP que atravesan, que se relacionan, etapa a etapa, no seguinte cadro.

CADRO 08: ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE PAISAXÍSTICO

Itinerario	Tramo/etapa	Código AEIP	Nome AEIP
Camiño Vía da Prata	Feces -Verín	AEIP_04_22	Río Támega
	Feces - Verín	AEIP_04_17	Castelo de Monterrei
	Verín - Xinzo		
	Laza - Xunqueira de Ambía	AEIP_04_09	Val de Laza
	Verín - Laza		
	Santa Mariña de Augas Santas - Pereiras	AEIP_05_22	Augas Santas-Armeá
	Dozón -Bendoiro	AEIP_07_31	Pozo Negro
Camiño Vía da Prata / Camiño de Inverno	A Bandeira - Outeiro	AEIP_07_24	Pazo de Santa Cruz de Rivadulla
		AEIP_07_18	O Pico Sacro
		AEIP_07_25	Miradoiro de Gundián
Camiño de Inverno	Chantada - Rodeiro	AEIP_03_13	Monte Faro
	Monforte de Lemos - Chantada	AEIP_05_03	Canóns do Río Miño
	A Rúa - Quiroga	AEIP_05_07	Paradaseca – Val do Río Soldón
		AEIP_05_14	Montefurado
Camiño Francés	O Cebreiro-Triacastela	AEIP_01_17	O Courel
	Triacastela – Sarria (por Samos)	AEIP_01_15	San Cristovo do Real - Renche
		AEIP_01_14	Mosteiro de Samos
	Ferreiros - Portomarín	AEIP_05_02	Val do Río Loio
Camiño a Fisterra e Muxía	Santiago de Compostela - Negreira	AEIP_07_10	O Monte do Pedroso
		AEIP_07_09	A Ponte Maceira
Camiño do Norte	Santiago da Ría de Abres - Mondoñedo	AEIP_12_07	Ría de Abres
	Lourenzá - Abadín	AEIP_03_03	Valiñadares
	Baamonde – Sobrado dos Monxes	AEIP_03_09	Alto Miño
	Baamonde – Sobrado dos Monxes / Guitiriz - Sobrado	AEIP_03_07	Río Parga - Guitiriz
		AEIP_07_03	Lagoa de Sobrado
Camiño Primitivo	Alto de Acebo – Paradavella (por Póvoa do Burón)	AEIP_01_06	Val do Burón
	Paradavella - Castroverde	AEIP_01_07	A Marronda, O Ribón e Monte Grande
	San Romao da Retorta - Melide	AEIP_07_07	Serra do Carreón
Camiño Portugués	AEIP_06_11	AEIP_06_11	Monte Aloia
	AEIP_06_12	AEIP_06_12	Gándaras de Budiño
	AEIP_08_07	AEIP_08_07	Río Barosa

Fonte: Directrices da Paisaxe de Galicia. Elaboración propia

O Camiño da Vía da Prata é o que atravesa un maior número de Áreas de Especial Interese Paisaxístico (10), seguido do Camiño de Inverno (6).

As afeccións ao paisaxe e o Camiño de Santiago

As 7 OCPs aplicables aos 7 ámbitos das Áreas de Especial Atención Paisaxística (AEAP), no conxunto do territorio da Comunidade Autónoma, prestan atención a paisaxes urbanas e rústicos degradados, como son:

- Repoboacións forestais con especies autóctonas
- Liñas eléctricas de alta tensión en AEIP
- Explotacións minerais
- Canteiras
- Instalacións industriais mal integradas na paisaxe
- Instalacións empresariais mal integradas na paisaxe

Na práctica totalidade das etapas e/ou tramos dos itinerarios dos Camiños de Santiago están presentes estas afeccións paisaxísticas. Tan só cinco non as sofren.

- Nos Camiños da Vía da Prata, os tramos Xunqueira de Ambía-Ourense e Santa Mariña de Augas Santas-Pereiras
- Nos Camiños Francés, os tramos Sarria-Barbadelo, Barbadelo-Ferreiros e Arzúa-Salceda.

En relación a estes OCP identifícanse tramos dos Camiños nos que conflúen varias destas afeccións.

CADRO 09: ÁREAS DE ESPECIAL INTERESE TURÍSTICO

Itinerario	Tramo/etapa	Explotación	Instalación industrial mal integrada na paisaxe	Infraestrutura de produción e transporte de enerxía	Repoboacións forestais con	Infraestrutura de residuos
Camiño Vía da Prata	A Gudiña - Verín					
Camiño de Inverno	As Médulas-O Barco de Valdeorras					
	A Rúa-Quiroga					
	Chantada-Rodeiro					
	Rodeiro-Bendoiro					
Camiño Francés	O Cebreiro - Triacastela					
	Arca - Santiago					
Camiño do Norte	Santiago da Ría-Mondoñedo					
	Lourenzá-Abadín					
	Baamonde-Sobrado					
	Guitiriz-Sobrado					
	Sobrado-Boimorto					
	Boimorto - Santiago					
Camiño Primitivo	Castroverde – Sta María de Gondar					
	Sta María de Gondar - Lugo					
Camiño Inglés	Miño-Bruma					
	Bruma – Sigüeiro					
	Sigüeiro-Santiago					
	A Coruña-Bruma					
Camiño Portugués	Tui – Polígono Industrial					
	Polígono Industrial-O Porriño					
	O Porriño - Mos					
	Pontevedra-Caldas de Reis					
	Caldas de Reis - Padrón					
	A Escravitude-Milladoiro					
	Milladoiro-Santiago de Compostela					
Camiño Portugués pola Costa	A Guarda – Oia					
	Oia-Baiona					
	Baiona - Vigo					

Fonte: SIOSE. Directrices da Paisaxe de Galicia. Elaboración propia

O elemento de degradación da paisaxe máis presente nos Camiños son as plantacións de especies autóctonas, que afectan ao 70% das etapas.

As catro etapas ou tramos máis degradados paisaxísticamente son:

- Baamonde -Sobrado, nos Camiños do Norte
- As Médulas – O Barco e O Barco – A Rúa, no Camiño de Inverno
- Pontevedra – Caldas, nos Camiños Portugués

Calidade das paisaxes atravesadas polos Camiños

As Directrices da paisaxe de Galicia propoñen no seu Anexo III Indicadores de calidade paisaxística para o control e seguimento do estado e da evolución das unidades de paisaxe, propón diversos indicadores baseados na diversidade paisaxística.

Atendendo ao obxecto desta análise, que é avaliar a contorna natural dos Camiños en función da súa calidade paisaxística, seguindo este criterio, para analizar a calidade de cada un dos tramos e etapas dos Camiños aplicouse un índice baseado na diversidade das paisaxes que atravesan. Para establecelo:

- Partíuse do modelo de datos SIOSE (*Sistema de Ocupación del Suelo en España*) para o ano 2014 (o máis actualizado), que, para o territorio atravesado polos itinerarios dos Camiños de Santiago, expresa a ocupación de 43 tipos de cobertura diferentes (simples e compostas).
- Xerouse un índice de calidade paisaxística, en función da diversidade de coberturas atravesadas polo peregrino en cada etapa ou tramo dos Camiños, ponderadas, de menor a maior, en función da súa naturalidade, segundo indícase no seguinte cadro.

CADRO 10: COBERTURAS QUE SUMAN CALIDADE Á PAISAXE

Tipo de cobertura	Cobertura	Valor
Asentamentos	Casco, Asentamento agrícola e horta	2
	Zona verde urbana,	1
Cultivos	Cultivo herbáceo, Invernadoiro, Froiteiro no cítrico, Outros cultivos leñosos	1
	Combinación de cultivos leñosos, Prado, Viñado	2
	Combinación de cultivos con vexetación, Combinación de cultivos	3
Bosques	Bosque de frondosas, Bosque mixto	3
Outros	Pasteiro-herbal, Matogueira, Combinación de vexetación	3
Infraestruturas	Porto pesqueiro,	2
Terreos sen vexetación	Praia, duna ou areal, Roquedo	3
Coberturas húmidas	Zona húmida e pantanosa, Turbera, Marisma,	3
Coberturas de auga	Curso de auga, Lago ou lagoa, Mar	3
	Encoro	1

Fonte: Directrices da Paisaxe de Galicia. Elaboración propia

Ao mesmo tempo, tivéronse en conta, para cada tramo, as coberturas que restan, ponderadas de -1 a -3 en función da profundidade do impacto negativo que xeran na paisaxe.

CADRO 11: COBERTURAS QUE RESTAN CALIDADE Á PAISAXE

Tipo de cobertura	Cobertura	Valor
Asentamentos	Ensanche, Descontinuo	-1
Bosques	Bosque de coníferas	-1
Instalacións	Instalación agrícola ou gandeira, Instalación forestal, Servizo dotacional	-1
	Extracción mineira, Instalación industrial	-3
Infraestruturas	Rede viaria ou ferroviaria,	-1
	Porto comercial, Infraestrutura de subministro (de enerxía)	-2
	Aeroporto, Infraestrutura de residuos	-3
Terreos sen vexetación	Chan espido	-1
Outros	Temporalmente desarborado por incendios	-3

Fonte: Directrices da Paisaxe de Galicia. Elaboración propia

Desta análise pódese extraer que hai unha serie de etapas e tramos dos Camiños que presentan unha variabilidade e naturalidade moi por riba da media. Son:

- Os tramos finais dos Camiños a Fisterra e Muxía (Hospital-Muxía-Lires-Fisterra-Corcubión-Hospital)
- Miño – Bruma, no Camiño Inglés
- A Gudiña – Laza e Ourense – Cea na Vía da Prata
- Verín – Laza no enlace do Camiño Portugués polo interior coa Vía da Prata

Esta calidade paisaxística fundaméntase, nos Camiños interiores, na naturalidade dos tramos, afastados de espazos urbanizados, e a presenza de múltiples elementos da paisaxe costeira (marismas, praias, mar...) nos litorais.

Ademais da valoración da variabilidade e naturalidade de cada unha das etapas e/ou tramos, achouse a media das valoracións das etapas e tramos para cada un dos itinerarios, obténdose catro Camiños que se sitúan por riba da puntuación media (12). O resultado é coherente co da análise por etapas e tramos, e responde aos mesmos factores.

- Camiño a Fisterra e Muxía (20)
- Camiño Portugués pola Costa (16)
- Camiño Inglés (15)

- Camiño Vía da Prata (15)

O resto dos itinerarios non alcanzan esta puntuación media.

Conclusións

Tendo en conta o obxecto, metodoloxía empregada e resultados deste capítulo da análise interna, establécense unha serie de propostas de intervención encamiñadas a poñer en valor os valores paisaxísticos dos diversos itinerarios dos Camiños de Santiago en Galicia.

O **Camiño da Vía da Prata** é o Camiño que atesoura maiores valores paisaxísticos. Para poñelos en valor adecuadamente sería preciso corrixir as afeccións detectadas, coa integración de instalacións industriais e, especialmente, a restauración dos restos de explotacións mineiras que se observan dende o itinerario.

O **Camiño de Inverno**, aínda que comparte valores en boa parte do seu itinerario co Camiño da Vía da Prata, en dous dos tramos correspondentes ás Áreas de Especial Interese Paisaxístico ás que dá acceso exclusivamente o seu itinerario é necesario reducir a incidencia das afeccións de todo tipo que degradan os seus valores, especialmente significativas no tramo A Rúa – Quiroga.

O **Camiño a Fisterra e Muxía**, o de maior calidade paisaxística en termos de naturalidade e diversidade, require dunha maior integración da presenza (puntual) de infraestruturas industriais no itinerario, e dun tratamento da afección á paisaxe das plantacións de especies autóctonas (presentes en case todas as etapas).

O **Camiño Portugués pola Costa** é un dos mellor valorados paisaxísticamente pola presenza de elementos litorais en boa parte do seu percorrido. Aínda asumindo as limitacións asociadas ao seu itinerario por espazos fortemente urbanizados, require minimizar a afección que a plantación forestal de especies autóctonas supón na totalidade das súas etapas.

O **Camiño do Norte** debería abordar, de novo, a corrección da presenza de plantacións de especies autóctonas na práctica totalidade das súas etapas e a integración e/ou restauración das explotacións mineiras que hoxe en día degradan os valores paisaxísticos das 5 áreas de especial interese polas que transcorre este itinerario.

No Camiño **Primitivo** as plantacións de coníferas, comúns á totalidade das súas etapas, xeran uniformidade na paisaxe. Este factor, xunto á presenza dispersa de instalacións industriais pouco integradas, merece un tratamento á hora de poñer en valor as áreas de especial interese paisaxístico polas que transcorren as súas etapas e, en xeral, de elevar a calidade do percorrido.

O **Camiño Francés** require esforzos, sobre todo, na integración da industria dispersa (naves, almacéns...), que representan unha afección negativa á súa paisaxe, e no tratamento das plantacións de especies autóctonas, comúns á totalidade das etapas dende Portomarín a Santiago de Compostela.

A paisaxe do **Camiño Portugués** está sometido a multitude de afeccións debido a que transcorre, na súa maior parte, por un territorio sometido a un intenso proceso de urbanización. Isto fai que resulte o peor valorado, paisaxísticamente, dos itinerarios que transcorren pola Comunidade Autónoma, e sexa o que máis require unha intervención destinada á mitigación dos múltiples impactos que degradan a paisaxe na práctica totalidade do seu percorrido.

O **Camiño Inglés** resulta na análise ser un dos de máis alta calidade paisaxística, polo peso que na paisaxe teñen os elementos litorais nas súas primeiras etapas dende A Coruña e Ferrol. A presenza constante de infraestruturas de transporte de enerxía, plantacións de especies autóctonas, instalacións industriais dispersas, requiriría, do mesmo xeito que o Camiño Portugués, unha intervención específica para mitigar estes impactos, que comprometen a percepción dos valores paisaxísticos que, sen dúbida, atesoura.

2.8. Análise da experiencia do peregrino

Introdución

Para poder estudar e comprender a experiencia vivida polo peregrino nos Camiños de Santiago, realizáronse enquisas sobre aspectos relacionados coa experiencia que vive o peregrino.


Valoración da experiencia xeral de peregrinación

Expectativa previa e posterior á realización dos Camiños

Do 1 ao 10, a maior parte dos enquisados valoraron a experiencia que esperaban vivir previa á realización do Camiño con un 10, quedando una media total do 8,9.

Aos peregrinos enquisados realizóuselles a mesma pregunta de valoración, pero unha vez finalizado o Camiño, subindo a media unha décima ata o 9.

GRÁFICO 47. Avaliación das expectativas



Fonte: Elaboración propia

Polo tanto, aínda que as expectativas sexan bastante elevadas para os peregrinos, a experiencia non decepcionou e incluso chegaron a superar as expectativas dalgúns camiñantes enquisados. Estes datos indícanos a positiva imaxe que ten o Camiño e a acollida que obtén dos usuarios que realizan as rutas.

Aspectos máis positivos e máis negativos da experiencia

En canto aos aspectos mais positivos que os peregrinos enquisados mencionaron sobre a súa experiencia, destacan o sentimento de conexión cun mesmo e coa xente da contorna que realizaba o mesmo traxecto. Moitos dos enquisados aluden a sentimentos de introspección e de paz mental e as reflexións que se poden chegar a ter cun mesmo mentres realiza o traxecto. En definitiva, a gran maioría dos enquisados experimentan uns aspectos positivos relacionados cos sentimentos persoais.

Por outro lado, tamén se destacan aspectos do entorno e da paisaxe, caracterizados pola súa natureza tranquila e a súa capacidade para xerar un entorno de introspección que, unido ao carácter solidario e hospitalario da xente que habita próxima aos Camiños, crean unha experiencia moi positiva para os peregrinos.

Por último, sobre todo nas enquisas a peregrinos internacionais, destácase o descubrimento de pobos con encanto que se atoparon polos Camiños e que non coñecían con anterioridade.

Sobre os aspectos negativos, o que máis se repite nas enquisas son os peregrinos que comentan a inexistencia de experiencias negativas durante a súa traxectoria polos Camiños. En segundo lugar, algúns enquisados detallan a alta afluencia dos Camiños en determinadas datas do ano en certos tramos.

Finalmente, outro dos aspectos que sinalan como de especial consideración é a necesidade de contar con unha capacidade física boa, característica especialmente relevante en etapas de gran lonxitude.

Valoración da experiencia segundo a percepción de distintas variables

Realizáronse preguntas aos peregrinos sobre as condicións e o mantemento dos Camiños polos que transitaron, ademais das accesibilidades básicas coas que se debería contar. Os temas a tratar son os seguintes:

- Estado de conservación do Camiño
- Sinalización e axuda para seguir o Camiño
- Seguridade para transitar o Camiño
- Conservación do patrimonio natural do Camiño
- Conservación do patrimonio cultural do Camiño
- Cantidade de peregrinos cos que se coincidiu
- Grao de dixitalización dos servizos ofertados
- Accesibilidade para persoas con dificultades de mobilidade
- Capacidade de inclusión e respecto pola diversidade
- Calidade das infraestruturas de aloxamento
- Calidade da oferta gastronómica
- Outros servizos necesarios como atención médica, farmacias, transportes, etc.

Sobre o estado de conservación dos Camiños, a maior parte dos enquisados valorou con un 8, obtendo unha media de 8,1. A sinalización e axuda á hora de non ter ningún inconveniente para recoñecer as rutas valorouse cun 8,4.

Un punto de gran importancia para os peregrinos enquisados é a seguridade. Neste aspecto, os enquisados valoraron con un 8,5 sobre 10 os Camiños de Santiago, debido ao entorno agradable e tranquilo das zonas polas que transita.

A conservación do patrimonio natural presente nos Camiños obtivo unha valoración de 8,1, a valoración que os peregrinos deron ao patrimonio cultural é practicamente idéntica á anterior, cun 7,9 sobre 10 puntos.

O grao de dixitalización que os usuarios do Camiño percibiron é de 7,4 sobre 10.

En canto a accesibilidade, a propia natureza do Camiño fai que a media de puntuación se atope no 6,5, debido á dificultade da súa realización para persoas con problemas de mobilidade nalgunhas rutas do mesmo.

Sobre os servizos que oferta o Camiño aos peregrinos, realizouse unha enquisa sobre a valoración da calidade da infraestrutura dos aloxamentos, a oferta gastronómica e outros servizos necesarios, como sonas farmacias, atención médica, transporte, etc.

No que respecta á calidade da infraestrutura de aloxamentos, valorouse cun 7,7 sobre 10.

A oferta gastronómica obtén unha puntuación moi favorable, debido á gran cantidade de oferta de restaurantes e bares polas zonas dos camiños. Desta maneira, a maior parte dos enquisados valoraron con 10 esta pregunta, resultando unha media de 8,2.


Sobre outros servizos necesarios, valórase cun 8,1 sobre 10, constatando a eficiencia dos servizos presentes e o seu bo funcionamento nas instancias circundantes aos Camiños.

Aspectos máis asociados aos Camiños

Preguntóuselles aos enquisados sobre os conceptos que en maior medida asociaba ao Camiño de Santiago, dando as seguintes opcións como proposta:

GRÁFICO 48. Conceptos máis valorados

- Seguridade
- Hospitalidade
- Tradición
- Accesibilidade
- Humanismo
- Acollida
- Familiar
- Transitable
- Solidariedade
- Outra



Fonte: Elaboración propia

Como se pode observar no gráfico, o concepto que os peregrinos enquisados elixiron en maior medida é o de “Hospitalidade”, seguido de “Solidariedade” e “Tradición”. O concepto menos escollido polos enquisados foi o de “Transitable”, “Familiar” e “Accesibilidade”.

2.9. Análise patrimonio público dos Camiños

Analizouse o patrimonio público dispoñible na contorna dos itinerarios dos Camiños de Santiago en Galicia, co fin de elaborar un inventario de bens patrimoniais e demaniales dispoñibles para mellorar os servizos de cada unha das rutas.

Para iso partiuse da capa vectorial de edificios públicos sen uso procedentes das enquisas de infraestruturas e equipamentos locais (EIEL) das catro provincias. A distancia crítica a calquera itinerario dos Camiños, para considerar un ben nesta relación, foi 600 m, do mesmo xeito que a empregada na análise dos BIC.

O resultado, itinerario a itinerario, móstrase nos seguintes cadros.

CADRO 12: PATRIMONIO PÚBLICO DISPOÑIBLE INMEDIATO AO CAMIÑO EN GALICIA BENS DE INTERESE CULTURAL NOS CAMIÑOS

Itinerario	Denominación	Titular	Superficie parcela (m2)	Distancia ao itinerario (m)
Santiago de Compostela	Antigo hospital de San Roque	Concello de Santiago de Compostela	1.204	85
Camiño Portugués	Teatro Principal	Concello de Tui	482	230
	Edificio sen uso en Avda. Concordia		601	590
	Antiga escola de Biduido de Abaixo	Concello de Ames	3897	500
	Antiga escola de Firminstáns		451	550
Camiño Portugués pola Costa	Vivenda en R/Méndez Núñez	Concello de A Guarda	56	0
	Pedornes	Concello de Oia	105	540
	Torre do Reloxo	Concello de Baiona	53	22
	Locais de Volta	Concello de Redondela	197	435
Camiño Vía da Prata	Vivenda de mestres de Medelo	Concello de Lalín	87	70
	Antiga escola de Alberguería (Laza)	Concello de Laza	114	40
	Antiga escola de Fumaces (Ríós)	Concello de Ríós	195	35
	Antiga escola de Vila de Rei	Concello de Trasmiras	90	0
	Antiga escola de Santa Ana (Sandiás)	Outros	81	125
Camiño Vía da Prata / Inverno	Vivendas de mestres en Prado	Concello de Lalín	196	75
Camiño de Inverno	Oficinas (Pol. Industrial Lalín 2000)		212	10

	Antigo CEIP Manuel Rivero		656	205
	Antigo cuartel da Garda Civil Pobra de Brollón	Ministerio do Interior	100	0
	Antigo Cárcere	Concello Monforte de Lemos	50	210
	Antigo centro de saúde		2.268	500
Camiño Francés	Antiga escola unitaria San Martiño do Real	Concello de Samos	59	175
	Antiga Casa Cuartel da Garda Civil en Samos	Comunidade Autónoma de Galicia	274	75
	Edificio Rúa Maior 73 en Sarria	Concello de Sarria	293	65
	Anexo Concello de Sarria	Concello de Sarria	600	215
	Casino de Sarria	Outros	800	75
	Antiga escola de Lestedo (Palas de Rei)	Concello de Palas de Rei	70	0
Camiño do Norte	Antiga escola Vilamartín Pequeno	Concello de Barreiros	53	0
	Local social en Pígara (Begonte)	Concello de Guitiriz	60	240
	Antiga escola de Cabana	Concello de Friol	70	200
	Antiga escola de Pedramaior		183	400
	Antiga escola de Pedrido	Concello de Mondoñedo	170	400
Camiño Primitivo	Antigo concello de A Fonsagrada	Concello de A Fonsagrada	230	0
	Antiga escola de Póboa de Burón		152	260
	Antiga escola de San Paio	Concello de Castroverde	400	600
	Antiga escola de Vilar de Cas		55	360

Camiño a Fisterra e Muxía	Antiga casa consistorial de Muxía	Concello de Muxía	277	30
	Antiga escola de Estorde	Concello de Cee	80	500
	Antiga escola de Cee	Concello de Cee	558	250
	Antiga escola de Zas (Negreira)	Concello de Negreira	3.328	250
Camiño Inglés	Antigo Infantario de Altamira	Concello de Cambre	200	100
	Antiga Aduana do porto de Ferrol	Ministerio de Hacienda	336	40
	Antiga casa consistorial de Narón	Concello de Narón	277	175
	Edificio no ámbito da UA-13	Concello de Fene	275	200
	Antiga escola de Laraxe (Cabanas)	Concello de Cabanas	933	160

Fonte: Enquisa de Infraestrutura e equipamento local. Elaboración propia

Identificáronse un total de 44 edificios, dos cales 39 son de titularidade municipal. A tipoloxía máis abundante é a dos antigos equipamentos educativos (escolas unitarias e vivendas de mestres) hoxe en desuso.

Trátase, na maior parte dos casos (23), de antigas escolas rurais. Outras tipoloxías que se repiten son as casas cuartel da Garda Civil (2) e casas dos concellos (4). Destacan, pola súa singularidade, a Aduana do porto de Ferrol, o Hospital de San Roque de Santiago de Compostela, o Teatro Principal de Tui e o antigo cárcere de Monforte de Lemos.

Estas propiedades públicas son oportunidades para a mellora da actual dotación pública dos Camiños.

2.10. Patrimonio cultural material e inmaterial ligado aos Camiños

Introdución

Neste apartado da análise abórdase a identificación de todos os recursos patrimoniais ligados aos Camiños de Santiago, tanto de tipoloxía tanxible como intanxible, como base para o diagnóstico do seu potencial histórico e patrimonial. Atendendo do tipo de recurso, o alcance da análise foi diferente.

Así, en canto ao **patrimonio cultural e natural**, identificáronse tanto a totalidade dos **Bens de Interese Cultural (BIC), elementos catalogados e árbores e formacións declaradas singulares** situadas dentro dos termos municipais atravesados polas rutas, como os bens catalogados incluídos no ámbito dos Camiños declarados, ou ben situados a menos de 30 m das trazas recoñecidas dos Camiños non declarados.

Con respecto aos **eventos**, identificáronse as festas de interese turístico internacional, nacional e de Galicia que se celebran nos termos municipais polos que discorren as rutas xacobeas.

Incluíronse, finalmente, os **recursos gastronómicos** recoñecidos con Denominación de Orixe Protexida ou Indicación Xeográfica Protexida referida a ámbitos xeográficos que inclúen os termos municipais polos que transcorren as rutas.

Identificación e análise dos Bens de Interese Cultural nos Camiños

Na totalidade dos termos municipais polos que discorren as rutas identificáronse 346 bens declarados BIC. Ademais dunha paisaxe cultural (Ribeira Sacra), son 19 os conxuntos históricos atravesados polas rutas, o que reflicte a importancia dos asentamentos en relación ao Camiño de Santiago. Dentro do seu ámbito sitúanse unha boa parte dos BIC declarados individualmente.

A continuación, relaciónanse estes conxuntos declarados, entre os cales se atopan 17 conxuntos históricos urbanos 1 zona arqueolóxica (Portomarín) e 1 conxunto etnográfico.

Cabería engadir a esta relación 3 conxuntos non declarados BIC, pero ordenados con plans especiais de protección e que albergan unha extraordinaria riqueza patrimonial. Estes son Pontedeume, no Camiño Inglés, Padrón, no Camiño Portugués e Lourenzá, no Camiño do Norte.

Ademais dos 19 conxuntos declarados atravesados polas rutas, 121 BICs están situados a menos de 600 m da traza dos Camiños de Santiago, o que supón para o peregrino un desprazamento camiñando non

superior aos 10 minutos para visitalos, unha distancia viable para non atrasar moito os tempos de cada etapa dos Camiños e que, ao mesmo tempo, non implica moitos km a maiores da ruta establecida. Unha relación dos mesmos pódese consultar no anexo 00 deste documento.

CADRO 13: BENS DE INTERESE CULTURAL NOS CAMIÑOS

Denominación	Ruta
Conxunto histórico de Santiago de Compostela	Todas
Conxunto etnográfico das Pallozas do Cebreiro	Camiño Francés
Conxunto asolagado de Portomarín	
Paisaxe cultural da Ribeira Sacra	
Conxunto histórico de Monforte de Lemos	Camiño de Inverno
Conxunto histórico de Ribadeo	
Conxunto histórico de Mondoñedo	
Conxunto histórico de Lugo	Camiño Primitivo
Conxunto histórico de A Coruña	Camiño Inglés
Conxunto histórico do Barrio de Ferrol Vello	
Conxunto histórico do Barrio de A Madalena	
Conxunto histórico de Betanzos	
Conxunto histórico de Corcubión	Camiño a Fisterra e Muxía
Conxunto histórico de Allariz	Camiño Vía da Prata
Conxunto histórico de Ourense	
Conxunto histórico de Baiona	Camiño Portugués
Conxunto histórico de Vigo	
Conxunto histórico de Tui	
Conxunto histórico de Pontevedra	

Fonte: Plan Básico Autonómico. Elaboración propia

12 deles atópanse no termo municipal de Santiago de Compostela (e case todos son accesibles dende a totalidade das rutas). Do resto, 48 correspóndense cos Camiños delimitados oficialmente cun territorio histórico protexido e 61 aos Camiños que contan unicamente cunha traza recoñecida. Tendo en conta a ruta dende a que son accesibles, a súa distribución sería como se mostra no seguinte cadro (6 BICs declarados individualmente son accesibles dende dúas rutas).

CADRO 14: BENS DE INTERESE ACCESIBLES DENDE O CAMIÑO

Localización	Nº de BICs accesibles	
	Conxuntos históricos	Declarados individualmente
Santiago de Compostela	1	12
Camiño Francés e variantes	2	8
Camiño do Norte e variantes	2	12
Camiño Primitivo	1	11
Camiño Inglés	4	17
Total Camiños declarados	10	48
Camiño de Inverno	1	9
Vía da Prata	3	19
Camiño a Fisterra e Muxía	1	2
Camiño Portugués e Camiño da costa	4	31
Total Camiños non declarados	9	61
TOTAL	19	121

Fonte: Plan Básico Autonómico. Elaboración propia

A súa tipoloxía é diversa, destacando os edificios de carácter relixioso. Así atopámonos ao paso dos Camiños 10 templos (4 catedrais, 4 colexiatas, 1 basílica e 1 santuario) e 15 conxuntos monacales (6 conventos e 9 mosteiros). Entre o resto destacan os 15 elementos defensivos (7 castelos, 2 fortalezas e 6 torres) e as 13 edificacións residenciais declaradas BIC (5 casas e 8 pazos), que son unha mostra da arquitectura residencial máis nobre. A maiores existen outros elementos como petróglifos, carballeiras, parques ou espazos naturais, etc.

O maior grao de urbanización e o tipo de poboamento histórico máis disperso do territorio que cruza o Camiño Portugués e o Camiño pola Costa fai que unha cuarta parte dos bens declarados próximos ao

Camiño sexan accesibles dende estas dúas rutas, e 4 dos 18 conxuntos históricos (sen incluír Padrón) sexan atravesados por elas. Moi próximo en interese patrimonial áchase o Camiño da Vía da Prata e as súas variantes.

Na mesma liña, a declaración da Ribeira Sacra como paisaxe cultural no ano 2018, e a súa inclusión como candidatura a Patrimonio Mundial, implicará a integración destes valores culturais na ordenación e xestión do Camiño de Inverno, que o atravesamos de leste a oeste, entre Monforte de Lemos e Chantada, e discorre paralelo ao val do Sil en boa parte do seu percorrido.

Incorporar estes valores patrimoniais á ordenación e xestión destas tres rutas é un dos retos aos que ha de enfrontarse o Camiño nos próximos anos.

Análise dos BICs dende o punto de vista funcional: sinalización, accesibilidade e uso

CADRO 15: ASPECTOS, VARIABLES E CRITERIOS DE VALORACIÓN FUNCIONAL DOS BICS

Aspecto	Nº de BICs accesibles	
	Variables	Valoración
Sinalización (indicacións do ben e relación co Camiño)	Existe	Si=1 / No=0
	Propia no BIC	Si=1 / No=0
	Nos Camiños	Si=1 / No=0
	Visión do BIC dende o Camiño	Si=1 / No=0
Accesibilidade (posibilidade de visitar e coñecer o ben)	Aberto	Si=2 / Parcial=1 / No=0
	Horario	Acceso libre=2 / Horas determinadas=1 / Reserva=0
	Uso (museo, relixioso, hospedería...)	Si=2 / Parcial=1 / No=0
	Estado	Ben=2 / Ruina parcial=1 / Ruina=0
	Accesibilidade	Si=2 / Parcial=1 / No=0
Servizos	Mantemento	Si=1 / No=0
	Aseos, bebidas	Si=1 / No=0

Fonte: Elaboración propia

Realizouse en base aos datos facilitados polas Oficinas de Turismo existentes en cada un dos municipios ou persoal da administración local, así como as referencias que estas facilitaron sobre outras fontes de información (webs). O resultado detallado desta análise pódese consultar no anexo 00 do documento do Plan Director.

En conclusión, a valoración dos Bens de Interese Cultural, dende o punto de vista da sinalización accesibilidade e uso, lanza os seguintes resultados:

- Os 14 elementos que obteñen unha valoración máis baixa (0-5 ptos) correspóndense a metade deles con elementos que ou ben están en mans privadas ou en estado de abandono ou ruína, e a metade deles trátase de elementos vinculados ao patrimonio cultural defensivo (torres, castelos, fortaleza...) Tres dos catorce municipios nos que se atopan carecen de Oficina de Turismo.
- Os 13 elementos cunha boa valoración, pero con bastante capacidade de mellora, requiren maiores inversións para poñer en valor estes recursos.

Os elementos das 7 cidades non foron valorados con este método, xa que a maioría alcanzan valoracións altas. Considerouse prioritario analizar aqueles recursos situados nos municipios menores que poden desempeñar un papel dinamizador do territorio.

En xeral os **Conxuntos Históricos** son os elementos mellor valorados nos tres apartados, reflexo das actuacións que se viñeron desenvolvendo nas últimas dúas décadas, incentivando a rehabilitación das edificacións e a reurbanización do espazo público.

- A arquitectura relixiosa mantense medianamente accesible e visitable na medida que se manteñen servizos relixiosos e párrocos ou persoal das congregacións. Ao mesmo tempo vanse incorporando outros usos que manteñen parcialmente estes elementos como as hospederías, restaurantes e algún museo. A maioría obteñen unha valoración intermedia, xa que, debido ás grandes dimensións e falta de investimento e uso, hai un alto grao de abandono e ruína parcial. O mesmo sucede cos elementos de carácter defensivo.

Os pazos de titularidade privada están en bo estado, pero non accesibles ás visitas, mentres que os que son de titularidade pública si, aínda que sexa de forma parcial. Varios deses inmobles de titularidade privada están en venda.

Atendendo ao éxito logrado coa ordenación integrada dos bens comprendidos nos conxuntos históricos, apúntase a oportunidade que os Camiños de Santiago supoñen como eixo para a ordenación integrada da ampla diversidade patrimonial dos BICs individuais, elevando e nivelando os seus niveis de accesibilidade e servizos.

Análise dos BICs dende o punto de vista turístico: aspectos xerais, oferta e demanda

Aplicouse unha segunda análise, cun enfoque máis cualitativo, orientado a determinar aquelas tipoloxías de bens que poden desempeñar un papel máis dinamizador dos Camiños. Para iso aplicouse a matriz de valoración que se presenta a continuación:

CADRO 16: ASPECTOS E VARIABLES DE VALORACIÓN TURÍSTICA DOS BICS

Ámbito	Variable
Aspectos xerais	A1. Identificación O recurso identifícase coa imaxe xeral que desexa transmitir o destino e/ou contribúe á creación/reforzo da mesma:
	A2. Desestacionalización: O recurso contribúe ou ten potencial para contribuír á desestacionalización da actividade turística (apertura durante todo o ano, realización de actividades en períodos fóra da tempada estival).
	A3. Xestión turística: A responsabilidade da xestión turística do recurso depende dun organismo público ou existe algún tipo de estrutura de xestión público - privada do mesmo, e/ou os axentes implicados teñen un grao elevado de organización/ involucramento /vontade turística:
	A4. Descentralización: O recurso ten capacidade para garantir o equilibrio territorial da actividade turística dos Camiños de Santiago, ben porque a localización atópase en zonas de baixa actividade turística, ben porque as actividades asociadas ao mesmo teñen capacidade para contribuír á distribución dos visitantes en Galicia.
Oferta	O1. Atractivo: Trátase dun recurso tractor destacado ou existen factores inherentes ao recurso que lle outorgan unha singularidade, que xustifica por si mesma a capacidade de atracción.
	O2. Diferenciación/Innovación: Trátase dun recurso singular ou innovador con respecto á maioría de recursos consolidados dos Camiños de Santiago:
	O3. Posta en valor: Existe unha adecuada posta en valor do recurso (conservación, sinalización, promoción...):
	O4. Accesibilidade/Mobilidade: Existe unha dispoñibilidade de infraestrutura de servizos de transporte suficiente e/ou aparcamentos nas proximidades

	O5. Capacidade de acollida: O recurso ten capacidade suficiente para acoller simultaneamente un número razoable de visitantes:
	O6. Diversificación: O recurso é susceptible de xerar por si mesmo, ou entrando a formar parte de produtos turísticos de nova creación, novos itinerarios e experiencias turísticas singulares.
	O7. Competitividade: Os estándares de calidade asociados ao recurso pola demanda actual/potencial son adecuados á estrutura da oferta de servizos turísticos e de lecer actual na zona onde se localiza.
Demanda	D1. Orientación: O recurso encaixa nas novas tendencias de mercado (sustentabilidade, innovación, experiencial, autenticidade, personalización, adaptado ás novas tecnoloxías):
	D2. Consolidación O recurso por si mesmo xa atrae na actualidade, visitantes a nivel nacional e internacional, e/ou forma parte dos itinerarios turísticos que estes seguen tradicionalmente:
	D3. Potencialidade: O recurso presenta capacidade de atracción de potenciais visitantes a nivel nacional ou internacional.

Fonte: Elaboración propia

A estes aspectos, aplícanse os seguintes criterios de priorización:

CADRO 17: CRITERIOS DE PRIORIZACIÓN TURÍSTICA DOS BICS

Nivel	Valoración		
	Aspectos xerais	Oferta	Demanda
Recurso estrela	3, 4	5, 6, 7	2, 3
Recurso complementario	2	3, 4	1
Recurso secundario	1	1, 2	0

Fonte: Elaboración propia

Do mesmo xeito que no apartado anterior, os elementos das 7 cidades non foron valorados con este método, por considerar prioritario analizar os 73 situados nos municipios menores, que poden desempeñar un papel dinamizador do territorio. O resultado da priorización lanza os seguintes resultados cuantitativos:

CADRO 18: RESUMO DE RESULTADOS DA PRIORIZACIÓN TURÍSTICA DOS BICS

Total recursos analizados	Recursos estrela	Recursos complementarios	Recursos secundarios
169	6	34	33

Fonte: Elaboración propia

Os 6 recursos estrela resultantes son o Conxunto etnográfico das Pallozas do Cebreiro, os conxuntos históricos de Allariz, Ribadeo, Tui e Baiona, e o Xardín da Vila de Padrón.

De novo o carácter de conxunto e os resultados dunha política de recuperación patrimonial complexa, integrada noutras políticas (vivenda, social, promoción económica), é a que garante os mellores resultados.

Identificación e análise dos elementos naturais

Co mesmo criterio que os demais recursos patrimoniais en relación co Camiño de Santiago, selecciónanse as árbores e formacións singulares situados como máximo a 600 m da traza dos Camiños. As formacións singulares seleccionadas son 6:

CADRO 19: FORMACIÓNS SINGULARES ACCESIBLES DENDE O CAMIÑO

Itinerario	Formación
Camiño Inglés	Palmeiral canario dos Xardíns Méndez Núñez (A Coruña)
	Olmos do Xardín de San Carlos (A Coruña)
Camiño Portugués	Palmeira do Senegal do Xardín Artístico de Padrón
	Plátanos de sombra do Paseo do Espolón (Padrón)
	Carballeira de Caldas de Reis
Camiño a Fisterra e Muxía	Carballeira de San Lorenzo de Trasouto (Santiago)

Fonte: Catálogo de árbores e formacións singulares de Galicia. Elaboración propia

Estas formacións catalogadas sitúanse na súa maioría en espazos tamén recoñecidos coa categoría de BIC.

Identificáronse un total de 30 árbores singulares próximos ás diferentes rutas dos Camiños de Santiago, distribuídos como se indica a continuación:

CADRO 20: ÁRBORES SINGULARES ACCESIBLES DENDE O CAMIÑO

Localización	Número de árbores singulares
Cidades	Pontevedra (1), Santiago de Compostela (6) e Vigo (7)
Camiño Francés	Samos (1)
Camiño Inglés	Miño (1), Pontedeume (1) e Narón (1)
Camiño do Norte	Sobrado dos Monxes (1), Vilalba (1) e Begonte (1)
Camiño Portugués e da costa	Redondela (3), Padrón (5) e Caldas de Reis (2)

Fonte: Catálogo de árbores e formacións senlleiras de Galicia. Elaboración propia

Unha gran parte localízanse novamente en cidades (Santiago de Compostela e Vigo, fundamentalmente), e nas inmediacións dos Camiños Portugués e da Costa. No caso de Caldas, as árbores singulares complementan a consideración da súa alameda como BIC, e no caso de Padrón, o Paseo do Espolón, o Xardín da Vila (declarado BIC) e as 5 árbores singulares que este alberga convérteno no máis importante exemplo da xardinería urbana próximo aos Camiños de Santiago, fóra das 7 cidades.

Noutros casos, como Pontedeume, Sobrado, Samos, Vilalba e Redondela, as árbores singulares teñen un papel complementario ao patrimonio construído recoñecido nestas vilas.

Na consulta realizada ás oficinas de turismo constatouse a escasa presenza que estes elementos vexetais teñen na oferta turística local, aspecto a resolver e integrar na ordenación dos Camiños.

Identificación e análise dos elementos do patrimonio material catalogados

Ademais dos bens culturais declarados, identificáronse, fóra dos ámbitos dos conxuntos urbanos declarados e/ou ordenados con plans de protección, un total de 3.621 elementos do patrimonio material catalogados na delimitación dos Camiños declarados ou están inmediatos (a menos de 30 m) da traza recoñecida dos non declarados, e sitúanse fóra dos ámbitos dos conxuntos históricos declarados que contan cun Plan Especial de Protección. Esta cifra expresa a gran densidade do patrimonio construído vinculado ao Camiño, inmediato á súa traza.

De cada ruta identificáronse aqueles elementos patrimoniais máis relacionados a vialidade (cruceiros, pontes, petos de ánimas), que dan un contido cultural material á ruta, e aqueles que poden proporcionar

descanso ao peregrino (fontes, lavadoiros, elementos de mobiliario, etc.). A continuación, resúmese o inventario indicando o número de elementos protexidos de cada tipo identificados en cada ruta.

CADRO 21: ELEMENTOS DO PATRIMONIO MATERIAL CATALOGADOS

Itinerario	Total elementos protexidos	Cruceiros	Petos de ánimas	Pontes	Fontes	Lavadoiros	Mobiliario
Camiño Francés e variantes	578	12	3	11	15	1	1
Camiño Primitivo e variantes	412	21	0	1	18	4	0
Camiño do Norte e variantes	487	57	0	12	17	5	0
Camiño Inglés	480	20	2	14	20	4	0
Camiño de Inverno	231	13	0	14	5	1	0
Vía da Prata	600	36	3	14	19	9	0
Camiño a Fisterra e Muxía	389	35	1	0	12	2	1
Camiño Portugués e da costa	444	72	5	13	21	9	0
TOTAL	3.565	266	14	79	127	35	2

Fonte: Plan Básico Autonómico. Elaboración propia

Identificación e análise dos eventos de interese turístico

Identificáronse un total de 57 eventos de interese turístico que se celebran nas localidades polas que transcorren as rutas xacobeas en Galicia. De todos eles, 6 están declaradas Festas de Interese Turístico Internacional, 5 de Interese Turístico Nacional e 46 son Festas de Galicia de Interese Turístico.

CADRO 22: FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO INTERNACIONAL

Localización	Denominación	Municipio
Santiago de Compostela	Festival Santiago Apóstolo	Santiago de Compostela
Camiño Inglés	Semana Santa	Ferrol
	Fogueiras de San Juan	A Coruña
Vía da Prata	Entroido	Xinzo de Limia
	Festa do Cocido	Lalín
Camiño Portugués e da Costa	A Arribada da Carabela Pinta	Baiona

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Elaboración propia

CADRO 23: FESTAS DE INTERESE TURÍSTICO NACIONAL

Localización	Denominación	Municipio
Camiño Primitivo e variantes	Festas de San Froilán	Lugo
	Arde Lucus	Lugo
Camiño Vía da Prata	Entroido de Verín	Verín
Camiño a Fisterra e Muxía	Romaría da Nosa Señora da Barca	Muxía
Camiño Portugués e da Costa	Festa da Reconquista	Vigo

Fonte: Ministerio de Industria, Comercio e Turismo. Elaboración propia

CADRO 24: FESTAS GALEGAS DE INTERESE TURÍSTICO

Localización	Denominación	Municipio
Santiago de Compostela	Semana Santa	Santiago de Compostela
Camiño Francés e variantes	Feira do Queixo do Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro
	Feira dos Santos	Monterroso
	Festa do Galo Piñeiro e Mostra Cabalar	O Pino
	Festa do Melindre e da Repostería Tradicional da Terra	Melide

Camiño Primitivo e variantes	Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento	Lugo
	Semana Santa	
	Feira do Butelo	A Fonsagrada
Camiño do Norte e variantes	As San Lucas	Mondoñedo
	Semana Santa	
	Mercado Medieval	
	Belén electrónico	Begonte
	Día da Gaita e Romaría de Santa Cruz	Ribadeo
	Festa da Romaxe das Cruces	
	Festa da Faba de Lourenzá	Lourenzá
Camiño Inglés	Festa do Pan de Neda	Neda
	Feira Franca Medieval	Betanzos
	Festa da Troita	Oroso
	Festa das Pepitas en Ferrol	Ferrol
Camiño de Inverno	Festa do Botelo	O Barco de Valdeorras
	Festa do Aceite	Quiroga
	Folión de Carros	Chantada
Camiño Vía da Prata	Entroido	Laza
	Entroido	Vilariño de Conso
	Festa da Filloa en Lestedo	Boqueixón
	Entroido dos Xenerais del Ulla	Boqueixón, Silleda, Teo
	Festa da castaña e do Cogomelo	Ríós
	Festa da empanada en Bandeira	Silleda
	Festa de exaltación do Pan de Cea	San Cristovo de Cea
	Festa do Boi	Allariz

	Festa do Magosto	Ourense
	Festa dos Maios	
Camiño a Fisterra e Muxía	Festas do Santísimo Cristo	Fisterra
Camiño Portugués e pola Costa	Festa da lagosta e da Cociña Mariñeira	A Guarda
	Entroido de Cobres	Vilaboa
	Descenso internacional do Miño	Tui
	Feira Franca	Pontevedra
	Festa do San Benitiño de Lérez	
	Festa do Santísimo Cristo dos Aflixidos en Bouzas	Vigo
	Festa da Anguía e da mostra da Caña do País	Valga
	Belén en Movemento	
	Festas Patronais de San Telmo	Tui
	Festa da Ostra de Arcade	Soutomaior
	Festa da Rosa	Mos
	Festa do Choco	Redondela
	Festa do Corpus Christi	Redondela
	Festa do Pemento de Herbón	Padrón

Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

A presenza de 20 eventos relacionados coa exaltación e promoción de produtos gastronómicos domina o panorama das festas de interese turístico que se celebran ao longo dos Camiños. En segundo lugar, as 10 festividades de orixe católica (entre as que destaca a semana santa, con 4 de interese), os 7 entroidos e as 5 feiras e mercados tradicionais dominan o panorama das festas de interese turístico que se celebran ao longo dos Camiños. É testemuñal a presenza de eventos deportivos e musicais ou culturais, ou relacionados con feitos históricos (3).

Un aspecto para destacar é o efecto desestacionalizador e diversificador que boa parte dos eventos gastronómicos, algúns dos relixiosos, os entroidos e as feiras e mercados tradicionais, exercen sobre a experiencia dos Camiños.

Identificación e análise dos recursos gastronómicos de calidade

Galicia conta actualmente cun total de 35 produtos alimentarios de calidade diferenciada, segundo a información do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e a Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia, que inclúen: 5 Denominación de Orixe Protexida de viños, 4 Denominación de Orixe Protexida de queixos, 1 Denominación de Orixe Protexida de produtos de orixe vexetal, 4 Indicación Xeográfica Protexida de viños, 1 Indicación Xeográfica Protexida de mel, 3 Indicación Xeográfica Protexida de panadería e repostería, 3 Indicación Xeográfica Protexida de produtos cárnicos, 8 Indicación Xeográfica Protexida de produtos de orixe vexetal, 4 Indicación Xeográfica de augardentes e licores tradicionais e, ademais, 2 Indicación Xeográfica Protexida en tramitación (Capón de Vilalba e Terras do Navia).

Ademais da DOP Queixo de Tetilla, podemos contar coa presenza de moitos outros produtos de calidade diferenciada producidos ao longo da Comunidade Autónoma sendo accesibles dende cada unha das rutas do Camiño de Santiago. Trátase de 10 produtos con Indicación Xeográfica Protexida: 4 bebidas espirituosas (Orujo, Licor Café, Licor de Herbas e Augardente de Herbas de Galicia), e a Tenreira Galega, o Lacón Galego, a Pataca de Galicia, os Grelos de Galicia, a Mel de Galicia e a Tarta de Santiago. Outros produtos teñen un ámbito de produción máis restrinxido e, polo tanto, son máis específicos de cada zona en particular. A relación entre eles e as rutas detállase a continuación.

- **Camiño Francés e variantes:** DOP de Queixo de Arzúa (Arzúa, o Pino, Melide, Monterroso, Palas de Rei e Portomarín), DOP Queixo do Cebreiro (Pedrafita, Triacastela, As Nogais y Samos), IGP de Castaña de Galicia (todos, excepto O Pino e Santiago de Compostela)
- **Camiño Primitivo e variantes:** DOP Arzúa - Ulloa (Friol, Guntín), DOP Cebreiro (A Fonsagrada, Baleira, Castroverde), IGP de Pemento de Mougán (Guntín), IGP Castaña de Galicia (todos excepto Santiago de Compostela e O Pino)
- **Camiño do Norte e variantes:** DOP de Arzúa-Ulloa (Vilasantar, Sobrado, Toques), DOP San Simón da Costa (Vilalba, Begonte, Guitiriz, Abadín), IGP Capón de Vilalba (Vilalba, Begonte, Guitiriz, Abadín), IGP Faba de Lourenzán (Ribadeo, Barreiros, Lourenzán, Mondoñedo, Trabada), IGP Castaña de Galicia (todos excepto Barreiros, Ribadeo, O Pino e Santiago de Compostela).
- **Camiño Inglés:** DOP Arzúa-Ulloa (Mesía, Ordes, Oroso), IGP Pemento do Couto (Ferrol, Narón, Neda, Fene), IGP Betanzos (Miño, Paderne, Betanzos, Abegondo).
- **Camiño de Inverno:** DOP Arzúa - Ulloa (Chantada), DO Valdeorras (Rubiá, Carballeda de Valdeorras, Vilamartín de Valdeorras, O Barco de Valdeorras, A Rúa), DO Ribeira Sacra (O Saviñao, Monforte, Pantón, A Pobra de Brollón, Quiroga, Chantada) IGP Castaña de Galicia (todos excepto Santiago de Compostela, Boqueixón e Vedra). IG Rías Baixas (Boqueixón, Vedra, A Estrada, Silleda)

- **Camiño Vía da Prata:** DOP Arzúa-Ulloa (Boqueixón), IGP Castaña de Galicia (todos excepto Santiago de Compostela, Vedra e Boqueixón), IGP Pemento de Oimbra (Oímbra, Verín, Castrelo do Val, Monterrei, Cualedro, Laza, Riós, Vilardevós), IGP Pan de Cea (San Cristovo de Cea). DO Rías Baixas (Boqueixón, Vedra, A Estrada, Silleda), DO Monterrei (Rións, Verín, Monterrei, Oimbra, Vilardevós, Vilariño de Conso, DO Ribeiro (Ourense), IGP Val do Miño Ourense (Ourense, san Cibrao das Viñas).
- **Camiño Portugués e pola Costa:** DOP Mexillón de Galicia (Ría de Pontevedra e Ría de Vigo), DOP Pemento de Herbón (Valga, Pontecesures, Padrón), DO Rías Baixas (Barro, Portas, Caldas de Reis, Tui, Mos, Soutomaior, Padrón, Teo), IGP Barbanza e Iria (Padrón, Valga, Pontecesures), IGP Ribeiras do Morrazo (Redondela, Vilaboa, Pontevedra).

Cabe resaltar a DOP Mexillóns de Galicia, por ser a única DOP de produtos do mar, e cuxo consumo se estende ao longo de toda a comunidade, contando con especial presenza na costa. Inclúise nos Camiños Portugués e Portugués da Costa como consecuencia do seu paso polas Rías de Pontevedra e de Vigo, ambas relacionadas a nivel paisaxístico co cultivo deste molusco nas bateas, que é un sinal de identidade das rías galegas.

Unicamente o Pemento de Arnoia non se produce nos termos atravesados polo Camiño de Santiago, o que da a idea do amplo acceso que as rutas xacobeas no seu conxunto proporcionan aos produtos de maior calidade que son base da gastronomía galega.

Como é lóxico pola súa dimensión territorial, o Camiño da Vía da Prata é a ruta que transita polas comarcas que producen máis produtos (19) de calidade diferenciada. Séguenlle, con 16, o Camiño do Norte (o único, xunto co Camiño a Fisterra e Muxía) que non atravesa zonas vitivinícolas, e o Camiño Portugués.

Existe unha relación intensa entre os eventos de exaltación e promoción dos produtos, analizados no anterior apartado, e os produtos distinguidos con selos de calidade. Moitos deles contan coa súa festa propia, o que reforza o carácter de resorte desestacionalizador e diversificador que este aspecto do patrimonio cultural, que tanto peso ten na cultura galega e no atractivo que Galicia fóra da Comunidade Autónoma, podería chegar a ter nos próximos anos.

2.11. Identificación de axentes implicados

Introdución

No presente apartado levouse a cabo unha identificación dos axentes relevantes relacionados cos Camiños de Santiago.

En primeiro lugar, recompilouse aqueles con potencial implicación no desenvolvemento e implementación do novo Plan director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia, pertencentes aos organismos públicos competentes na xestión dos Camiños, e a aqueles outros que poden ter competencias propias de turismo ou que afecten dalgún modo a isto, a nivel autonómico, provincial, comarcal ou municipal. Estes categorizáronse baixo as etiquetas de Xunta de Galicia, Organismos Públicos e Concellos e tivéronse en conta para o desenvolvemento do proceso participativo para a definición das liñas estratéxicas do Plan director.

Na procura dos axentes relevantes fose do espectro de organismos públicos, identificáronse asociacións, organizacións non lucrativas e empresas do sector turismo (incluído o sector dos aloxamentos e a restauración), as industrias culturais e creativas, das comunicacións, de innovación, mobilidade e académicos, entre outros.

Sobre estes axentes elaboráronse fichas que conteñen: a tipoloxía de entidade, a persoa de contacto, unha análise das súas competencias, das accións que promoven dende a entidade, os seus proxectos desenvolto, necesidades e intereses, entidades coas que colaboran, proxectos exemplares e posibles actuacións para o reforzo dos proxectos en marcha.

Por último, fíxose un detalle das correlacións entre os diferentes axentes e na estratexia do Plan director propoñeranse accións destinadas á optimización das relacións entre os distintos axentes e entes identificados e á creación de novas correlacións entre os mesmos.

Estudo de relacións entre os axentes

Na xestión, planificación e promoción dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia interveñen esencialmente catro tipos de axentes. No centro deles atópase a Xunta de Galicia, a través da **Axencia Turismo de Galicia**, directamente, ou a través da **S.A. de Xestión do Plan Xacobeo** teñen as seguintes competencias específicas: "a dirección e coordinación das actuacións relacionadas coa posta en valor cultural e turístico dos Camiños de Santiago, a súa promoción, a xestión da imaxe corporativa do Xacobeo e da rede de albergues, e o mantemento e conservación dos Camiños e a súa sinalización, así como calquera outra acción que redunde no beneficio dos Camiños de Santiago".

Ao seu redor, atópanse:

- Outros organismos da **Administración pública**, que contan con competencias de xestión, planificación e financiamento. Son as Consellerías, os Concellos, as Deputacións e entidades como os Xeodestinos e os Grupos de Desenvolvemento Rural (GDR).
- O **tecido asociativo** encárgase da promoción, divulgación e preservación dos Camiños. Esta é a forma máis directa na que a poboación pode participar nas devanditas actividades sobre os Camiños. Neste grupo inclúense fundacións, asociacións empresariais, asociacións culturais e asociacións relacionadas co Camiño.
- As **universidades e entidades formativas** importan formacións específicas e xeran coñecemento a través das actividades de investigación. Tamén levan a cabo actividades de posta en valor dos Camiños.
- A **empresa privada** ocúpase da execución dalgúns dos servizos básicos e necesarios para a creación do produto turístico.

Todos os actores relaciónanse dalgún modo, pero, sobre todo, coa administración pública e a Xunta de Galicia, como organismo central da xestión. A colaboración entre eles prodúcese debido á división e repartición do financiamento. Os organismos públicos contan con financiamento propio e financiamento derivado doutros organismos tamén públicos.

GRÁFICO 49: ORGANISMOS IMPLICADOS NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO



Fonte: Elaboración propia

Identificación de axentes

Os axentes identificados como relevantes do sector turismo, da industria cultural e creativa, do sector da información e comunicación, do sector mobilidade, sen ánimo de lucro e de economía social, axentes do ámbito académico, e de asociacións e fundacións relacionados co Camiño son:

CADRO 25: ASOCIACIÓNS TURÍSTICAS IDENTIFICADAS

Asociacións turísticas	
1	Clúster de Turismo de Galicia
2	Oficina do Peregrino de Santiago de Compostela
3	Museo das Peregrinacións
4	Asociación de Empresarios de Hostalaría de A Coruña
5	Asociación de Hostalaría de Vigo (AHOSVI)
6	Confederación de empresarios de hostalaría, comercio, turismo y servicios de Ourense
7	Federación de hostalaría de Pontevedra (Fepros)
8	Asociación de Empresarios de Hospedaxe de Pontevedra
9	Federación Galega de Turismo Rural (FEGATUR)
10	Asociación Empresarial de Hospedaxe da Coruña (HOSPECO)
11	Asociación de Empresarios Groveses de Bens e Servizos
12	Asociación Sectorial de hostalaría da Provincia de Pontevedra (HOSA)
13	Asociación de Empresarios de Hostalería de Ferrol e Comarcas
14	Ahituvi – hostalaría y Turismo de Vilagarcía
15	Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría de A Coruña
16	Federación de Empresarios do Baixo Miño (Febam)
17	Costa da Morte Asociación de Turismo (CMAT)
18	Asociación para o Desenvolvemento de Turismo de Calidade da Comarca de Ortegal
19	Asociación de Empresarios Terras de Melide (ASETEM)
20	Asociación de Comerciantes Industriais, Servizos y Autónomos de Ribadeo (ACISA)
21	Asociación Galega de Axencias de Turismo (AGAVI)
22	Asociación Profesional De Guías De Turismo De Galicia
23	Asociación Galega de Turismo Rural (AGATUR)
24	AECT Galicia-Norte de Portugal
25	Asociación Propietarios Aloxamentos Turismo Rural Agarimo
26	Asociación de Hostalería de Compostela
27	ICOMOS

Fonte: Elaboración propia

CADRO 26: SECTOR ACADÉMICO

Sector académico	
1	Máster en Turismo Urbano e Xestión de Empresas Turísticas
2	Grao en Turismo
3	Máster en Planificación e Xestión de Destinos e Produtos Turísticos
4	Centro Superior de Hostelería de Galicia (CSHG)
5	CETUR (Centro de Estudos e Investigacións turísticas) - USC
6	Investigador Socioeconomía Camiño
7	Cátedra dos Camiños de Santiago e das Peregrinacións

Fonte: Elaboración propia

CADRO 27: ORGANZIACIÓNS SEN ÁNIMO DE LUCRO IDENTIFICADAS

Organizaciones sen ánimo de lucro	
1	Fundación Galicia Sustentable
2	Fundación Juana de Vega
3	CERMI (Comité Español de representantes de persoas con discapacidade)

Fonte: Elaboración propia

CADRO 28: MANCOMUNIDADES E ASOCIACIÓNS DE MUNICIPIOS

Mesas do Camiño	
1	Mesa do Camiño - Deputación de Pontevedra
2	Mesa do Camiño Inglés e Fisterra Muxía - Deputación da Coruña
3	Mesa do Camiño a Fisterra e Muxía - Deputación da Coruña
4	Mesa do Camiño Mos - Concello de Mos
5	Mesa do Camiño Tui - Concello de Tui
6	Mesa do Camiño de Tui – Concello de Tui
7	Mesa do Camiño Portugués da Costa
8	Fundación da Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Río Ulla
9	Mancomunidad de concellos galegos do Camiño Francés
10	Asociacións de municipios do Camino de Santiago
11	Asociación de concellos de Fisterra e Muxía
12	Asociación de concellos do Camiño Inglés

Fonte: Elaboración propia

CADRO 29: ASOCIACIÓNS DE AMIGOS DO CAMIÑO

Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago	
ASOCIACIÓNS DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN ESPAÑA	
1	Asociación de Municipios do Camiño de Santiago
2	Federación Española de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago
3	Camiño Francés Federación
4	Federación de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago de Levante Sureste
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Andalucía	
5	Federación Andaluza de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago
6	Asociación Xacobeá de Almería - Granada Camiño Mozárabe.
7	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Almería “Almería Jacobea”
8	Asociación Gaditana Xacobeá “Vía Augusta”

9	Asociación Xacobeas de Xerez da Fronteira 'SHARISH'
10	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Cádiz
11	Asociación Camiño Mozárabe de Baena
12	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Córdoba
13	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Granada
14	Granada Xacobeas
15	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Huelva
16	Asociación Xacobeas de Jaén
17	Asociación Xacobeas de Málaga
18	Amigos do Camiño de Santiago de Sevilla
19	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Utrera
20	Asociación Villae Naevae - Camiño Xacobeas da Fronteira
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Aragón	
21	Asociación Oscense de Amigos del Camiño
22	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Jaca
23	Asociación Cultural Amigos do Camiño de Santiago de Alcañiz
24	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago "San Macario" de Andorra (Teruel)
25	Asociación de Amigos del Camiño de Santiago de Zaragoza
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Asturias	
26	Asociación Astur-Galaica de Santiago Apóstolo de Avilés
27	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago Valdés - Lueca
28	Asociación Amigos do Camiño de Santiago "El Acebo"
29	Asociación Castrillón para todos. Amigos Camiño Santiago-Castrillón
30	Asociación Xacobeas "El Camino del mar Cantábrico"
31	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Grado
32	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago do Baixo Nalón
33	Asociación Astur-Leonesa de Amigos do Camiño de Santiago
34	Cofradía Santiago Apóstolo de San Lázaro do Camiño
35	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago "Siero Jacobeo"
36	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Siero, Noreña e Sariego

37	Asociación de Peregrinos dos Camiños do Norte Ribadesella - Caravia (APECAN)
38	Asociación Cultural "Salas en el Camino de Santiago"
39	Asociación Cultural "La Humildad" e do Camiño de Santiago
40	Agrupación de Asociacións de Amigos do Camiño Norte de Santiago
41	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago Astur-Galaico do Interior
42	Asociación Astur-Galaica de Amigos do Camiño de Santiago
43	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Villaviciosa
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Cantabria	
44	Asociación Amigos dos Camiños de Santiago do Norte de España por Cantabria. Camargo
45	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago "El Cajigal" de Güemes
46	Asociación Amigos do Camiño de Santiago de Santander
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Castela e León	
47	Asociación Amigos do Camiño de Santiago en Ávila
48	Asociación Hospital de Peregrinos San Antón
49	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Briviesca Bureba
50	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Burgos
51	Asociación Hospital de Peregrinos San Antón
52	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Miranda de Ebro
53	Asociación Cultural Xacobeia Paso a Paso
54	Asociación Amigos do Camiño de Santiago de León "Pulchra Leonina"
55	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Astorga e a súa Comarca
56	Asociación Leonesa do Camiño Olvidado a Santiago (Camiño Vello)
57	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago Vía da Prata - Monte Urba.
58	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Mansilla das Mulas
59	Asociación Vía Nova
60	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago do Bierzo
61	Asociación Peregrina da Comarca de Sahagún. IACOBUS
62	Asociación Internacional de Peregrinos AVE FENIX
63	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Palencia
64	ACASAN. Asociación de Amigos do Camiño de Santiago. Vía da Prata. Fuenteroble de Salvaterra

65	Amigos do Camiño de Santiago de Segovia
66	Asociación Soriana Amigos do Camiño de Santiago
67	Asociación de Amigos dos Camiños de Santiago de Medina de Rioseco
68	Asociación do Camiño de Santiago do Sureste en Valladolid
69	Federación de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago de Levante Sureste
70	Asociación Xacobeia Vallisoletana (AJOVA)
71	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago Mozárabe Sanabrés
72	Asociación Zamorana dos Camiños de Santiago
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Castela – A Mancha	
73	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Albacete. ACSAB
84	Asociación de Amigos dos Camiños de Santiago do Sureste - Caudete
75	Asociación Amigos do Camiño de Santiago de Cuenca
76	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago e da Santa Cruz - Cuencamino
77	Asociación Alcarreña de Amigos do Camiño de Santiago
78	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Toledo en Escalona
79	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Talavera de la Reina
80	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago do Sureste en Villanueva de Bogas (Toledo)
81	Asociación de Amigos do Camiño de Uclés
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Cataluña	
82	Federació d'Associacions d'Amics del Camí de Sant Jaume de Catalunya. Federación de Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago de Cataluña
83	Asociación Amigos Apóstolo e do Camiño de Santiago de Barcelona
84	Associació D'Amics dels Pelegrins a Santiago de Barcelona
85	Amics de El Prat
86	Associació D'Amics del Camino de Santiago de Esplugues
87	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de L'Hospitalet de Llobregat
88	Asociación Camiño Ancestral de Santiago
89	Associació d'Amics del Camí de Sant Jaume de Sabadell
90	Amics del Camí de Sant Jaume de Terrassa
91	Associació D'Amics del Camí de San Jaume de Girona
92	Gerunda. Amics dels Camins de Sant Jaume de les Comarques Gironines

93	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Bicicleta. Bicigrino
94	Associació d'Amics del Camí de Sant Jaume de Cervera i la Segarra
95	Amics del camí de Sant Jaume i del camí Ignasià del Palau d'Anglesola
96	Amics del Camí de Sant Jaume de l'Ebre del Montsià
97	Associació D'amics del Camí de Sant Jaume Tarragona
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago no País Valenciano	
98	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Alicante
99	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Denia
100	Xàbia-Camino de Santiago
101	Asociación dos Camiños de Santiago do Sureste-Novelda. AACSSN
102	Asociación de Amigos dos Camiños de Santiago del Sureste Villajoyosa
103	Asociación de Amigos da Ruta Xacobeá "Ultreia-Castellón"
104	Asociación Xacobeá de Requena
105	Asociación Amigos do Camiño de Santiago da Comunidade Valenciana
106	Asociación de Amigos do Camiño Mozárabe de Santiago de Badajoz
Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Extremadura	
107	Asociación de Amigos do Camiño Mozárabe de Santiago-Vía da Prata de Mérida
108	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Zafra e comarca Río Bódion
Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Galicia	
109	Federación Galega de Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago. FEGAC
110	Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago (AGACS)
111	Asociación de Amigos do Camiño Portugués en Ames e Teo
112	Archicofradía Universal del Glorioso Apóstol Santiago (S.A.M.I.)
113	Asociación Comunicadores do Camiño de Santiago
114	Asociación Cultural Polonia en Galicia
115	Asociación dos Amigos dos Camiños de Santiago a Cabalo "Equum Peregrinans"
116	Asociación de Periodistas e Estudiosos do Camiño de Santiago (APECESA)
117	Fraternidad Internacional do Camiño de Santiago (FICS)
118	Fundación "Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Ulla"
119	Fundación Acolida Cristiana nos Caminos de Santiago. ACC

120	Fundación Xacobeá
121	Fundación Orden do Camiño de Santiago
122	Asociación Amigos Camiño do Mar Peregrinación a Santiago de Compostela
123	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago da Provincia de Lugo
124	Asociación Vía Künig
125	Camiños a Santiago pola Ribeira Sacra
126	Asociación de Viandantes do Camiño Primitivo de Santiago
127	Asociación Cultural Grupo Xacobeo Sarria
128	Asociación de Amigos do Camiño da Comarca de Sarria
129	Asociación “Abrindo Camiño” de Amigos do Camiño Norte de Santiago
130	Asociación Amigos do Camiño de Santiago por Valdeorras
131	Asociación Amigos do Camiño de Santiago "O Portón da Picota"
132	Asociación Cultural “Amigos Camiño Mozárabe - Vía da Prata de Ourense”
133	Asociación de Amigos dos Camiños de Santiago por Lalín-Deza. Camiño de Inverno
134	Asociación IACOBUS Cofradía de Santiago de Tui e Baixo Miño
135	Fundación Traslatio
136	Asociación Ruta Marítima del Apostol Santiago a Galicia
137	Asociación Pura Raza Cabalo Galego
138	Asociación de Veciños Santa Baia de Mos
139	Amigos do Camiño Portugués a Santiago
140	Asociación Europea dos Camiños de Santiago - Saint James Way European Association
141	Fundación Camiño de Santiago
142	Asociación Amigos dos Pazos
143	Asociación Protectora Animais do Camiño. APACA
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Baleares	
144	Cami de Santiago Mallorca. Peregrinacions i Passejades
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Canarias	
145	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago das Palmas
146	Asociación De Peregrinos canarios no Camiño de Santiago de Tenerife

Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Madrid	
147	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Cadalso de los Vidrios
148	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Madrid
149	Cofradía de Santiago Apóstol de Madrid
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Murcia	
150	Asociación Amigos do Camiño de Santiago en Cartagena
151	Asociación Lorca-Santiago
152	Asociación Amigos do Camiño de Santiago de Murcia
Asociaciones de Amigos del Camino de Santiago en Navarra	
153	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Urdax-Baztan
154	Os Amigos do Camiño de Santiago. Centro de Estudos Xacobeos. Estella
155	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Puente la Reina-Gares
156	Fundación Misterio de Obamos
157	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Navarra
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en el País Vasco	
158	Asociación de Amigos dos Camiños de Santiago de Álava
159	Agrupación Hospitaleiros Voluntarios Camiño de Santiago Bizkaia
160	Asociación dos Amigos do Camiño de Santiago de Bizkaia
161	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Santurtzi (CAMISAN)
165	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Deba
166	Asociación Xacobeia Irun-Bidasoa. JACOBI.
167	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Guipúzcoa. GIPUZKOAKO SANTIAGO-BIDE LAGUNEN ELKARTEA
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en La Rioja	
168	Asociación de Peregrinos do Señor Santiago de Galicia de Calahorra
169	Asociación Amigos do Camiño de Santiago de Haro-Rioja Alta
170	Asociación Rioxana de Amigos do Camiño de Santiago
171	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Alfaro
ASOCIACIÓNS DO CAMIÑO DE SANTIAGO EN EUROPA	
172	Fédération Européenne du Saint-Jacques-de-Compostelle
173	ACIR Compostelle. Agence des Chemins de Compostelle. Agence Coopération Interrégionale

Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Alemaña	
174	Deutsche St. Jakobus-Gesellschaft e.V.
175	Jakobusgesellschaft Brandenburg-Oderregion e.V.
176	Beuroner Jakobuspilger Gemeinschaft
177	Badische St. Jakobusgesellschaft e.V. Geschäftsstelle In Jungewerk
178	Sankt-Jakobus-Bruderschaft Bamberg
179	Ökumenischer Pilgerweg e.V.
180	Jakobus Pilgergemeinschaft Augsburg e.V.
181	St. Jakobus Gesellschaft Sachsen-Anhalt e. V.
182	Santiago-Freunde Köln
183	St. Jakobus-Gesellschaft Berlin-Brandenburg e. V.
184	St Jakobus-Gesellschaft Rheinland-Pfalz-Saarland e.V.
185	Haus St. Jakobus – Schwäbische Jakobusgesellschaft
186	Freundeskreis der Jakobuspilger Hermandad Santiago e.V. Paderborn
187	Jakobusgemeinschaft Rohrdorf e.V.
188	St Jakobusbruderschaft Düsseldorf e.V.
189	Ultreia Gemeinnütziger Verein Zur Förderung Der Mittelalterlichen Jakobswege E.V.
190	St Jakobusbruderschaft Trier e.V.
191	Fränkische St. Jakobus-Gesellschaft Würzburg e.V.
192	Sächsischer Jakobsweg an der Frankenstraße e.V.
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Austria	
193	Sankt Jakobs Bruderschaft zur Förderung der Pilgerbewegung
194	Jakobusgesellschaft Salzburg
195	Jakobsgemeinschaft Tirol
196	Jakobsweg Wien
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Bélxica	
197	Vlaams Compostela Genootschap
198	Association Belge des Amis de Saint-Jacques de Compostelle Asbl
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Croacia	
199	Asociación de Amigos do Camiño en Slavonski Brod

200	Asociacion de Amigos do Camiño de Croacia e Balcáns ISTARKA JAKOVA
201	Confraternity of Saint James en Croacia
Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Dinamarca	
202	Foreningen af Danske Santiagopilgrimm
Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Eslovaquia	
203	Priatel'ia Svät'ojakubskej Cesty na Slovensku - Camiño de Santiago
Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Eslovenia	
204	Društvo prijateljev poti sv. Jakoba v Sloveniji
Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Estonia	
205	Eesti Jaakobitee Sõprade Selts
Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Estonia	
206	Jaakontien Ystävät. The friends of the Way of St James' in Finland
Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Francia	
207	Fédération Française des Associations des Chemins de Saint Jacques de Compostelle. FFACC
208	Association Lot et Garonnaise des Amis de Saint Jacques de Compostelle
209	Association Rhône-Alpes des amis de Saint-Jacques. ARA
210	Association des Amis de Saint Jacques en Bourbonnais - Souvigny
211	Association Provence-Alpes-Côte d'Azur-Corse des Amis des Chemins de Saint-Jacques-de-Compostelle et de Rome
212	Association Randonneurs et Pèlerins 08 Ardennes (RP08)
213	Le Chemin de Saint Jacques de Compostelle du Piémont Pyrénéen en Ariège-Pyrénées
214	CAMINS Association des chemins anciens du Minervois
215	Association du Bas Rouergue vers Compostelle
216	Les Amis de Saint Jacques de Compostelle en Berry
217	Confraternité des Pèlerins de Saint Jacques de Compostelle en Bourgogne
218	Association des Chemins de Compostelle et de Rome en Franche-Comté (ACCR-BFC)
219	Association des Amis et Pèlerins de Saint Jacques et d'Études Compostellanes du Limousin Périgord
220	Les étoiles de Compostelle
221	Association Franc-Comtoise du Chemin de Compostelle
222	Association des Amis de Saint Jacques d'Eure-et-Loir. "Compostelle 28"
223	Association des Amis de Saint Jacques de Compostelle de Gradignan-Gironde

224	Association des Amis de Saint Jacques de Compostelle en Aquitaine
225	Les Amis du chemin de Saint Jacques en Occitanie. ACSJOccitanie
226	Amis Saint-Jacques du Velay
227	A la croisée des Chemins-Lourdes
228	Amis Réunionnais des Chemins de Compostelle - ARCC
229	Association bretonne des Amis de Saint Jacques de Compostelle
230	Chemins de Compostelle en Touraine. Voie de Tours
231	Société Landaise des Amis de Saint Jacques et d'Etudes Compostellanes
232	Compostelle 45 Les Amis de Saint Jacques dans le Loiret
233	Sur les chemins de Compostelle Cahors
234	Association des Amis de Saint Jacques de Compostelle en Anjou
235	Randonneurs et Pèlerins 51
236	Compostelle 53 & Autres Chemins
237	Association des Amis des Chemins de Compostelle du Nord
238	Les amis et pèlerins du Westhoek vers Saint-Jacques de Compostelle
239	Amis du Beauvaisis vers Compostelle
240	Compostelle 2000
241	Arras Compostelle Francigena
242	Amis du Chemin de St Jacques en Auvergne
243	Association des Amis des Chemins de Saint-Jacques de Compostelle en Pyrénées Atlantiques
244	Les Amis du Chemin de St Jacques de Compostelle. ARLOLOJAC Voie d'Arles Oloron Jaca et Piémont Pyrénéens
245	Les Amis du Chemin de Saint-Jacques de Compostelle. Perpignan.
246	Les Pèlerins de Compostelle en chalonaise 71
247	Compostelle 72. Association sarthoise des Amis de Saint-Jacques de Compostelle et du Mont Saint Michel
248	Pèlerins de Saint-Jacques de Compostelle Paris-Vézelay
249	Sur les chemins de Compostelle Rouen
250	Amis de Saint Jacques en Terre Varoise
251	Les Amis des Chemins de Compostelle en Vienne
252	Association des Amis et Pèlerins de Saint-Jacques de la Voie de Vézelay
253	Association des Amis de Saint Jacques de Compostelle en Charente

254	Association Meuse Compostelle
255	Association Bordeaux-Compostelle Hospitalité Saint Jacques
256	Association Saint Jacques en Boulangrie
257	Confrérie des Amis de Saint Jacques à Compiègne
258	Les Amis des Chemins de Saint Jacques en Terre d'Aude
259	Association des Amis de Saint Jacques de Compostelle en Lorraine
260	Association Vendéenne des Pèlerins de Saint-Jacques
261 262	Association Provençale des Pèlerins de Compostelle
263	Association des Amis de Saint Jacques en Languedoc-Roussillon
264	Institut Recherche Jacquaire
265	Centre d'Etudes Compostellanes. Société Française des Amis de Saint Jacques de Compostelle
266	Association Rocamino Le Chemin par Rocamadour
267	Association "Tranquilles sur la voie de Tours" Tranquilles SVTC.
268	Association Saintaise des Chemins de St Jacques de la Charente-Maritime
269	Association les Amis des Pelerins à St-jean d Angely et Surgeres "Le Bourdon"
270	Associaton des Amis de Saint Jacques des Hautes-Pyrénées
271	Les Amis de Saint Jacques de Compostelle en Alpilles
272	Compostelle 41. Amis de Saint Jacques en Loir-et-Cher
273	Accueil et traditions St Gilles-St Jacques
274	Association des Amis de Saint-Jacques en Champagne-Ardenne
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Hungría	
275	Saint James Fraternity - Hungary - Szent Jakab Baráti Kör
276	Asociación de Camiño de Peregrinaxe Húngaro. Magyar Zarándokút Egyesület.
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Irlanda	
277	Camino Society Ireland. Cumann Camino na hÉireann
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Italia	
278	Amici del Camino di Santu Jacu AdCSJ (Cerdeña)
279	Associazione Lombarda di Studi Jacopei per il Ripristino degli Itinerari Compostellani Romei ed Ierosolimitani. (A.L.S.J.R.I.C.R.I.)
280	Associazione triveneta Amici di Santiago
281	Centro Italiano di Studi Compostellani

282	Confraternita di San Jacopo di Compostella. Centro Italiano di Studi Compostellani
283	Associatio Internationale Via Francigena
284	Associazione Triveneta Amici di Santiago sulle antiche vie dello Spirito
285	Associazione Pellegrini per Sempre
286	Associazione Anaune amici del Cammino di Santiago. AACs
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Letonia	
287	Association St. James Way in Latvia
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Lituania	
288	Šv. Jokūbo kelio draugų asociacija Association of the Friends of St James Way
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Luxemburgo	
289	Frënn vum Camino de Santiago de Compostela
290	Cofradía del Apóstol Santiago Letzebuerg, A.S.B.L.
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Malta	
291	XirCammini
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Noruega	
292	Confraternity of St James, Norway. The St.Olav Ways
293	Pilegrimsfellesskapet St.Jakob
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Países baixos	
294	Nederlands Genootschap van Sint Jacob - NGSJ
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Polonia	
295	Bractwo św. Jakuba w Więclawicach Starych
296	Bractwo Pielgrzymkowe św. Jakuba Apostoła
297	Przyjaciele Dróg św. Jakuba w Polsce
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Portugal	
298	Associação ACB - Albergue Cidade de Barcelos
299	Associação Espaço Jacobeus (Confraria de São Tiago)
300	APAAS Associação Portuguesa dos Amigos do Apostolo Santiago
301	Associação de Peregrinos "Via Lusitana"
302	ACPS Associação dos Amigos do Caminho Português de Santiago
303	AICCS Associação Internacional de Companheiros nos Caminhos de Santiago

304	Centro de Estudos Jacobeus Caminhos Portugueses a Santiago de Compostela
305	Associação Amigos do Caminho do Este de Portugal
306	Vila Valeriani - Associação de Peregrinos
307	AACS-VIANA Associação dos Amigos do Caminho de Santiago de Viana do Castelo
308	Ventos Peregrinos - Associação de Hospitaleiros
309	VIAVETERIS - Associação Jacobeia de Esposende
310	Associação Portuguesa dos Amigos de Santiago de Compostela
311	Asociacao dos amigos do Caminho de Santiago do Norte de Portugal
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Reino Unido	
312	Confraternity of Saint James
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en República Checa	
313	ULTREIA z.s.
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Rumanía	
314	Asociatia prietenilor "Camino de Santiago"
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago de Rusia	
315	Asociación de Amigos del Camino de Santiago de Rusia
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Suecia	
316	Santiagoföreningen i Sverige
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Suíza	
317	Verein Jakobsweg Graubünden
318	Association Helvétique des Amis du Chemin de Saint-Jacques Schweizerische Vereinigung der Freunde des Jakobsweges
319	Association faîtière des pèlerins Suisses
320	Jakobsweg.ch
321	Pilgerzentrum St. Jakob Zürich
ASOCIACIÓNS DO CAMIÑO DE SANTIAGO NO RESTO DO MUNDO	
Asociaciones de Amigos do Camiño de Santiago en Arxentina	
322	Federacion Americana de Asociacións do Camiño de Santiago
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Arxentina	
323	Asociación Amigos do Camiño de Santiago en Arxentina AACSA
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Australia	

324	Australian Friends of the Camino
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Brasil	
325	Instituto Caminho do Sol
326	AACS-Brasil - Associação Brasileira dos Amigos do Caminho de Santiago. Grupo Regional de Aracaju
327	Associação dos Amigos do Caminho de Santiago em Londrina
328	CAS-RJ - Confraria do Glorioso Apóstolo Santiago do Rio de Janeiro
329	ACACSC – Associação Cearense de Amigos do Caminho de Santiago de Compostela
330	Associação dos Amigos do Caminho de Santiago de Goânia
331	AACS-Brasil - Associação Brasileira dos Amigos do Caminho de Santiago
332	Grupo Peregrinos da Paz - Caminho Santiago Brasília
333	AACS-Brasil - Associação Brasileira dos Amigos do Caminho de Santiago. Grupo Regional de Marília
334	Curitigrinos. Associação Paranaense de Amigos do Caminho de Santiago de Compostela
335	ACASARGS - Associação dos Amigos do Caminho de Santiago de Compostela do Estado do Rio Grande do Sul
336	Associação Cultural Hispano-Galega Caballeros de Santiago
337	ABACS – Associação Bahiana de Amigos do Caminho de Santiago de Compostela
338	AACS-Brasil - Associação Brasileira dos Amigos do Caminho de Santiago. Grupo Regional de Santa Maria
339	ACACSC – Associação Catarinense dos Amigos do Caminho de Santiago de Compostela
340	AACS-Brasil - Associação Brasileira dos Amigos do Caminho de Santiago. Grupo Regional de Recife
341	AACS-Brasil - Associação Brasileira dos Amigos do Caminho de Santiago. Grupo Regional de Teresina
342	ACACS-SP – Associação de Confrades e Amigos do Caminho de Santiago de Compostela de São Paulo
343	Associação dos Amigos do Caminho de Santiago de Campinas
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Canadá	
344	Canadian hospitaleros
345	Canadian Company of Pilgrims (CCoP)
346	Association Québécoise des Pèlerins et Amis du Chemin de Saint-Jacques Du Québec à Compostelle
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Chile	
347	Asociación Irmandade de Santiago
348	Círculo Chileno de Amigos do Camiño de Santiago de Compostela
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en China	
349	Centro Intercultural para a Experiencia do Camiño. Pekín / Beijing Camino International Cultural Exchange Center / 北京卡弥诺国际文化交流中心

350	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en China
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en China (Taiwan)	
351	Camiño International Culture Exchange Association, Taiwan Camino 卡米諾國際文化交流協會
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Corea	
352	Korea Santiago Pilgrim Association
353	Asociación Coreana dos Amigos do Camiño de Santiago en Madrid
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Estados Unidos	
354	American Pilgrims on the Camino
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Filipinas	
355	Confraternity of St. James
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Xapón	
356	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago en Xapón
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en México	
357	Amigos do Camiño de Santiago de Compostela México, A.C.
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Porto Rico	
358	Asociación de Amigos do Camiño de Santiago de Porto Rico
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Sudáfrica	
359	Confraternity of St James South Africa
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago en Uruguay	
360	Asociación Amigos do Camiño de Santiago en Uruguay
361	Asociación Uruguaya de Amigos do Camiño De Santiago

Fonte: Turismo de Galicia. Elaboración propia

A continuación, detállanse as entidades identificadas como relevantes para o desenvolvemento e promoción dos Camiños de Santiago polo seu carácter, nivel de participación, configuración, nivel de relación co Camiño e as súas competencias.

CADRO 30: IDENTIFICACIÓN DOS AXENTES RELEVANTES A ANALIZAR

Axentes relevantes	
1	GDR Terras de Miranda
2	Xeodestino Costa da Morte
3	Asociación de Hostalaría de Compostela
4	Centro Superior de Hostalería de Galicia
5	Xeodestino Ribeira Sacra
6	Xeodestino O Ribeiro
7	Asociación de Comerciantes Industriais, Servicios y Autónomos de Ribadeo (ACISA)
8	Asociación de Empresarios Terras de Melide (ASETEM)
9	Xeodestino A Coruña e As Mariñas
10	Xeodestino Ría e Terras de Pontevedra
11	Xeodestino Mariña Lucense
12	Xeodestino Ría de Muros e Noia
13	Confederación de empresarios de hostalaría, comercio, turismo y servicios de Ourense
14	Unidade de Análise-Itinerarios Culturais Europeos
15	Asociación Protectora Animais dos Camiños. APACA
16	APEHL - Asociación Provincial de Empresarios de Hostalaría de Lugo
17	Consortio de Empresarios Turísticos de Sanxenxo
18	Asociación Empresarial de Hospedaxe da Coruña (HOSPECO)
19	Asociación Galega de Amigos dos Camiños de Santiago (AGACS)
20	Fundación Ruta Xacobeá do Mar de Arousa e Ulla
21	Clúster de turismo de Galicia
22	Asociación de Empresarios de Hospedaxe de Pontevedra
23	Asociación Amigos de los Pazos
24	Asociación de Periodistas e Estudosos dos Camiños de Santiago APECSA
25	Asociación Galega de Turismo Rural (AGATUR)
26	Asociación de Empresarios Grovenses de Bens e Servizos
27	Asociación Profesional De Guías de Turismo de Galicia
28	GDR Ribeira Sacra
29	ICOMOS
30	Asociación Propietarios Aloxamentos Turismo Rural Agarimo
31	Xeodestino Ría de Vigo e Baixo Miño
32	GDR Valdeorras
33	Fundación Acolida Cristiá nos Camiños de Santiago. ACC
34	Academia Xacobeá

Fonte: Elaboración propia

Elaboráronse fichas específicas para cada un dos axentes identificados como relevantes. Descríbense as competencias en xestión turística, as accións que levan a cabo sobre o Camiño, proxectos concretos, necesidades e intereses detectados durante o desenvolvemento dos seus proxectos, organizacións colaboradoras, proxectos exemplares con potencialidade de extrapolación aos Camiños de Santiago e actuacións doutros organismos que poderían reforzar os seus proxectos. As cuestións en canto ás colaboracións permiten atopar posibles proxectos colaborativos e novas propostas de sinerxias de colaboración entre os diferentes axentes.

2.12. Características e perfil do/a peregrino/a

Obxecto de análise

Identificar o perfil do peregrino, en base a datos cualitativos e cuantitativos, analizando os aspectos destacables da figura para alcanzar unha análise completa dos peregrinos que percorren o Camiño de Santiago.

Estudar a evolución do perfil de peregrino a partir dunha análise comparativa dos anos 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, 2020, 2021 e 2022.

Metodoloxía e fontes

Para realizar a análise do perfil de peregrino consultáronse e analizado as estatísticas do perfil do peregrino dos anos 2015 ao 2022 que achega a Oficina do Peregrino.

Diagnóstico

Número de Peregrinos con Compostela no ano 2022

Coa declaración da pandemia derivada da Covid-19 no ano 2020, o establecemento de medidas de illamento e confinamento estrito xeraron un efecto negativo no sector turístico en xeral e nos Camiños de Santiago en particular, onde se esperaba un ano excepcional en materia de asistencia de peregrinos tratándose dun ano santo. Sen embargo, no ano 2022 coa estabilización da pandemia, recibiu unha gran afluencia de peregrinos.

Segundo datos extraídos da oficina de acollida ao peregrino, despois de finalizar o ano 2020 co rexistro máis baixo de peregrinos dende hai dúas décadas (54.144 peregrinos), en 2021 empézase a ver unha lenta recuperación rexistrándose un total de 178.912 peregrinos, mentres que no ano 2022, vese un gran aumento de peregrinos, 438.323, tal e como se observa no seguinte cadro:

CADRO 31. NÚMERO DE PEREGRINOS QUE RECOLLERON A COMPOSTELA EN 2022

Peregrinos	Cantidade de Peregrinos	Peso (%)	Variación respecto ao 2020	Variación respecto ao 2019 (Pre-Covid19)
Peregrinos 2022	438.323	100%	+709,55%	+26,11%
Nacionais	238.873	54,18%	+1.298,35%	+18,72%
Internacionais	199.450	45,82%	+438,16%	+36,27%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Oficina do Peregrino (2022)

2. Perfil do peregrino con Compostela no ano santo 2022

2.1. Perfil sociodemográfico do peregrino con Compostela

Segundo a idade, o maior número de peregrinos (53,02%) é menor de 30 anos.

CADRO 32. PERFIL DO PEREGRINO/A POR GRUPOS DE IDADE

Idade	Nº de Peregrinos	Porcentaxe (%)
<30	232.391	53,02
30-60	136.900	31,23
>60	69.032	15,75

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Oficina do Peregrino (2022)

En canto ao perfil segundo o sexo, obsérvase que a proporción se atopa repartida entre ambos os sexos, sendo o sexo masculino levemente maioritario (51,41%).

CADRO 33. PERFIL DO PEREGRINO/A POR SEXO

Xénero	Nº de Peregrinos	Porcentaxe (%)
Home	225.346	51,41
Muller	212.975	48,59
Descoñecido	2	0,00

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Oficina do Peregrino 2022.

2.2. En relación co Camiño: motivación, modo de percorrello e Camiño escollido para a peregrinación

Respecto a motivación, o principal incentivo é relixioso e outros (40,95%). Dentro desta denominación atópase a relixión, a espiritualidade ou as promesas entre outras.

CADRO 34. PERFIL DO PEREGRINO/A COA COMPOSTELA SEGUNDO MOTIVACIÓN

Motivación	Nº de peregrinos	Porcentaxe (%)
Relixioso e outros	179.504	40,95
Relixioso	158.122	36,07
No relixioso	100.696	22,97
Sen establecer	1	00,0

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Oficina do Peregrino 2022

Respecto ao medio para percorrer o Camiño, realizar o Camiño a pé é o máis elixido, cun 94,53% de preferencia. Séguenlle os peregrinos que deciden emprender o Camiño en bicicleta (5,22%). Ademais, cabe destacar que 637 peregrinos fixeron a peregrinaxe a cabalo, 356 peregrinos en vela e 127 en cadeira de rodas.


CADRO 35. PERFIL DO PEREGRINO/A COA COMPOSTELA SEGUNDO MEDIO EMPLEADO

Medio	Nº peregrinos	Porcentaxe %
Pé	414.339	94,53
Bicicleta	22.863	5,22
Cabalo	637	0,15
Vela	356	0,08
Cadeira de rodas	127	0,03
Sen establecer	1	0,00

Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Oficina do Peregrino 2022

Segundo o Camiño elixido, na seguinte figura obsérvase que o Camiño Francés é elixido pola maioría dos peregrinos (52,12%), seguido do Camiño Portugués (21,41%).

GRÁFICO 50. PERFIL DO PEREGRINO SEGUNDO O CAMIÑO ELIXIDO (%)




Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Oficina do Peregrino 2022

Lugar de procedencia nacional e internacional

A maioría dos peregrinos son de procedencia nacional (68,26%). Nos seguintes apartados analízase a procedencia segundo o país, caso dos internacionais, ou segundo a comunidade autónoma, no caso dos nacionais.

Respecto á procedencia internacional, segundo se observa na seguinte figura, 27.078 peregrinos (6,18%) proceden de Italia, seguido de Estados Unidos (5,93%). No terceiro posto sitúase Alemaña (5,30%), seguido de Portugal (4,60%).

GRÁFICO 51. PERFIL DO PEREGRINO COA COMPOSTELA SEGUNDO O PAÍS DE PROCEDENCIA (%)



Fonte: Elaboración propia a partir de datos da Oficina do Peregrino 2022


Evolución do perfil do peregrino entre o 2015 e 2022

Analízase a evolución do perfil dos peregrinos entre o ano 2015 ata 2022, sendo este último Ano Santo. Estúdase a evolución dos seguintes elementos máis destacables: o número de peregrinos, o medio empregado, o Camiño elixido, a motivación para realizar o Camiño e a procedencia.

Análise da evolución do número de peregrinos

Obsérvase o ascenso que tivo nos últimos oito anos o número de peregrinos que realizan o Camiño de Santiago, a excepción dos anos 2020 e 2021 cuxa peregrinación chegou a descender ata un 84% menos que no 2019 (347.578) por mor da pandemia e os seus efectos. O sector estase recuperando, pois podemos contar cun novo récord no 2022, contabilizando 438.323 chegadas de peregrinos.

GRÁFICO 52. EVOLUCIÓN NO NÚMERO DE PEREGRINOS DENDE O ANO 2015 ATA O ANO SANTO 2022




Fonte: elaboración propia a raíz de datos aportados pola Oficina do Peregrino (2015-2022)

Facer o camiño a pé é o medio elixido por excelencia, atopándose todos os anos con máis do 90% de participación. O seguinte é a bicicleta, que, aínda que representa o segundo máis elixido, atópase lonxe do anterior, cun 7% de media.

A partir do ano 2016 incorpórase a posibilidade de chegar en barco (Vela). Se ben os medios alternativos ao recorrido a pé, só representan o 0.2% do total no ano 2022, pódense observar que existe unha variación positiva e estable no recorrido do camiño a cabalo, a vela e en cadeira de rodas.

O uso da bicicleta para percorrer o Camiño segue a ser o segundo medio máis empregado, aínda que a súa evolución durante os últimos anos é desigual.


GRÁFICO 53. EVOLUCIÓN NO MEDIO EMPREGADO DENDE 2015 (DATOS EN %)



Fonte: elaboración propia a raíz de datos aportados pola Oficina do Peregrino (2015-2022)

Entre os Camiños máis elixidos, en orde de preferencia, atópase o Camiño Francés, o Camiño Portugués e logo o Camiño Inglés. No 2022, o Camiño Francés segue mostrándose como o camiño con unha maior afluencia de peregrinos, se ben se mostra o crecemento positivo dos outros camiños nos últimos anos, especialmente no Camiño Portugués. Durante este ano, destácase tamén o alto crecemento do Camiño Portugués da Costa.

GRÁFICO 54. PERFIL DO PEREGRINO SEGUNDO O CAMIÑO ELIXIDO (DATOS EN %)




Fonte: elaboración propia a raíz de datos aportados pola Oficina do Peregrino (2015-2022)

Camiño Santiago- Fisterra-Muxía

A continuación, inclúense as chegadas de peregrinos a Fisterra a través dos anos. Salvo o ano 2017, ata o ano 2019 a tendencia era crecente. Logo da caída abrupta debido á pandemia e os seus efectos, no ano 2021 e 2022 comézase a ver a recuperación reflectida nos números e coa mellora da mobilidade internacional. A extensión a Fisterra por parte dos peregrinos é moi intensa, aínda que é complicado contabilizar correctamente.

GRÁFICO 55. EVOLUCIÓN DO Nº FISTERRANAS ENTREGADAS



Fonte: elaboración propia a partires de datos aportados pola Oficina do Peregrino (2015-2022)

Análise das motivacións dos peregrinos

A medida que foi pasando o tempo, tamén foron modificándose as motivacións xerais das peregrinacións. Segundo a análise realizada por Pereiro¹, na Idade Media xa había dous tipos de modalidades de peregrinación, por unha banda, atopábase aquela motivación voluntaria, por devoción, voto ou promesa e por outro, aquela motivación por penitencia, coñecida como penitencial- expiatoria de penas canónico-civís.

Na era medieval, atopábanse peregrinos que realizaban o Camiño por motivacións relixiosas (promesa, perdón, devoción, meditación, oración, entre outras), xurídicas (criminais, castigados, penitentes, ...) ou profanas (curiosidade, exploración...), polo que xa dende aqueles tempos é posible dicir que esta ruta de peregrinación non se trataba exclusivamente dunha ruta de peregrinación relixiosa. Actualmente, e como analizaremos máis adiante, a Oficina de Acolida ao Peregrino de Santiago de Compostela, ao momento de recollida da Compostela consulta aos peregrinos distintos datos do seu perfil, entre os cales se lles consulta a motivación para realizar o Camiño. Entre os motivos recoñecidos, recoñécese soamente tres tipos de motivos. Estes son: relixioso, non relixioso, relixioso e outros, o que pode chegar a xerar confusión á hora de analizar a motivación real dos peregrinos que chegan á oficina.

Así mesmo, Xosé Manuel Santos reafirma que esta ruta, de intenso proceso de peregrinaxe dende todos os recunchos de Europa, vai máis aló das motivacións simplemente relixiosas e que, en certa medida, recupera o espírito europeo de Carlomagno, figura á que reiteradamente se quixo vincular co fenómeno xacobeo.


Segundo Leira López, no marco social actual as peregrinacións non se poden considerar á marxe da práctica turística. Os motivos polos que as persoas transitan o Camiño de Santiago son moi diversos. Aínda nos casos nos que a motivación sexa relixiosa, a forma de levar a cabo o Camiño hoxe en día denota a influencia do turismo. Leira López comenta que este tipo de peregrinos reclama visita a monumentos e conxuntos histórico-artísticos, o contacto cunha natureza ben coidada, aloxamentos adecuados e recordos artesanais para levar ao lugar de procedencia, entre outros. Segundo unha enquisa realizada a peregrinos e turistas que visitan Santiago de Compostela, o profesor Manuel García Docampo puido concluír unha tipoloxía de visitantes e a súa motivación asociada. Estes son:

- **Peregrino xacobeo en sentido estrito:** Aquel que cumpre con todos os requisitos formais para acceder á certificación da Compostela, así como tamén aqueles que son estritamente relixiosos.
- **Peregrino deportivo-cultural:** Este peregrino e/ou turista percorre o Camiño a través dos medios tradicionais, pero sen motivacións relixiosas como compoñente primordial, aínda que neles pódese atopar unha vertente espiritual.
- **Turista do Camiño:** Segue aproximadamente o trazado dos Camiños en automóbil ou calquera outro medio de transporte, deténdose en determinados lugares de interese.
- **Peregrinación á catedral:** Este tipo de peregrino ou turista non realiza o Camiño. O seu obxectivo principal é visitar a tumba do Apóstolo e cumprir con outros rituais relixiosos.

Evolución na motivación para facer o Camiño

Segundo a motivación dos peregrinos á hora de facer o Camiño, nos últimos anos obsérvase como as tres motivacións (Relixioso e outros, relixioso e non relixioso) tenden a ser máis equitativas, sendo que a motivación non relixiosa aumenta ata chegar a ter, no ano 2022, unha participación do 22,97%, a motivación relixiosa a penas diminúe a 36,07% e a motivación relixiosa e outros diminúe a 41% con respecto ao ano anterior.

GRÁFICO 56. PERFIL DO PEREGRINO SEGUNDO A MOTIVACIÓN PARA FACER O CAMIÑO (DATOS EN %)



Fonte: elaboración propia a raíz de datos aportados pola *Oficina del Peregrino* (2015-2022)


Evolución en canto á procedencia dos peregrinos

De maneira sumaria pódese dicir que en relación coa procedencia houbo unha importante internacionalización do destino de tal forma que os estranxeiros representan xa máis do 40% do total. A chegada das liñas aéreas de baixo custo sen dúbida está a ter unha gran importancia nesta tendencia.

Segundo os datos solicitados da oficina de acollida ao peregrino, na evolución do 2015 ao 2019, viuse levemente incrementada a procedencia internacional, tendo aproximadamente o 58% de participación cara ao ano 2019. A pesar desta tendencia ascendente, a partires do ano 2020, coa incidencia da pandemia e as restricións de mobilidade asociadas, isto modificouse de forma drástica, facendo que a procedencia nacional se transformase na tendencia maioritaria cun 68% do total de participación no ano 2021. Sen embargo, no ano 2022, pódese observar de novo unha evolución do peregrino internacional representando o 44,44% dos peregrinos, o cal nos indica que as cifras volven a estabilizarse despois dos anos anteriores fortemente marcados pola pandemia.

A internacionalización do destino dáse gracias á promoción continuada a través dos diferentes medios de comunicación (reportaxes en revistas, documentais, series, novelas), a participación en Feiras de Turismo no estranxeiro e o continuo traballo de difusión das 348 asociacións de amigos do Camiño.

GRÁFICO 57. PROCEDENCIA DO PEREGRINO, EVOLUCIÓN ENTRE 2015 E 2022 (%)



Fonte: elaboración propia a raíz de datos aportados pola Oficina del Peregrino (2015-2022)


Identificación dos mercados prioritarios

En canto ao mercado nacional, entre os anos 2015 e 2022, mentres que no 2015 os peregrinos que chegaban a Madrid representaban a primeira comunidade autónoma de procedencia nacional, no 2022 Andalucía adiantouse quedando primeira cunha participación do 22.15% no mercado nacional.

Outro crecemento destacable é o da Comunidade Valenciana, sendo que do ano 2015 ao 2022, reportando a finais do 2022 un 12.11% da representación. Así mesmo, Castela A Mancha multiplica por 1,2 o seu peso, quedando con un 5.81% no 2022.

Por outra banda, mentres que no 2015 Canarias non figuraba dentro das dez comunidades principais de procedencia, no 2022 logra tomar maior relevancia e entrar dentro das 10 CC.AA. principais cun 3.51% de participación.

GRÁFICO 58. PERFIL DO PEREGRINO SEGUNDO A PROCEDENCIA NACIONAL, COMPARACIÓN ENTRE O ANO 2015 E 2022 (DATOS EN %)



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos pola Oficina de Acolida ao Peregrino

CADRO 36. MERCADOS EMISORES DE ÁMBITO NACIONAL SEGUNDO VOLUME DE PEREGRINOS

Viaxeiros españois	2015	2019	2020	2021	2022
Andalucía	22877	33155	6843	24886	44914
Madrid	23826	27683	6366	22002	38353
Comunidade Valenciana	14096	17830	4396	13308	24553
Galicia	8662	8309	3802	12882	16844
Cataluña	14107	13183	4077	11575	17808
Castela A Mancha	5949	7855	1895	6828	11782
Castela e León	7317	6918	1577	4327	8312
Murcia	3617	4618	1022	3855	6713
Canarias	3488	5435	780	3478	7121
Estremadura	3673	4846	799	2646	5892
País Vasco	4747	4523	1286	2591	4650
Aragón	2639	2891	725	2102	4183
Baleares	1706	2005	586	1960	3136
Asturias	2155	2817	699	1858	3365
Navarra	1197	1128	338	859	1706
Cantabria	1035	1044	278	737	1568
A Ríoxa	564	629	149	455	854
Ceuta	157	188	43	149	395
Melilla	137	137	28	136	223

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos pola Oficina de Acolida ao Peregrino

Respecto á comparación de mercados internacionais, entre o ano 2015 e o ano 2021, é destacable como países como Italia e Alemaña que, no ano 2015 tiñan unha participación por riba do 8% e 7%, respectivamente, caeron un 25% no ano 2021. Esta circunstancia é común a outros países europeos como Francia, Reino Unido e Portugal.


Despois de dous anos, como foron o 2020 e o 2021, de restricións e cambios continuos en materia de esixencias de condicións na mobilidade, especialmente a mobilidade aérea, era de agardar que os países emisores que impliquen unha mobilidade maior para chegar ao destino perdesen peso na lista de países de procedencia.

Sen embargo, a tendencia foi cara a incorporación con forza de novos emisores como México, Arxentina, Colombia e, no continente europeo, Holanda, Polonia e a República Checa.

No ano 2022, pódese observar que países anteriormente mencionados tales como Alemaña e Italia recuperaron a súa participación cun aumento de preto de 8 e 9 puntos porcentuais, respectivamente, con respecto ao ano anterior. Portugal tamén continuou ascendendo, pasando de representar o 4.75% no ano

2015 ao 10.11% no 2022. Ademais, países como Holanda, México, Polonia e a República Checa que no ano 2015 non contaban con ningunha representación, pasaron a representar o 2.58%, 2.95%, 2.07% e 1.74%, respectivamente, no ano 2022.

GRÁFICO 59. PERFIL DO PEREGRINO SEGUNDO A PROCEDENCIA INTERNACIONAL, COMPARACIÓN ENTRE O ANO 2015 E 2022 (DATOS EN %)



Fonte: elaboración propia a raíz de datos aportados pola Oficina del Peregrino (2015-2022)

CADRO 37. MERCADOS EMISORES DE ÁMBITO INTERNACIONAL SEGUNDO VOLUME DE PEREGRINOS (N)

Peregrinos estranxeiros	2015	2016	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Italia	22151	23944	27073	27009	28749	2706	7817	27078
Alemaña	18873	21220	23227	25296	26167	2344	6575	23212
Estados Unidos	13670	15236	17522	18582	20652	451	5668	26000
Portugal	12481	13245	12940	14413	17450	2971	9410	20166
Francia	9916	8868	8835	8775	9248	1526	4478	10367
Reino Unido	5417	6050	5768	7624	9132	573	1450	8241
Irlanda	5367	6537	6643	7548	6826	252	829	6651
Canadá	4201	4354	4612	5027	5279	153	558	4490
Corea	4073	4534	5106	5665	8224	902	332	3757
Brasil	3938	4365	5113	5601	6025	347	989	5496
Australia	3856	4441	4890	5220	5301	103	109	1761
Polonia	3782	3919	5072	4785	4874	504	1841	4138
Holanda	3501	3656	3520	3670	4195	377	1808	5152
Dinamarca	2163	2594	2273	2500	2610	122	837	2838
Arxentina	1530	2062	2617	2907	2954	326	700	3301
México	1768	2333	3111	3578	4091	198	1526	5886
República Checa	1145	1347	1868	2256	2494	281	1089	3466
Bélxica	2103	2123	2069	2135	2335	263	1024	2915
Colombia	823	1407	1752	2070	2313	202	948	3656

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos recollidos pola Oficina de Acolida ao Peregrino (2015-2022)

Listado de mercados prioritarios

En canto á listaxe de mercados prioritarios, a partir da información solicitada e tendo en conta o contexto atípico no que nos atopamos, podemos identificar os seguintes mercados:


- **Portugal:** Dende o país veciño rexistrouse a chegada de 20.166 peregrinos portugueses a 2022, sendo o cuarto lugar de orixe, detrás de Italia, Estados Unidos e Alemaña. Actualmente percórrense tres Camiños principais dende Portugal, sendo o máis antigo o Camiño do Norte que parte de Oporto, o Camiño Central Portugués que comeza en Lisboa e o Camiño Interior, que parte de Viseu. Este éxito dáse gracias ao apoio institucional, á oficialización dos Camiños en Portugal, á implementación da sinalización tanto física como a través de aplicacións e á gran conectividade do aeroporto internacional de Oporto, entre outros factores chave. A páxina <https://www.vialusitana.org/> é a páxina oficial onde se recollen datos importantes de cara á planificación dos Camiños, a súa historia e as súas misceláneas.

- **Italia:** No ano 2022 chegaron 27.078 peregrinos provenientes de Italia, tomando o primeiro lugar de orixe internacional. Dende Italia, xestouse o 'Sentiero dei parchi', o Camiño de Santiago de Italia que percorrerá 7.200 quilómetros a través dos 25 parques nacionais do país a o longo de 400 etapas. Isto farao ser unha das maiores rutas sendeiristas do mundo. É cómplice desta popularidade a tendencia actual polo sendeirismo e a promoción que se fai da Vía Francígena a diferentes niveis, así como o aumento na bibliografía dispoñible sobre o Camiño. En 1981 créase en Perugia, Italia, unha Confraternita di San Jacopo di Compostella. <http://www.confraternitadisanjacopo.it/>
- **Alemaña:** Tras Italia e Estados Unidos, é o terceiro lugar de orixe dos peregrinos estranxeiros que realizan as distintos Rutas Xacobeas. No ano 2022, 23.212 dos peregrinos foráneos que recolleron a súa acreditación en Santiago de Compostela proviñan de Alemaña, representando o 11.64% dos internacionais. A día de hoxe, máis de 50 rutas xacobeas parten de Alemaña cara a Santiago, sendo un dos países estranxeiros. A Asociación de Amigos do Camiño máis importante é a Deutsche St. Jakobus Gesellschaft, fundada en 1987 ante a presenza de numerosos mandatarios europeos. <https://deutsche-jakobus-gesellschaft.de/index.php?id=startseite>
- **Estados Unidos:** Respecto a os Estados Unidos, é certo que a aparición en 2010 da película “ The Way”, produción norteamericana protagonizada nos Camiños de Santiago, tivo moita repercusión e contribuíu a proxectar a imaxe internacional dos Camiños de Santiago. Isto significou un paso fundamental tanto no crecemento en xeral como en Estados Unidos en particular, no ano 2022 atópase situado no segundo lugar coa chegada de 26.000 peregrinos, unicamente despois de Italia. Outros produtos audiovisuais de importancia para a súa promoción foron: *Lydia Smith: Walking the Camino*, *Six Ways to Santiago* y *Phill’s Camino*...Ademais, é destacable a promoción que se realiza en todos os estados de EEUU por American Pilgrims on the Camino.
- **Francia:** No ano 2022, chegaron 10.367 peregrinos. Dentro dos distintos puntos dende onde se pode iniciar o Camiño en Francia, existen 5 itinerarios a destacar: O Camiño de Vézelay ou Via Lemovicensis, que inicia en Vézelay; o Camiño do Puy ou Via Podiensis, con inicio en Puy-en-Velay; o Camiño de Arles ou Vía Tolosana, empezando en Arles; A vía do Piemonte Pirineo e a Vía Turonensis ou Camiño de Tours, con inicio na Tour Saint-Jacques en París.
- **Brasil:** No ano 2022 rexistráronse 5.496 chegadas de peregrinos con procedencia brasileira e, ademais, é importante recalcar que Brasil se mantivo, nos anos anteriores, dentro dos 10 primeiros postos no ranking de países de orixe, cunha media de 4.000 peregrinos entre 2015 e 2022. No ano 2016, fíxose a inauguración do primeiro Camiño de Santiago de América, onde a finais do ano a Catedral de Santiago anunciou que entregaría a Compostela a quen percorrese a distancia entre A

Coruña e Santiago e certificasen completar o resto da distancia necesaria, podéndoo facer co tramo de 21 quilómetros situado en Brasil, ao sur do país no estado de Florianópolis e entre as localidades de Canasvieiras e Ingleses, traxecto que xa conta con catro selos exclusivos (un por cada igrexa no traxecto). A Asociación de Amigos dos Camiños de Brasil, situada en San Pablo, fomenta, informa e difunde o Camiño de Santiago. Por outra banda, foi chave a asistencia do Camiño coom produto turístico a feiras especializadas en turismo relixioso. O best-seller de Paulo Coelho "El peregrino de Compostela" provocou tamén un efecto tractor.

- **Corea:** No ano 2022 non foi o mellor ano (3.757 coreanos) en comparación cos anteriores (exceptuando os anos 2020 e 2021), Corea viuse representada entre os primeiros países de orixe en todos os anos previos, recibindo en 2019 a cantidade de 8.224 peregrinos, o seu máximo rexistrado ata o momento.
- **Reino Unido:** No último ano, chegaron 8.241 peregrinos provenientes de Reino Unido. Se ben non é o país que máis peregrinos trouxo o último tempo, si que estivo presente dentro do listado de países principais todos os anos dende 2015. Entre as accións chave para o seu éxito están: o traballo continuado dunha asociación histórica como Confraternity of St. James, o impulso e traballo de sinalización do Camiño en Inglaterra da Deputación da Coruña coa axuda de Turismo de Galicia e a creación e traballo da Asociación de Concellos do Camiño Inglés.

GRÁFICO 60. EVOLUCIÓN DO PERFIL DO/A PEREGRINO/A ENTRE 2015-2022



Fonte: elaboración propia a raíz de datos aportados pola Oficina do Peregrino (2015-2022)

Nº peregrinos:

En 2019, aumenta a 347.578 (32% máis que en 2015)
 En 2022, establécese un novo récord de chegada con respecto ao 2019 con 438.323 peregrinos

Motivación:

Os motivos relixiosos e outros seguen a ser a motivación principal, pero con crecemento da motivación non relixiosa (22,97% no 2022 respecto a 7,93% en 2015).

Medio: a pé, sendo o máis elixido, rexistra un aumento 3,56%.

Dende 2016, rexístrase un novo medio: a vela e medran paulatinamente os medios a cabalo e en cadeira de rodas.

Camiños: O Camiño Francés mantense como o camiño principal, aínda que se denota o aumento o Camiño Portugués (2,7%), o Camiño Inglés (2,62%) e, en 2022, o Camiño Portugués da Costa.

Procedencia: Internacional descende a un 41.9%, aínda que se mostra a súa recuperación en 2022. Por países: Italia ascende a un 14,74%, Alemaña a un 12.52%, Portugal a un 10,22% e EEUU a un 12,1%.

Fonte: elaboración propia a raíz de datos aportados pola *Oficina do Peregrino* (2015-2022)

Conclusións

No ano 2019 Galicia alcanza o máximo histórico coa chegada de 347.578 peregrinos. Con todo, a chegada da pandemia e as restricións de mobilidade derivadas da crise sanitaria, fan que en 2020 rexístrase un 84% menos de peregrinos respecto ao ano anterior, sendo o número de peregrinos rexistrado máis baixo nas últimas dúas décadas. No 2022, normalizada a crise sanitaria, os números de peregrinos estabilízanse, establecéndose un novo máximo histórico, contabilizando un total de 438.323 peregrinos.

As **actuacións en materia de produto turístico** apuntan a incrementar a seguridade e a conservación dos Camiños, como xa foi a aposta durante os anos de pandemia e que permitiu que sigan transitando e acudindo peregrino/as como destino demandando; o continuo na profesionalización dos servizos e a capacitación do persoal que traballa nos Camiños, como anfitrións da peregrinación e transmisores dos seus valores; a diversificación e reforzo de novas formas de abordar os Camiños, en familia, con mascotas, para persoas con diversidade funcional, etc.; as accións destinadas ao mantemento da esencia do Camiño, poñendo en valor o Camiño como un produto único e diferencial; a promoción da gastronomía como un dos principais atractivos do Camiño e que precisa da posta en valor do produto local, apostando por unha oferta singular e que xere maior impacto nas economías locais de cada territorio.

As potenciais dos Camiños de Santiago esixen procura dun equilibrio entre as distintas visións e sensibilidades á hora de planificar a promoción dos itinerarios, de avaliar o impacto social e económico que xera a peregrinación no noso territorio e de implicar á poboación local no desenvolvemento de iniciativas empresariais e institucionais que favorezan a boa acollida dos/as peregrinos/as ao seu paso por Galicia.

Principais conclusións

O potencial dos Camiños de Santiago é indiscutible, así como **a singularidade desta ruta de peregrinación** e a súa capacidade para atraer viaxeiros que, con diferentes perfís e motivacións, atopan nos seus distintos itinerarios unha forma de penetrarse na riqueza do noso territorio, **desfrutando dos seus recursos e interaccionando coa poboación**, como unha experiencia única e enriquecedora cuxa tendencia á alza na chegada de peregrinos/as mostra o apoxeo no que se atopa.

Ademais, os Camiños de Santiago non son só unha **oportunidade diferente e única de camiñar e descubrir Galicia**, e outros territorios previos á chegada a nosa Comunidade Autónoma, senón que ademais representa un **fonte de ingresos e avance socioeconómico imprescindible para o desenvolvemento de zonas rurais** con maior risco de despoboación, **xerando oportunidades de asentamento de poboación e posta en marcha de iniciativas innovadoras con capacidade para xerar emprego** e dar resposta a demandas de servizos/productos dos Camiños.

Deste xeito, o **equilibrio entre a tradición e a innovación, a atracción e a sustentabilidade, a espiritualidade e a aventura**, resultan claves para **fortalecer a posición dos Camiños de Santiago como destino preferido por un perfil de peregrino/a diverso**, con múltiples expectativas e necesidades que debe convivir baixo o amparo e **coordinación**

dos axentes que operan nel, tanto as Administracións públicas como o sector privado, e que precisa dunha **visión** estratéxica conxunta e de futuro que garanta a viabilidade nas actuacións desenvoltas.

3.2. Mesas de traballo

Como continuidade dos grupos de discusión realizados, e atendendo ás principais conclusións extraídas dos mesmos, procedeuse á organización e desenvolvemento de 3 mesas de traballo multisectoriais, estruturando a composición dunha delas con representantes das Administracións públicas galegas (tanto de ámbito autonómico, como de ámbito provincial e local) e dos dous restantes con axentes representantes de entidades de coñecemento e de empresas do sector privado que operan nos Camiños de Santiago.

GRÁFICO 69. FICHA TÉCNICA MESAS DE TRABALLO



Fonte: Elaboración propia


Análise das mesas de traballo

Resultado destas mesas de traballo para a elaboración do *Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027* extraéronse as principais liñas estratéxicas e de actuación a desenvolver que se detallan a continuación, ordenadas atendendo aos 5 bloques temáticos propostos.

- **O valor patrimonial dos Camiños: dixitalización e sustentabilidade**
- **Os Camiños: promoción de itinerarios e variantes e a súa conexión internacional**
- **A experiencia de usuario/a de peregrino/a: novas fórmulas innovadoras**
- **Melloras nos servizos dos Camiños de Santiago: igualdade, inclusión e diversidade**

- **Aposta polos produtos locais e implicación dos veciños e veciñas**

GRÁFICO 70. BLOQUES TEMÁTICOS MESAS DE TRABAJO



Fonte: Elaboración propia

- **O valor patrimonial dos Camiños: dixitalización e sustentabilidade**

O Camiño de Santiago é o **1º Itinerario Cultural Europeo**. Este aspecto, e o que significa (coñecer, a través dunha viaxe polo espazo e o tempo, como o patrimonio dos diferentes países e culturas de Europa contribúe a un patrimonio cultural compartido e vivo), debería estar máis presente na súa xestión, difusión e promoción.

Neste sentido, hai un déficit á hora de poñer en valor as pequenas **ciudades históricas** que o Camiño atravesas (Betanzos, Mondoñedo e Tui), e na **acesibilidade** aos principais bens culturais próximos a os seus itinerarios.

En canto á **sustentabilidade** dos Camiños, a **capacidade de acollida** dos Camiños é menor á agregada dos seus aloxamentos, xa que depende tamén da capacidade da propia infraestrutura (o espazo público que se percorre), aínda que a percepción da saturación depende do perfil da persoa que peregrina e o que busque coa experiencia.

Como estratexias para evitar o colapso do Camiño Francés (meses de xullo e agosto), máis aló de albergues temporais (de difícil viabilidade económica) ou pavillóns municipais (que son aloxamentos indignos da experiencia que procura o/a camiñante), expónse a **desestacionalización**, limitada polo período vacacional maioritario das persoas que peregrinan dende o centro de Europa, e a **diversificación** dos itinerarios:

- ✓ Dende a **caracterización específica da oferta** de cada un, adaptada ás características do clima, dos servizos e infraestrutura existentes (p. ex. Camiño da Vía da Prata como Camiño en bicicleta ou a cabalo)
- ✓ Dende o reforzo dunha **narración alternativa** (que compense, sen deixar a un lado, a mensaxe de que o Camiño Francés é o principal e o histórico).

En canto á sustentabilidade ambiental, sinálase a necesidade (e bos resultados) de establecer **compromisos ambientais cos camiñantes**, pedindo a súa colaboración à vez que lle axuda a non deixar pegada nos Camiños (resíduos, enerxía, etc.), con actuacións como a eficiencia enerxética e instalación de enerxías renovables en albergues, os "Repousos nos Camiños" como zonas de descanso e recreativas ou a potabilización de fontes.

As reflexións en torno á relación dos Camiños coas **novas tecnoloxías** céntranse en diversos aspectos.

- ✓ Necesidade dunha **toma de decisións de gobernanza e xestión baseada en datos** (número e procedencia dos peregrinos, expectativas, homoxeneización do dato de diversas administracións e institucións)
- ✓ **Elementos tecnolóxicos non intrusivos**: a tecnoloxía debe ser un pano de fondo, que non se note nin condicione a experiencia da persoa que peregrina, que respecten o espazo do factor humano e social na peregrinación (contacto, intercambio de experiencias, soidade, natureza, etc.)
- ✓ **Vantaxes da dixitalización**, como redución de intrusións físicas e do consumo de materiais, universalización da información, mellora de acceso aos servizos (xeolocalización de fontes, por exemplo) e da seguridade, entre outras
- ✓ As decisións de itinerario e época para peregrinar, e a preparación da peregrinación baséanse, cada vez máis, na **consulta de información en webs**, estandarizándose as expectativas e as decisións
- **Os Camiños: promoción de itinerarios e variantes e a súa conexión internacional**

Fronte á proposta de **novos itinerarios e variantes**:

- ✓ Estudaranse unicamente os que discorran integramente pola Comunidade Autónoma de Galicia (que non teñan conexións con Portugal nin outras CC. AA de España)
- ✓ Nunha situación na que queda moito traballo pendente para dotar aos itinerarios recoñecidos dos servizos adecuados, este tema require unha **abordaxe conservadora**, pois o recoñecemento dunha nova ruta implica un importante investimento público (infraestrutura, sinalización, albergues, etc.)

- ✓ Non é necesario o recoñecemento de novas rutas para poder peregrinar dende calquera punto da xeografía, pois a Compostela entrégase independentemente do itinerario que se seguiu

Con respecto á promoción dos Camiños de Santiago **fóra da Comunidade Autónoma de Galicia**, sinálase:

- ✓ Aragón, debido a problemas de seguridade para o peregrino nalgúns tramos que se comparten con estradas, non fomenta a peregrinación a Compostela: tratan o Camiño como unha ruta de sendeirismo máis. O País Vasco e incluso Francia, fomentan a realización dentro do propio territorio exclusivamente. A isto súmase o menor interese en Europa Occidental que en Europa do Leste.
- ✓ A necesaria homoxeneización dos criterios de sinalización, nalgún caso.
- ✓ En canto ao **Camiño Portugués**, está a tentarse restablecer a conexión de ferry do Camiños Portugués pola Costa, entre a localidade portuguesa de Caminha e a localidade galega da Guarda (non hai itinerario definido entre as localidades galegas de Tui e A Guarda que poida suplir esa conexión). O crecemento no número de peregrinos e peregrinas débese ao desenvolvemento das conexións internacionais do aeroporto portugués de Sá Carneiro.
- ✓ Logrouse boa coordinación coas C. As de Andalucía, Estremadura e Castela e León na promoción dos Camiños Mozárabe - Vía da Prata, con orixe na cidade andaluza de Sevilla.
- ✓ En Asturias, orixe do Camiño Primitivo, estase promocionando o mesmo. En Cantabria, fixéronse tamén promocións do Camiño Lebaniego.

No que respecta á **gobernanza institucional**, sinálanse as seguintes problemáticas:

- ✓ O grupo de traballo dos municipios dos Camiños, interlocutor co **Consello de Europa**, é moi débil por estar normalmente presidido por municipios de pequeno tamaño cuxa capacidade de xestión é débil.
- ✓ O **Consello Xacobeo** só recoñece os 4 itinerarios declarados BIC -Bien de Interés Cultural-.
- ✓ A Deputación da Coruña está a facer esforzos para delimitar, sinalizar e promover o Camiño Inglés dende o norte de Inglaterra, en colaboración coas universidades e as entidades locais.
- **A experiencia de usuario/a de peregrino/a: novas fórmulas innovadoras**

Sinálase a **simplificación dos perfís** da persoa que peregrina, cifrado na práctica desaparición, tras a pandemia, dos máis interesantes. Agora apenas responden a dous: un novo, moi amante da tecnoloxía, e outro de turismo-vacacións, como calquera outro destino.

- ✓ O Camiño non se pode transformar nun produto turístico máis. Deben ser atendidos os **múltiples perfís** e razóns do camiñante (espiritual, social, deportiva e/ou cultural).

- ✓ A dependencia do dixital (persoas que peregrinan mirando o móbil) e a alta afluencia de peregrinos en certos puntos son os dous aspectos que poñen en perigo a experiencia baseada nos valores do Camiño.
- ✓ A experiencia da peregrinación (e a elección da ruta) depende, fundamentalmente, dos **servizos e da sensación de seguridade** (as mulleres soas prefiren trazados máis urbanos, por exemplo). Neste sentido detéctanse puntos negros, como a saída da Coruña ou o tránsito por polígonos industriais.
- ✓ O acceso á **información** á hora de programar a ruta é moi importante. Detéctase unha gran profusión de información, desordenada, moi técnica e especializada (e, en ocasións, falsa ou desactualizada) e bótase en falta información máis práctica e accesible.
- ✓ Detéctase falta de atención aos peregrinos e peregrinas que teñen unha maior dependencia tecnolóxica.
- **Melloras nos servizos dos Camiños de Santiago: igualdade, inclusión e diversidade**

Detéctanse carencias no acceso á auga (e a súa previsión ao camiñar), na capacidade de aloxamento (no Camiño Francés), a dureza de tramos da Vía da Prata (etapas longas, por espazos despoboados, sen sombra, climáticamente duros no verán...), e falta de atención e sinalización no tramo que discorre por Vigo.

- ✓ Estase a reforzar a rede de albergues da provincia de Ourense utilizando as estacións de ADIF en desuso (Vilar de Barrio, A Mezquita, Castrelo do Val- Campobecerras...).
- ✓ Hai unha experiencia de mellora sostible do acceso á auga potable (Ecoembes-Reserva da Biosfera- Deputación da Coruña), en tramos dos Camiños Inglés.

- **Aposta polos produtos locais e implicación dos veciños e veciñas**

O **impacto socioeconómico** dos Camiños é importante nos territorios que cruza, de demografía débil e envellecida, economicamente deprimidos (p.ex: Triacastela 23% PIB):

- ✓ Os servizos orientados á persoa que peregrina son oportunidades de emprendemento e xeración de emprego. Sería interesante coñecer a masa crítica de peregrinos que poden xerar este impacto positivo neste contexto. Para os municipios situados entre Sarria e Arzúa é un recurso fundamental (a USC está a estudar este impacto).
- ✓ O gasto medio de cada persoa que peregrina en Galicia é moi importante, da orde de 2,3 veces o gasto do turista medio, por ser maior o seu tempo medio de estancia.
- ✓ Nalgúns casos, un alto fluxo de peregrinos pode resultar contraproducente para certas actividades máis tradicionais e facer que, en última instancia, se abandonen.

- ✓ Nas cidades de Vigo e A Coruña non se aproveita apenas este fluxo (nin se lle presta moita atención).

En canto á aposta polos produtos locais:

- ✓ A relación é pobre. É máis común a oferta de produtos españois con marca que galegos.
- ✓ A oferta gastronómica específica nos establecementos vinculados ao camiño é escasa na súa diversidade, carecendo da posta en valor do produto local.
- ✓ Tamén é pobre a relación coa paisaxe e a natureza locais. Non se difunde apenas nin se explica o territorio polo que se está transitando.
- ✓ Non debe ter cabida o oportunismo. A persoa que peregrina non ten tempo de pararse en moitas ocasións nin de desviarse moito dos Camiños. Esta oportunidade ha de manexarse tratando ao Camiño como un escaparate dos atractivos de Galicia (gastronómicos, patrimoniais...).
- ✓ Está a traballarse en xerar canles de comercialización en liña para que a persoa que peregrina, cando regrese ao seu lugar de orixe, poida seguir consumindo os produtos que probou durante a súa peregrinación.

Os veciños e veciñas dos Camiños de Santiago entenden, maioritariamente, a importancia do Camiño, pero non detectan que afecta á súa vida cotiá. En boa medida a experiencia da persoa que peregrina depende das persoas que se vai atopando en albergues, tendas...

Para lograr unha maior identificación dos veciños co Camiño proponse:

- ✓ Establecer fórmulas de gobernanza participativa cos veciños, de todas aquelas accións que se promovan en torno ao Camiño.
- ✓ Buscar complementariedades cos recursos existentes.
- ✓ Explicar as melloras de servizos para o camiñante e tamén para os veciños (accesibilidade, seguridade...).
- ✓ Unha maior sensibilización do camiñante en canto ao respecto polo patrimonio natural e cultural.
- ✓ Reforzar a aposta polos/ as albergueiros/ as voluntarias, promovida pola Federación de asociacións de amigos dos Camiños de Santiago).

Principais conclusións

As reunións de traballo mantidas cos diferentes axentes, tanto do Sector público como privado, permitiron establecer acordos informados das principais liñas estratéxicas de actuación a desenvolver no *Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027*, destacando:

- **O valor patrimonial dos Camiños: dixitalización e sustentabilidade.** Os Camiños de Santiago precisan unha posta en valor do patrimonio, apoiados nas novas tecnoloxías e a dixitalización, que permitan acceder e minimizar o impacto, e un uso e goce baixo criterios de sustentabilidade.
- **Os Camiños: promoción de itinerarios e variantes e a súa conexión internacional.** Os Camiños de Santiago, para desestacionalizar a afluencia de peregrinos/ as e evitar a masificación, requiren da coordinación na promoción dos itinerarios e a potenciación de Camiños con menor demanda na actualidade.
- **A experiencia de usuario/a de peregrino/a: novas fórmulas innovadoras.** Os perfís de peregrinación variaron e é preciso diversificar a oferta de servizos adecuándose ás novas necesidades.
- **Melloras nos servizos dos Camiños de Santiago: igualdade, inclusión e diversidade.** Os Camiños de Santiago, deben dar resposta ás novas realidades e respectar os valores que se asocian ao mesmo incorporando novas visións que permitan que calquera persoa intégrease e goce da experiencia.
- **Aposta polos produtos locais e implicación dos veciños e veciñas.** Os Camiños de Santiago teñen que apostar por produtos de proximidade, integración da poboación e posta en valor do local, como garantía de sustentabilidade do territorio e de viabilidade socioeconómicas dos distintos itinerarios.

3.3. Enquisa en liña

Metodoloxía de traballo (investigación cuantitativa)

Para coñecer a opinión dos/as peregrinos/as no Proceso Participativo desenvolvido na elaboración do *Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027* elaborouse un cuestionario con valoracións sobre diferentes aspectos do Camiño así como hábitos e pautas de comportamento durante a peregrinación.

O cuestionario difundíuse a través dunha enquisa en liña a Asociacións do Camiño e nas propias canles de comunicación da Axencia Turismo de Galicia e permitiu recompilar información cuxas principais conclusións se mostran a continuación.

GRÁFICO 71. FICHA TÉCNICA ENQUISA ONLINE



ENQUISA ONLINE (INVESTIGACIÓN CUANTITATIVA)

- **Universo de estudo:** peregrinos e peregrinas que realizan algún dos Camiños de Santiago.
- **Metodoloxía:** investigación cuantitativa mediante enquisa distribuído online (duración aproximada de 12 minutos), garantindo o anonimato das respostas.
- **Traballo de campo:** 8 de febreiro ao 3 de maio de 2022
- **Entrevistas realizadas:** 113 entrevistas completas
- **Variables analizadas:** preguntas sobre o perfil sociodemográfico dos/as entrevistados/as (sexo, idade, ocupación...)

Fonte: Elaboración propia

Análise descritiva dos resultados

A información contribúe a perfilar mellor as accións futuras a realizar nos distintos Camiños de Santiago de cara a prestar servizos de calidade e consolidar unha oferta atractiva e competitiva para aqueles que opten por esta ruta de peregrinación, atendendo ao grao de satisfacción e ás valoracións dos distintos ítems analizados nesta investigación cualitativa.

Valoración e conservación do Camiño de Santiago


Para estudar a experiencia dos peregrinos é vital analizar a percepción que estes teñen da ruta. Nesta enquisa preguntouse sobre as **expectativas** previas á iniciación do Camiño e a valoración unha vez rematado o itinerario.

GRÁFICO 72. EXPECTATIVAS ANTES E DESPOIS DE REALIZAR O CAMIÑO

Expectativas antes de realizar o Camiño



Valoración despois de realizar o Camiño



En canto aos **aspectos máis positivos**, destacan algúns comentarios que teñen moita relación coas motivacións que se mencionaron con anterioridade. A maioría dos peregrinos enquisados mencionan aspectos ligados co coñecemento dun mesmo e a espiritualidade. En menor medida noméanse aspectos relacionados co ocio e relación con outros peregrinos.

En canto aos **aspectos máis negativos** do Camiño, moitos dos peregrinos estudados comentan a súa preocupación pola alta afluencia que se está sufrindo nalgúns tramos do Camiño e as confusións que sofren por falta de sinalización ou ausencia desta en puntos concretos do itinerario. Sen embargo, hai que destacar a mención de moitos peregrinos sobre a inexistencia de aspectos negativos na súa experiencia no Camiño.


Para a **valoración** de diversos aspectos do Camiño realizáronse unha serie de preguntas aos enquisados para coñecer a súa opinión mediante a cualificación de diferentes factores, puntuando do 1 ao 10 os temas, obtendo os seguintes resultados:

Para a valoración dos **aspectos máis destacables** do Camiño, pedíuselle aos peregrinos enquisados que elixiran conceptos que asociaran co Camiño de Santiago. Entre os conceptos que máis asociaron ao Camiño, sobresaen a Hospitalidade, a Solidariedade e a Tradición. Os conceptos menos asociados son os de Transitable e Familiar.

GRÁFICO 73. VALORACIÓN DO CAMIÑO



GRÁFICO 74. ASPECTOS MÁIS DESTACABLES DO CAMIÑO




Impacto medioambiental

Para estudar o **impacto da actividade turística nos Camiños** realizáronse unha serie de preguntas relacionadas coas accións e as boas prácticas sostíbles dos enquisados nas súas viaxes vacacionais ou turísticas e no Camiño de Santiago.

Á hora de realizar a viaxe, practicamente a totalidade dos peregrinos enquisados **gardan os residuos que xeran** para, posteriormente, reciclalos segundo a súa categoría. Outra práctica bastante habitual é o consumo de produtos de quilómetro 0, cos que se apoia o comercio e a economía local. Entre as prácticas menos empregadas polos enquisados encóntrase a elección dun establecemento *eco-friendly* no que aloxarse.

GRÁFICO 75. ACCIÓNS E BOAS PRÁCTICAS SOSTÍBLES IDENTIFICADAS




As prácticas máis empregadas nos Camiños de Santiago mudan con respecto ás de outra tipoloxía de viaxe. Isto débese ás condicións nas que se realiza o Camiño e a tipoloxía do turismo. A práctica máis habitual pasa a ser **consumir produtos de quilómetro 0** e, aínda que segue a ser moi habitual gardar os residuos para a súa reciclaxe, **aumenta o uso dos produtos reutilizables e evitar o gasto excesivo de auga.**

Entre as accións máis sostibles que máis se botaron en falta polos enquisados no Camiño encóntrase a **escaseza de servizos de limpeza polo traxecto**, como papeleiras ou contedores de reciclaxe.

Por último, a situación de crise sanitaria xerou un descenso considerable do turismo que, pouco a pouco, tende a recuperar as cifras anteriores á pandemia. Neste contexto, moitos dos enquisados decidiron mudar o tipo de aloxamento ou directamente pospoñer a súa programación do Camiño para outro momento.

GRÁFICO 76. PRÁCTICAS SOSTIBLES MÁIS EMPREGADAS NO CAMIÑO



3.4. Entrevistas en profundidade

Metodoloxía do traballo (investigación cualitativa)

No desenvolvemento da investigación cualitativa, ademais dos grupos de discusión xa descritos, empregouse a ferramenta de investigación cualitativa da entrevista en profundidade, dirixida tamén a representantes do sector patrimonial, o sector do turismo (incluídos aloxamento e restauración), industrias culturais e creativas, o sector da información e a comunicación, o sector da innovación, o sector da mobilidade, ONG e empresas de economía social e axentes do ámbito académico, ademais doutros participantes relevantes para os obxectivos do deseño do *Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027*.

A elevada participación de axentes nas entrevistas en profundidade xerou unha importante achega de información na que foi posible analizar a perspectiva pasada, presente e futura dos Camiños de Santiago, así como identificar retos e prioridades para a xestión dos próximos anos, articulada e recollida no *Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027*.

GRÁFICO 77. FICHA TÉCNICA ENTREVISTAS EN PROFUNDIDADE



ENTREVISTAS EN PROFUNDIDADE (INVESTIGACIÓN CUALITATIVA)

- **Universo de estudo:** axentes implicados do sector patrimonio, sector turismo, industrias culturais e creativas, sector da Información e a comunicación, sector da innovación, sector da mobilidade, ONG's, empresas de economía social, ámbito académico e sectores relevantes dos Camiños de Santiago (excluíndo aos axentes que participan en entrevistas en profundidade)
- **Metodoloxía:** investigación cualitativa mediante 50 entrevistas en profundidade, realizadas a través de plataforma virtual (duración aproximada de 0:45h), con gravación para análise discursiva posterior e garantindo o anonimato
- **Traballo de campo:** 14 de febreiro ao 24 de marzo de 2022
- **Temáticas E guión de moderación:** estruturáronse bloques de contido común para todas as persoas participantes cun guión semiestruturado que permitise coñecer as percepcións sobre o pasado, presente e futuro dos Camiños de Santiago, prestando especial atención aos retos e prioridades a asumir na xestión e desenvolvemento dos próximos anos. De maneira específica, e atendendo ao perfil de cada un/unha dos/as participantes e a conveniencia segundo o seu coñecemento, expuxéronse preguntas sobre sustentabilidade, dixitalización ou posta en valor do patrimonio, entre outras temáticas.

Fonte: Elaboración propia

Análise discursiva das entrevistas

As entrevistas en profundidade favoreceron a recompilación de información detallada dos distintos aspectos analizados, contando coa colaboración e participación de numerosos axentes especializados e implicados nos Camiños de Santiago, tanto do sector público como do sector privado, resultando as principais achegas e conclusións que se expoñen a continuación.

GRÁFICO 78. ANÁLISE GLOBAL DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO



Fonte: Elaboración propia

Na revisión do **pasado no desenvolvemento dos Camiños de Santiago** detéctase unanimidade entre os axentes á hora de poñer en valor os esforzos e investimentos realizados para consolidar os Camiños de Santiago, xerando unha oferta atractiva onde a dotación de infraestruturas, servizos e atención resultaron clave para consolidar a súa referencia como Itinerario Cultural Europeo e Patrimonio Mundial da Humanidade.

Aínda que a afluencia de peregrinación viña experimentando un aumento considerable cunha tendencia á alza, tanto na chegada de peregrinos/ as como no impacto socioeconómico que xeraban nos diferentes territorios de Galicia


polos que transcorren os diferentes Camiños e variantes, a **crise sanitaria mundial creada pola pandemia do covid-19** supuxo un freo na devandita tendencia, modificando os hábitos e preferencias dos peregrinos/ as e creando un escenario máis favorable para a incorporación das novas tecnoloxías ao Camiño, a dixitalización e unha aposta máis decidida pola xestión sostible e responsable dos espazos e da confluencia da afluencia, evitando a masificación e reforzando as actuacións que consoliden a desestacionalización. No 2022 a tendencia modifícase, experimentando de novo unha tendencia á alza.

Este novo escenario debuxa unha **realidade presente** na que é máis preciso atender á diversidade no perfil de quen peregrina a Santiago de Compostela, poñendo en valor os recursos patrimoniais, favorecendo unha experiencia segura e de calidade e que xere un maior impacto económico nos territorios, facendo da profesionalización e a coordinación os elementos claves para garantir a sustentabilidade da oferta.

Entre as **expectativas de futuro** entre axentes que conforman o ecosistema do turismo dos Camiños de Santiago destacan a visión do peregrino/a como un viaxeiro con taxa de retorno que regresa como turista a Galicia, a quen é preciso integrar coa poboación local, apostando por servizos innovadores e dixitalizados e produtos locais que atendan á singularidade e a calidade. O cumprimento das boas perspectivas para o desenvolvemento dos Camiños de Santiago require da implicación e lealdade na colaboración público-público e público-privada, dende a coordinación nas actuacións e as sinerxias na definición das estratexias e investimentos a realizar.

Dende esta análise global e temporal da evolución dos Camiños de Santiago, os axentes que participaron nas entrevistas en profundidade tamén realizaron importantes achegas para detectar as principais actuacións que é preciso acometer de fronte ao fortalecemento dos Camiños de Santiago.

GRÁFICO 79. NECESIDADES DETECTADAS NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO



Fonte: Elaboración propia

Dende esta análise global e temporal da evolución dos Camiños de Santiago, os axentes que participaron nas entrevistas en profundidade tamén realizaron importantes achegas para detectar as principais actuacións que é preciso acometer de fronte ao fortalecemento dos Camiños de Santiago.

Atendendo á distribución por temáticas a executar destacan as seguintes cuestións:

- **Valores esenciais dos Camiños de Santiago:** as actuacións propostas encamiñanse ao fomento e recuperación dos valores asociados ao Camiño, asumindo que a educación e implicación da poboación local é necesaria e fundamental para a súa preservación e transmisión, articulando un discurso unificado e vertebrado contorna aos Camiños, que poña en valor novas rutas como a marítimo-fluvial que é orixe de todos os Camiños, e atenda á excepcionalidade da cultura xacobeá e a celebración dos Anos Santos.
- **Experiencia do peregrino/a:** as principais achegas englobanse en procura da excelencia mediante a prestación de servizos e produtos de calidade, atendendo á diversidade e riqueza de cada localidade, potenciando os seus atractivos patrimoniais, paisaxísticos, gastronómicos, etc., ao mesmo tempo que favorecendo que os Camiños acollan a todos os perfís de peregrinos/as, atendendo ás súas necesidades e diversidade e facendo da universalidade e a integración trazos indiscutibles dos Camiños.
- **Marca e identidade de Galicia:** trátase de visibilizar e potenciar a paisaxe humana de Galicia, a hospitalidade e acollida que caracteriza á poboación local, en especial nos territorios polos que transcorren os Camiños, ao mesmo tempo que afianzar a relación da cidadanía galega co peregrino/a, creando intercambios culturais que reforcen a imaxe de Galicia e que contribúen a que se coñeza a súa singularidade, as súas potencialidades e os seus valores.

Principais conclusións

Impera a necesidade de entender **o Camiño de Santiago como un recurso con capacidade de atracción de peregrinos/as, en cuxa promoción debe primar o cualitativo fronte ao cuantitativo**, apostando pola chegada dun peregrino/á o que ofrecerlle unha experiencia enriquecida, de calidade, con posta en valor do patrimonio e respectuosa cos valores esenciais do Camiño. Deste xeito, perseguindo criterios de excelencia e de aumento do gasto realizado, e do impacto socioeconómico que xera a peregrinación nos distintos territorios polos que transcorren, redúcese o impacto que xeran os viaxeiros/as e incrementase a taxa de retorno dos mesmos.

Nun contexto de superación da pandemia por covid-19 tórnase fundamental **recuperar ao peregrino/a de orixe estranxeira**, fronte ao peregrino/a nacional que foi o preponderante nos últimos anos de crise sanitaria, con **promoción dende os países de orixe e favorecendo a súa integración e acollida nos distintos Camiños de Santiago**, segundo a capacidade de acollida e fomentando a desestacionalización dos mesmos.

A promoción dos Camiños debe abordarse dende unha óptica sostible, diversa e inclusiva, que xere servizos e ofertas adaptadas ás novas realidades dos/as peregrinos/as e que teña na **dixitalización un sustento de desenvolvemento e competitividade** como destino elixido.

Galicia ten ante si, mediante o seu **principal reclamo turístico no recurso dos Camiños de Santiago**, a oportunidade de afrontar unha recuperación económica e social dende o crecemento organizado e planificado dos Camiños de Santiago, **potenciando itinerarios diversos que distribúan a afluencia e que contribúan a que a experiencia do peregrino/a consolide a marca Galicia** xerando retorno e desenvolvemento para os ámbitos locais polos que transcorren os diferentes itinerarios.



4. Diagnose dos Camiños de Santiago



XUNTA
DE GALICIA



Xacobeo

galicia

4.1. Informe da análise

Tras a finalización da Fase inicial de análise, de cara á elaboración do *Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027*, abórdase o traballo da Fase de Diagnose mediante o emprego de distintas ferramentas da análise que permitan profundar nas particularidades dos Camiños de Santiago e nas súas proxeccións de futuro, para os próximos 5 anos de execución do Plan Director.

Deste xeito, a continuación móstranse os principais resultados da análise DAFO, análise CAME e entornos VUCA, nos que se tiveron en conta os distintos aspectos estudados na Fase de análise e priorizouse a información e conclusións extraídas do Proceso Participativo, tanto de investigación cuantitativa e cualitativa, poñendo en valor as achegas compartidas polos numerosos axentes do ecosistema dos Camiños de Santiago que participaron nel.

A concreción dos puntos fortes e débiles mediante a elaboración dun DAFO é a base sobre a que se pode abordar a análise CAME para definir a estratexia máis recomendable para potenciar os puntos fortes e mellorar os puntos débiles, de modo que se poidan concretar as liñas estratéxicas máis viables e as actuacións concretas que marquen a xestión dos próximos 5 anos de execución do *Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027*. A isto súmase que o desenvolvemento do Plan Director debe ter en conta as contornas nas que se implementa e que condicionan o contexto actual no que se xestionan e evolucionan os Camiños de Santiago.



Análise DAFO

A análise DAFO -Debilidades, Ameazas, Fortalezas e Oportunidades- permite abordar dende o externo e o interno cales son aquelas variables ou cuestións primordiais que caracterizan o obxecto de estudo, neste caso os Camiños de Santiago, para ir definindo a situación de partida e diagnóstico a ter en conta na elaboración do *Plan Director dos Camiños de Santiago na Comunidade Autónoma de Galicia 2022-2027*.

O emprego desta técnica de análise permite poñer o foco nos puntos fortes da xestión e desenvolvemento dos Camiños de Santiago, para a súa potenciación e promoción futura, á vez que mellorar ou corrixir aqueles puntos débiles que requiren de esforzos, coordinación e investimento para liquidar as limitacións que xeran nesa estratexia de crecemento e posicionamento dos Camiños de Santiago. A continuación, detállanse os elementos principais que caracterizan esta análise e as particularidades dos mesmos.

GRÁFICO 80. GRÁFICO ANÁLISE DAFO

ANÁLISE DAFO: CAMIÑOS DE SANTIAGO

ANÁLISE INTERNA		ANÁLISE EXTERNA	
DEBILIDADES	✓ Canles de comunicación e colaboración escasas e ineficaces entre os axentes involucrados na xestión e posta en valor dos Camiños (2) ✓ Escasa promoción dos valores naturais (árbores e formacións singulares, espazos naturais...) e do patrimonio inmaterial, paisaxístico e gastronómico do Camiño (2) ✓ Limitacións frecuentes para facer o Camiño en bicicleta (molestia aos peregrinos que van a pe, estreiteza, pavimento en mal estado, etc.) (2) ✓ Falta de uniformidade no estado dos Camiños e dispar dotación de recursos/servizos dos distintos itinerarios (4) ✓ Dificultades no acceso a recursos patrimoniais (Igrexa) e na homoxeneización de información (web/app) e sinalización (4)	AMEAZAS	✓ Presenza frecuente de infraestruturas enerxéticas ou viarias, plantacións forestais de especies alóctonas, explotacións mineiras a ceo aberto, etc. visibles dende o Camiño, o que degrada os seus extraordinarios valores paisaxísticos (1) ✓ O recoñecemento e promoción de outras rutas de peregrinación nos mercados prioritarios dos Camiños con capacidade de atracción (3) ✓ Competencia con outras experiencias/rutas con mellor dotación de servizos e información (4) ✓ Proliferación dunha visión de negocio simplista do Camiño e a sobreexplotación como reclamo de atracción de vistantes (4) ✓ Desequilibrio na afluencia/fluxo mensual de peregrinos/as - masificación estival e estacionalización da peregrinación- (4) ✓ Falta de implicación e concienciación da poboación local no coñecemento e xestión da historia do Camiño (4) ✓ Desequilibrio na afluencia/fluxo mensual de peregrinos/as con masificación estival e estacionalización - capacidade albergues (4) ✓ Crecente interese polo Camiño dun perfil lowcost, de masas e afastado da peregrinación (4)
	✓ Marco normativo forte e completo que recoñece, delimita e regula as competencias entorno aos Camiños (1) ✓ Existencia dunha extensa rede de infraestruturas de atención ao peregrino de calidade (1) ✓ Os 9 itinerarios atravesan 19 conxuntos históricos declarados e en proceso de rehabilitación patrimonial e económica, extraordinariamente atractivos para o peregrino/a (2) ✓ Recoñecemento Patrimonio Mundial e Itinerario Cultural Europeo (4) ✓ Valores esenciais asociados ao Camiño: hospitalidade, universalidade, acollida, etc. (4) ✓ Riqueza patrimonial dos diferentes Camiños: paisaxismo, arquitectura, historia ou cultura (4) ✓ Consolidación de infraestruturas e servizos entorno aos Camiños (4) ✓ Capacidade para xerar interese e atraer peregrinos/as dende calquera lugar do mundo - boa valoración rede de aloxamentos (4)		✓ Os Camiños como elementos vitalizadores de áreas rurais que sofren envellecemento e perda demográfica (1) ✓ Os eventos gastronómicos como oportunidade para a desestacionalización e a diversificación da experiencia de peregrinar (2) ✓ Numerosos elementos do patrimonio público municipal sen uso, como oportunidade para dotar de servizos aos itinerarios (2) ✓ Fontes de financiamento europeo e aliñamento con 6 dos ODS da Axenda 2030 (3) ✓ Estratexias de promoción cruzada con outras rutas de peregrinaxe europeas e internacionais, abarcando mercados complementarios (3) ✓ Diversidade de Camiños e maneiras de percorrelos, xerar experiencias para diferentes perfís de peregrinos/as (4) ✓ Crecente interese por ocio ao aire libre, contacto coa natureza e experiencias singulares (4) ✓ Oferta atractiva tras a chegada a Santiago de Compostela - diversidade de alternativas- (4)
FORTALEZAS		OPORTUNIDADES	

Fonte: Elaboración propia

DEBILIDADES

Considéranse cuestións intrínsecas aos Camiños de Santiago, variables internas que dependen da xestión e desenvolvemento dos mesmos e nas que hai capacidade para influír, para emendalas ou abordalas dende as entidades e axentes capacitados para a súa corrección, xa que se conforman como puntos débiles.

Unha das principais debilidades se obsérvase en relación ós **Canles de comunicación e colaboración escasos e ineficaces entre os axentes involucrados na xestión e posta en valor dos Camiños** xa que a existencia de diferentes Administracións públicas implicadas nos Camiños de Santiago, tanto en Galicia como fóra da Comunidade, así como asociacións e outras entidades con intereses comúns pero tamén diferenciados, afecta á coordinación, diálogo e execución de accións coherentes e co mesmo enfoque, en procura da eficiencia e a eficacia no investimento de recursos e na divulgación á poboación local.

Outra cuestión que se identifica como unha debilidade é a referida á **Escasa promoción dos valores naturais (árbores e formacións singulares, espazos naturais...) e do patrimonio inmaterial, paisaxístico e gastronómico do Camiño**, que son reclamos fundamentais para a peregrinación e que non se potencian da maneira máis rendible como atractivos dos Camiños, sendo un interese crecente entre a poboación e entre quen peregrina.

As **Limitacións frecuentes para facer o Camiño en bicicleta (molestia aos peregrinos que van a pé, estreiteza, pavimento en mal estado, etc.)** tamén mostran unha debilidade na promoción e posta en valor dos Camiños limitando a experiencia dos/as peregrinos e xerando certas dificultades á hora de optar por outras formas de facer o Camiño que non sexa a pé, e reducindo o fluxo de peregrinación que opta por esta fórmula.

A **Falta de uniformidade no estado dos Camiños e dispar dotación de recursos/servizos dos distintos itinerarios** é unha cuestión que afecta á percepción xeral dos Camiños e que xera saturación nalgúns itinerarios e desequilibrio na chegada de peregrinos/as fronte a outros Camiños que teñen menor atractivo para realizar o Camiño.

DEBILIDADES

- ✓ Canles de comunicación e colaboración escasas e ineficaces entre os axentes involucrados na xestión e posta en valor dos Camiños (2)
- ✓ Escasa promoción dos valores naturais (árbores e formacións singulares, espazos naturais...) e do patrimonio inmaterial, paisaxístico e gastronómico do Camiño (2)
- ✓ Limitacións frecuentes para facer o Camiño en bicicleta (molestia aos peregrinos que van a pé, estreiteza, pavimento en mal estado, etc.) (2)
- ✓ Falta de uniformidade no estado dos Camiños e dispar dotación de recursos/servizos dos distintos itinerarios (4)
- ✓ Dificultades no acceso a recursos patrimoniais (Igrexa) e na homoxeneización de información (web/app) e sinalización (4)

Entre as principais debilidades destacan a **conservación dos Camiños**, entendendo que requiren de esforzos e investimento para a súa conservación e que a meteoroloxía adversa en moitos meses do ano en Galicia dificulta o seu mantemento, requirindo supervisión e melloras de maneira continua.

Outra das debilidades detectadas refírense ás **Dificultades no acceso a recursos patrimoniais (Igrexa)**, fundamentalmente arquitectónicos ou de infraestruturas culturais, no percorrido que os/ as peregrinos/ as realizan a través das distintas localidades pola que transcorren os Camiños de Santiago.

En relación a isto obsérvanse tamén **Dificultades e na homoxeneización de información (web/app) e sinalización** que aglutine a información actualizada dos distintos Camiños de Santiago, os servizos e ofertas que lles caracterizan, así como os recursos materiais e inmateriais e os seus horarios e condicións de visita ou acceso, representan unha limitación para a experiencia do peregrino/a e a excelencia da mesma.

AMEAZAS

Refírese a cuestións extrínsecas aos Camiños de Santiago, que aínda que son externas á xestión da política que se desenvolve en relación aos Camiños si é preciso telas en conta e atender ao grao de afectación que poidan ter na posta en valor dos mesmos e a atracción de peregrinación.

Unha das ameazas aos Camiños de Santiago é a **Presenza frecuente de infraestruturas enerxéticas ou viarias, plantacións forestais de especies alóctonas, explotacións mineiras ao descuberto., etc. visibles dende o Camiño, o que degrada os seus extraordinarios valores paisaxísticos** e que xera un impacto negativo na contorna dos Camiños e na percepción como itinerario singular de peregrinación.

Unha das principais ameazas coas que se enfrontan os Camiños de Santiago é o auxe do interese da poboación polas experiencias de lecer e aventura ao aire libre, o crecente interese polo medio ambiente e a natureza na súa **Competencia con outras experiencias/rutas con mellor dotación de servizos e información**, que poida experimentar

unha maior demanda e teñan servizos e información máis consolidados, converténdose nun reclamo que xera competencia con respecto aos Camiños de Santiago.

Esta ameaza está directamente relacionada coa que se describe a continuación e que fai mención

AMEAZAS

- ✓ Presenza frecuente de infraestruturas enerxéticas ou viarias, plantacións forestais de especies alóctonas, explotacións mineiras a ceo aberto, etc. visibles dende o Camiño, o que degrada os seus extraordinarios valores paisaxísticos (1)
- ✓ O recoñecemento e promoción de outras rutas de peregrinación nos mercados prioritarios dos Camiños con capacidade de atracción (3)
- ✓ Competencia con outras experiencias/rutas con mellor dotación de servizos e información (4)
- ✓ Proliferación dunha visión de negocio simplista do Camiño e a sobreexplotación como reclamo de atracción de vistantes (4)
- ✓ Desequilibrio na afluencia/fluxo mensual de peregrinos/as - masificación estival e estacionalización da peregrinación- (4)
- ✓ Falta de implicación e concienciación da poboación local no coñecemento e xestión da historia do Camiño (4)
- ✓ Desequilibrio na afluencia/fluxo mensual de peregrinos/as con masificación estival e estacionalización - capacidade albergues (4)
- ✓ Crecente interese polo Camiño dun perfil lowcost, de masas e afastado da peregrinación (4)

ao feito de que no intento por acaparar e rendibilizar os Camiños de Santiago haxa **Proliferación dunha visión de negocio simplista dos Camiños e a sobreexplotación como reclamo de atracción de visitantes**, sen atender aos valores propios dos Camiños, á singularidade da peregrinación e mesmo respecto diso por ela, xurdindo iniciativas enfocadas a un perfil turístico que pretenda obter rendemento da chegada de visitantes sen ordenamento, calidade na oferta e excelencia na experiencia que viven ao longo dos Camiños de Santiago.

Por outra banda, hai que destacar que a atracción de visitantes sen unha planificación adecuada, sen estar integrada na xestión global dos Camiños representa unha ameaza na medida que é capaz de xerar **Desequilibrio na afluencia/fluxo mensual de peregrinos/as -masificación estival e estacionalización da peregrinación-** e, polo tanto, de xerar efectos de masificación e de rexeitamento ao turismo en masa por parte da poboación local.

E nesta última, entre a poboación local, tamén se albisca unha posible ameaza na **Falta de implicación e concienciación da poboación local no coñecemento e xestión da historia dos Camiños**, os seus valores e tradicións, así como á xestión e acollida dos/ as peregrinos/ as. Falta de implicación e concienciación da poboación local no coñecemento e xestión da historia dos Camiños.

Os cambios nas preferencias dos viaxeiros, o incremento da demanda de experiencias vacacionais de menor custo derivadas dos períodos de crise económica ou a tendencia de procurar aventuras e ocio en espazos abertos e en contacto coa natureza, a raíz da crise sanitaria mundial pola pandemia de covid-19, puideron contribuír a que os Camiños de Santiago teñan un **Crecente interese polo Camiño dun perfil lowcost, de masas e afastado da peregrinación**.

FORTALEZAS

Entendendo estas como aqueles elementos intrínsecos, son os puntos fortes da xestión dos Camiños que se contraponen ás súas Debilidades (puntos débiles) e que representan os elementos máis sólidos sobre os que seguir traballando e promocionando con éxito os Camiños de Santiago.

